



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL en Pleno o 30 de abril de 2020

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria do 30 de abril de 2020, ás 12:00 horas.

ASUNTOS

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

1. Aprobación da proposta da Presidencia sobre ratificación do carácter ordinario da sesión do Pleno do día 30 de abril de 2020.

Información e actas

2. Aprobación da acta da sesión anterior, número 3/20, de 28 de febreiro.

3. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 22 de febreiro de 2020 ata o 23 de abril de 2020

Comisión de Benestar Social e Educación

4. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Culleredo para cofinanciar o Mantemento xeral e reserva de cinco prazas no Centro Ocupacional "A Escada" no ano 2020 e do correspondente convenio.

5. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Consorcio As Mariñas para cofinanciar o Mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica social especializada no ano 2020 e do correspondente convenio de colaboración.

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

6. Aprobación definitiva do proxecto da obra Mellora do trazado na DP 2403 pq 4+680 ao 4+925 (Cerceda), incluído no Plan VIPI 2019

7. Aprobación do proxecto de construción mellora da intersección da estrada DP 1703 Espiritu Santo a Fraís pq 2+500 coa estrada AC-214 Guisamo-Sigrás (Cambre), actualización conforme a informe da Axencia Galega de Infraestructuras, incluído no Plan de Inversións de Vías Provinciais 2017

8. Aprobación do Plan de Inversións en Vías Provinciais 2020, primeira fase

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

9. Aprobación dun Convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o concello de a Coruña para a aportación do medio propio "Empresa de Transformación Agraria S.A, SME, MP (TRAGSA)" para a realización de actuacións urxentes medioambientais, de salubridade pública e ornato no municipio da Coruña.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

10. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Saneamento na Castañeda" do Concello de Arzúa, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 18.2000.0119.0, levantamento das condicións ás que quedou sometida e aprobación definitiva desta obra.

11. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Estrada local de N-634 a cruce de Sar", do Concello do Pino, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2018 1ª fase, co código 2018.2001.0700.0

12. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Estrada local de cruce de Sar a Quintáns", do Concello do Pino, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2018 1ª fase, co código 2018.2001.0701.0

13. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Estrada local de Quintáns a limite Concello de Oroso", do Concello do Pino, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2018 1ª fase, co código 2018.2001.0702.0

14. Aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e do POS+Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles

15. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Cubrición de área de xogos, ordenación e implantación de elementos no parque infantil da Praza de Chavián en Bertamiráns", do Concello de Ames, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0404.0.

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

16. Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da Liquidación da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes (Consortio provincial contra incendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao exercicio de 2019, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información prevista na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

17. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de febreiro de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consortio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 29 de febreiro de 2020.

18. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de marzo de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de marzo de 2020.

19. Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo 2021-2023.

20. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 2/2020 de aprobación polo Pleno

21. Dación de conta da información, relativa o Orzamento Provincial e o do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e as Contas Anuais da Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) para o exercicio 2020, rendida ao Ministerio de Facenda en cumprimento da Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información establecidas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

22. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial contra incendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2020, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

23. Aprobación dun novo regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal da Deputación Provincial da Coruña.

24. Aprobación da modificación do anexo I do Regulamento de actualización da identidade visual da Deputación Provincial da Coruña.

25. Aprobación do nomeamento de representante da Deputación en Organismos externos.

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

26. Aprobación do Plan de Emprego Local (PEL) 2020-2023

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS

Moción do Grupo provincial de Alternativa dos Veciños para rendibilizar o remanente de tesourería da Deputación Provincial da Coruña

Moción do Grupo provincial de Marea Atlántica contra os parques eólicos na comarca de Ordes

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Moción conxunta do Grupo Provincial do BNG, Grupo Provincial Socialista , o Grupo Provincial Popular, o Grupo Provincial da Marea Atlántica e o Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños sobre a derogación da Lei Montoro

ROGOS E PREGUNTAS

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL en Pleno o 30 de abril de 2020 de forma telemática.

O día 30 de abril de 2020, reúnese a Excma. Corporación provincial de forma telemática para celebrar sesión ordinaria.

Preside: Don Valentín González Formoso, Presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Manuel María Durán Guillán	PP
Don Antonio Fernández Angueira	PP
Don Jose Luis Fernández Mouriño	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Dona Dalia García Couso	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Don José Pablo González Cacheiro	PP
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María Beatriz Molinos Vidal	PP
Don José Muiño Domínguez	PP
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

Actúa como secretario: Don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:05 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Empezamos en primeiro lugar, por acordo de todos os portavoces, cun minuto de silencio por todas as vítimas, todos os mortos falecidos nesta pandemia que azouta o mundo e, á vez, tamén recordando o bombeiro falecido do Consorcio que en labores de desinfección no cárcere de Teixeira, morreu onte en itínere cando volvía ao parque de Arzúa.

(Gárdase un minuto de silencio)

1.- Aprobación da proposta da Presidencia sobre ratificación do carácter ordinario da sesión do Pleno do día 30 de abril de 2020.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme a redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial;

Considerando que a obrigatoriedade da celebración das sesións ordinarias reflicte o principio, consubstancial ao pluralismo democrático, da participación dos grupos minoritarios no funcionamento das institucións representativas segundo ten declarado a xurisprudencia- e que ese aspecto substancial debe primar sobre a cualificación formal do artigo 46.1 LBRL que caracteriza como sesións ordinarias as de periodicidade preestablecida, sen prexuízo de que este último aspecto deba ponderarse razoablemente en cada caso concreto;

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno do mes de marzo non chegou a

celebrarse como consecuencia da declaración do estado de alarma por emerxencia sanitaria, acordada polo Goberno de España en Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo de abril, que pretendía afrontar unha situación de crise grave e excepcional e que, máis tarde, o Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, permitiu celebrar sesións telemáticas dos órganos colexiados das entidades locais nos supostos e coas condicións que, en aplicación concreta nesta Deputación, recolle a Resolución da Presidencia núm. 2020/12762, do 13 de abril, coa esixencia ineludible de garantir a seguridade tecnolóxica mediante probas dos diferentes sistemas de teleconferencia sosegadas, moi caviladas e de realización espaciada no tempo, polo que non foi posible preparar a sesión plenaria para o día preestablecido do 24 de abril,

Polo tanto, como excepción singular do réxime ordinario de sesións establecido polo Pleno en sesión do 23 de xullo de 2019,

O PLENO adopta o seguinte acordo

Ratificar o carácter ordinario da sesión telemática do Pleno da Deputación Provincial que se celebra o día 30 de abril de 2020, xoves, a partir das doce horas, convocada pola Presidencia como sesión ordinaria correspondente ao cuarto mes de 2020."

2.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 3/20, de 28 de febreiro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 3/20, de 28 de febreiro.

3.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 22 de febreiro de 2020 ata o 23 de abril de 2020

Dáse conta ao Pleno das resolucións da Presidencia desde o 22 de febreiro de 2020 ata o 23 de abril de 2020.

4.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Culleredo para cofinanciar o Mantemento xeral e reserva de cinco prazas no Centro Ocupacional "A Escada" no ano 2020 e do correspondente convenio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 70.000,00 €, ao Concello de Culleredo para cofinanciar o mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no Centro Ocupacional "A Escada" no ano 2020, cun orzamento subvencionado de 148.130,08 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 14 de abril de 2020.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no centro ocupacional "A Escada" no ano 2020*

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Concello de Culleredo.

EXPOÑEN

Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 de 16 de marzo.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

Na lei de servizos sociais para Galicia 13/2008, art. 63 menciónanse as competencias da Deputación no apoio xurídico económico e técnico cara aos concellos, nos temas da súa competencia, sendo os programas de inserción e integración das persoas con discapacidade de competencia dos concellos, polo que está xustificada o apoio desta Deputación para levar adiante o programa de actividades do que se trata no convenio, consistente en facilitar ás persoas con diversidade funcional o acceso a actividades ocupacionais, o que supón unha actividade de integración e de mellora da calidade de vida destas.

Que o Concello de Culleredo no ámbito das súas competencias, ten un Centro ocupacional para persoas adultas con discapacidade intelectual, denominado “A Escada”.

Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Culleredo, con CIF: P1503100H, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no centro ocupacional “A Escada” no ano 2020.*

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Culleredo.

O Concello de Culleredo desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
Gastos de persoal	Pedagoga	49.084,09 €
	Monitora taller	28.192,52 €
	Auxiliar socioeducativa	23.290,06 €
	Auxiliar administrativa	3.950,05 €
	Conserxe	1.888,26 €
	Xefa de Sección de Atención especializada	10.525,10 €
Mantemento de edificio e maquinaria	Mantemento alarma e reparacións eléctricas, maquinaria taller, mantemento calefacción, contenedores hixiénicos, extintores, fontanería, pintura do centro, etc	6.700,00 €
Subministracións	Obradoiros artesanía, cociña, teléfono, vestiario, farmacia, gas, luz, etc	500,00 €

Transporte		14.500,00 €
Seguros		800,00 €
Gastos diversos	Gastos banco, etc	600,00 €
Traballos a realizar por outras empresas	- Obradoiro físico deportivo	1.970,00 €
	- Obradoiro de artesanía	5.570,00 €
Dietas		560,00 €
TOTAL GASTOS		148.130,08 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **70.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 47,25 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 47,25 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201 , na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Culleredo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Culleredo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Culleredo, nin con calquera outra na que conorra algunha

das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrência.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer as *actividades do Concello de Culleredo*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

O logotipo da Deputación Provincial da Coruña debe figurar na paxina web de inicio do Centro Ocupacional A Escada.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Culleredo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Culleredo do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2019.

* **Orzamento** da entidade para o exercicio 2020, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal do Concello de Culleredo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2020.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Culleredo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2021**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Concello de Culleredo para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Culleredo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade

financeira indicada polo Concello de Culleredo.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Concello de Culleredo terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Culleredo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Culleredo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Culleredo deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Culleredo poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Culleredo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso,

segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Culleredo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Culleredo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2021** e terá

efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2020.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Culleredo, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

5.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Consorcio As Mariñas para cofinanciar o Mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica social especializada no ano 2020 e do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 60.000,00 €, ao Consorcio As Mariñas para cofinanciar o *Mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica social especializada no ano 2020*, cun orzamento subvencionado de 81.582,72 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 14 de abril de 2020.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio As Mariñas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Mantemento do Servizo de asesoría xurídica social especializada no ano 2020*.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Consorcio As Mariñas.

EXPOÑEN

Que a Excm. Deputación Provincial é competente para proporcionar apoio técnico económico e xurídico aos concellos na execución das súas competencias en servizos sociais, e o fomento da prestación unificada destes ao amparo do disposto na Lei de Bases de réxime Local, 7/85, art. 36, na Lei de Administración Local de Galicia 5/97 arts 109 a 119, así como na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art 63 a cal establece que as deputacións proporcionaránlles asistencia aos concellos, especialmente para a prestación de servizos sociais

Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan

subscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Consortio As Mariñas**, con CIF: P1500011J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Mantemento do Servizo de asesoría xurídica social especializada no ano 2020*.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Consortio As Mariñas.

O Consortio as Mariñas desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

DATOS POSTO	CUSTOS SALARIAIS				TOTAIS	
	SALARIO BASE	PAGA EXTRA	BRUTO MENSUAL	COTA PATRONAL	GASTO TOTAL MES	GASTO TOTAL ANUAL
ASESOR/A XURIDICO/A	1.621,77 €	270,30 €	1.892,07 €	619,65 €	2.511,72 €	30.140,64 €
ASESOR/A XURIDICO/A	1.621,77 €	270,30 €	1.892,07 €	619,65 €	2.511,72 €	30.140,64 €
AUXILIAR ADMTVO./A	1.147,46 €	191,24 €	1.338,70 €	436,42 €	1.775,12 €	21.301,44 €
TOTAL GASTO						81.582,72 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 73,54 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 73,54 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación

orçamentaria 0611/23121/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Consorcio As Mariñas obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Consorcio As Mariñas.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Consorcio As Mariñas, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer as actividades do Consorcio As Mariñas no ano 2020, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

O logotipo da Deputación Provincial da Coruña debe figurar na paxina web de inicio do Consorcio As Mariñas.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio As Mariñas.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Consorcio As Mariñas do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar.

O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

- * **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2019.
- * **Orzamento da entidade** para o exercicio 2020, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.
- * **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

- * **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal do Consorcio As Mariñas, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- * **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- * **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2020.

- * **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.
- * **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- * **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.
- * **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están

descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Consorcio As Mariñas deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2021**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Consorcio As Mariñas para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Consorcio As Mariñas da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio As Mariñas.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Consorcio As Mariñas terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Consorcio As Mariñas deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Consorcio As Mariñas destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos

que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio As Mariñas deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio As Mariñas poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio As Mariñas queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a

identificación do Consorcio As Mariñas serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio As Mariñas será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2021** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2020.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2021 autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Consorcio As Mariñas, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como

consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

6.- Aprobación definitiva do proxecto da obra Mellora do trazado na DP 2403 pq 4+680 ao 4+925 (Cerceda), incluído no Plan VIPI 2019

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a PRIMEIRA RELACION DO PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2019 SEGUNDA FASE cun orzamento total de 166.095,33.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900
19.1110.0008.0	MELLORA TRAZADO DP 2403, P.K. 4+680, 4+925	CERCEDA	166.095,33
TOTAL			166.095,33

2.- Expor ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

7.- Aprobación do proxecto de construción mellora da intersección da estrada DP 1703 Espiritu Santo a Fraís pq 2+500 coa estrada AC-214 Guisamo-Sigrás (Cambre), actualización conforme a informe da Axencia Galega de Infraestructuras, incluído no Plan de Inversións de Vías Provinciais 2017

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Modificar o Plan de Vías Provinciais 2017, 9ª Fase aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 22 de decembro de 2017, no sentido que o proxecto DP 1703.- PROXECTO DE CONSTRUCCION: MELLORA DA INTERSECCION DA ESTRADA DP 1703 ESPIRITU SANTO A FRAIS PQ 2 500 COA ESTRADA AC-214 GUISAMO-SIGRAS (CAMBRE) déixase sen efecto para incluír un novo proxecto que recolle as observacións indicadas pola Axencia Galega de Infraestruturas.

2º.- Aprobar o Proxecto de Actualización do Proxecto de DP 1703.- PROXECTO DE CONSTRUCCION: MELLORA DA INTERSECCION DA ESTRADA DP 1703 ESPIRITU SANTO A FRAIS PQ 2 500 COA ESTRADA AC-214 GUISAMO-SIGRAS (CAMBRE), código 2017.1110.24.0 cun orzamento de contrata de 333.552,75 € que non supón variación económica con respecto ao aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 22 de decembro de 2017, integrándose no Plan de Vías Provinciais 2017, 9ª Fase.

3º.- Expor ao público o proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

4º.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

8.- Aprobación do Plan de Inversións en Vías Provinciais 2020, primeira fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2020 PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 307.989,15.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900
2020.1110.0001.0	Pasarela peonil na DP 5403 pq 1+080 sobre linea FEVE	Narón	307.989,15

2.- Expor ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

9.- Aprobación dun Convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o concello de a Coruña para a aportación do medio propio "Empresa de Transformación Agraria S.A, SME, MP (TRAGSA)" para a realización de actuacións urxentes medioambientais, de salubridade pública e ornato no municipio da Coruña.

INTERVENCÍONS

Sr. Lema Suárez

En primeiro lugar quería manifestar as nosas condolencias a todas as persoas que perderon algún familiar ou unha persoa querida durante a pandemia e enviarlles tamén unha mostra de afecto da nosa parte. En segundo lugar, comunicar tamén a nosa gratitude a todo o persoal do sector sanitario que, de xeito heroico, defendeu as nosas vidas durante a crise. Hai moitas leccións que tiraremos desta pandemia pero unha delas, sen dúbida, é a da necesidade de contar cun servizo sanitario público, universal e de calidade. En terceiro lugar, enviar tamén unha mensaxe de cariño e ánimo aos nosos maiores, sobre todo a aqueles que padeceron esta situación confinados nun centro para a terceira idade, que puxeron de manifesto tamén o desleixo nas políticas públicas destinadas ao seu coidado. Por último, quería dirixirme a todos os traballadores por conta allea e autónomos da nosa provincia, para manifestarlles o compromiso da Marea Atlántica de traballar lealmente co goberno provincial nestes momentos, co obxectivo de poñer ao seu servizo os maiores recursos posibles para facilitar a saída da crise.

Sobre o asunto que agora debatemos, debo dicir en primeiro lugar que hoxe non deberíamos de estar a tratar este punto, que este Pleno da Deputación Provincial da Coruña debería estar dedicado, case en exclusiva, a tratar das medidas destinadas a minimizar o impacto da crise económica producida polo coronavirus na clase traballadora, nos autónomos e nas PEME. Debería estar centrado en medidas que felizmente están recollidas na orde do día desta sesión como son, por exemplo, a modificación das bases do Plan único de obras e servizos, que inclúe a posibilidade de financiar gasto corrente e tamén gasto social nos nosos concellos, ou a modificación das bases do Plan de emprego local para atender as novas necesidades derivadas do embate do coronavirus, pero non é así. Lamentablemente hoxe traemos a este Pleno unha cuestión que está fóra de lugar e fóra de tempo, unha cuestión que non delata máis que a vontade do Partido Socialista da Coruña de trasladar ao ámbito provincial a súa campaña electoral de maio de 2019, mesmo ao prezo de obrigar a esta entidade a asinar un convenio para encomendarlle a TRAGSA unha actuación que non está prevista nos seus estatutos, como é a de intervir emisións de limpeza nunha gran cidade, ademais das moitas outras dúbidas e incertezas detectadas polo secretario provincial no seu informe de 27 de febreiro, e corroboradas todas elas polo interventor desta Corporación no seu informe complementario do 13 de marzo, do que paso a facer escolma das máis relevantes.

Primeira, a ausencia da relación de cooperación entre as partes propia dun convenio entre dúas administracións; segundo, a ausencia dun protocolo para regular e determinar a relación entre TRAGSA e a Deputación; terceira, o difícil encaixe das accións encomendadas no obxecto social de TRAGSA; cuarta, a falta de acreditación dunha urxencia incompatible coa tramitación dos procedementos de contratación pública, pois o contrato de limpeza da Coruña non estaba nin deserto nin resolto no momento do inicio deste expediente, senón en situación de prórroga forzosa, e hoxe en proceso de adxudicación; quinto, o dubidoso carácter medioambiental das actuacións encomendadas; sexto e último, a falta de motivación e acreditación da maior eficiencia da utilización de TRAGSA fronte á contratación dun terceiro.

Só a obstinación do PSOE da Coruña explican que esteamos tratando hoxe e debatendo neste Pleno un asunto que, repito, non debería ter chegado nunca ata aquí. Obstinación e incapacidade para resolver polos seus propios medios, é dicir, polo Servizo de Contratación do Concello da Coruña, os compromisos adquiridos na súa campaña electoral de 2019, e que non poderían executar sen incorrer nunha duplicidade fragrante ao tentar contratar dúas veces o mesmo servizo, pois o contrato de limpeza do Concello da Coruña atopábase en situación de prórroga forzosa no momento de inicio deste expediente, e está xa agora en proceso de adxudicación.

É por esta razón, porque non é legalmente posible contratar estes servizos de reforzo da limpeza desde o Concello da Coruña pola que se vota hoxe na Deputación da Coruña coa complicidade necesaria de todo o equipo de Goberno, incluído un BNG provincial que parece desoír hoxe completamente as razóns sobre este asunto do seu homólogo municipal. Así, a Deputación vese rebaixada pola vía dos feitos ao dun simple ente instrumental do Concello da Coruña, como así se denuncia nos informes da Intervención e Secretaría, dos que antes citei simplemente os puntos máis relevantes.

Por todos estes motivos, reclamámoslle á Deputación que retire este asunto da orde do día, que non sexa cómplice dunha operación que non ten máis obxecto que o

de eludir os requisitos en materia de transparencia e libre concorrència que esixe a contratación pública, tal e como se fai de xeito escrito no informe-proposta do Servizo de Medio Ambiente do Concello.

Por todas as razóns previamente expostas solicitamos, polo tanto, a retirada deste punto da orde do día.

Sr. Penas Corral

Como xa comentei na Comisión correspondente hai dúas semanas, eu non vou entrar nas loitas políticas entre a Marea, PSOE e o PP no Concello da Coruña, penso que este non é o lugar adecuado, estamos no Pleno da Deputación. Eu podo entender perfectamente as argumentacións que dá a Marea Atlántica, non entendo a mención que fai ao noso concelleiro na Deputación da Coruña, de igual xeito que non vou poñer en dúbida que A Coruña estea máis sucia ou menos sucia polo anterior goberno municipal, esa non é a función que nos toca a nós.

En canto ao que son os feitos concretos, o argumentario vaise basear nas partes técnicas que é o que nos refire a nós como Deputación e ao traballo realizado polos técnicos da Deputación. O Concello da Coruña solicitou con data de 17 de xaneiro a formalización dun convenio, non dunha encomenda, dun convenio de colaboración entre o propio Concello da Coruña e a Sociedade TRAGSA, do cal a Deputación ten unha acción. A acción tena desde hai practicamente un ano, non desde hai vinte anos como parecía poñer na prensa por algunha filtración o outro día. Estas actuacións son un reforzo do actual contrato, que parece ser que agora está prorrogado, e moi concreto e tal como están especificadas na memoria que nos achega o Servizo do propio Concello. As actuacións arguméntanse na necesidade dunha situación de urxencia e para completar actuacións que palíen e corríxan a situación de falta de hixiene con risco de insalubridade e impacto medioambiental, co cal a argumentación da urxencia, e segundo os nosos técnicos, parece estar argumentada. O traballo sempre sería por un máximo de seis meses e cun custo que vén tamén limitado. Entendemos que a nova situación, por desgraza, vai permitir, ou non vai ser necesario que se teña que recorrer a seis meses.

Tal e como sempre fan os nosos servizos da Deputación, e dado que entre as nosas funcións como Institución é a prestación de servizos aos concellos, sexan pequenos, sexan máis grandes, deuse curso á solicitude, ao igual que en tantos outros casos, do cal saíron os correspondentes informes, tanto do servizo de Asistencia Técnica, como o servizo de Patrimonio e Contratación, no que se daba constancia, como comentei antes, da realidade da urxencia e da necesidade dunha intervención de choque, de carácter extraordinario e con mellor desenvolvemento dos traballos ordinarios. Evidentemente, os nosos servizos fixeron a correspondente valoración pero non foron a mirar rúa por rúa, todo o que si que se fixo realmente un traballo nesa materia.

Moitas veces chegan ás nosas Comisións, aos nosos Plenos, solicitudes dos diferentes concellos en materia de axuda, mesmo de encomenda, solicitudes nas que si que hai un importe a desembolsar por parte da Deputación e que nese caso non existe como xa todos os deputados e deputadas sabedes.

Os informes de Secretaría, aos que fai relación Marea Atlántica, veñen con

data de febreiro, xa choveu un pouco, os mesmos de Fiscalización tamén veñen con data de febreiro, non falan en ningún momento de ilegalidade, que volveu a utilizarse a palabra "non é legal" neste Pleno, como se fixo o outro día na Comisión, non falan en ningún momento de ningunha ilegalidade, nin sequera fala de procedementos incorrectos, todo o contrario, o que si fala é a necesidade, obviamente, como comentou o deputado, de establecer un protocolo de actuación para as vindeiras ocasións da utilización do medio propio. Polo contrario, o informe de Fiscalización si que subliña textualmente que ningunha prestación, como comentei antes, se lle esixe á Deputación, sendo o seu labor estritamente de intermediación entre as partes interesadas, ou sexa, TRAGSA e o Concello, eu non vou facer aquí valoración da utilidade de TRAGASA porque considero que non é o foro axeitado para facer iso. De todos os informes derivan que lle corresponde ao Pleno da Deputación finalmente decidir sobre o asunto e valorar os informes favorables dos servizos correspondentes, porque hai informes con criterios desfavorables, non con reparos, e informes con criterios favorables, son tan importante uns coma son os outros. En canto á queixa de que non se aproba porque hai un informe desfavorable, entendendo a postura de cada Grupo, e como xa comentei na Comisión, como non pode ser doutro xeito, hai que lembrar a cantidade de convenios e de informes que chegan ata este Pleno con reparos, non con informes desfavorables, con reparos, e que Grupos que agora se escandalizan por eses informes, votaron no seu día a favor.

En canto á interpretación que fan de que o servizo de TRAGSA son prestación exclusiva no rural, eu fago referencia ao informe que nos chegou o día 28 de abril como argumentación ás cuestións referidas especialmente pola Secretaría e polo Grupo da oposición na pasada Comisión, na Disposición 24 da Lei 9/2017 dos contratos do sector público, na que se regula o réxime xurídico de TRAGSA e TRAGSATEC, no artigo 2 dos seus Estatutos sociais, afirma que "sen dúbida ningunha as actuacións incluídas no obxecto social poden desenvolverse tanto no ámbito rural como na contorna urbana, sen que a súa realización sexa condicionada pola cualificación urbanística do solo onde se van realizar". Así mesmo, o informe da Avogacía do Estado, 236/2019, establece que basta analizar o texto legal para decatarse de que o esencial son as actividades que se han desenvolver e non o lugar xeográfico no que se van desenvolver. Continúa dicindo este informe que se ben resulta claro que a norma reguladora limita a actividade no desenvolvemento rural e a conservación do medio, que é obxectivo básico e primordial, tales actividades son susceptibles de desenvolverse en calquera territorio estatal. Entendemos pois desde esta área dos servizos derivados, que a argumentación técnica está máis que xustificada e argumentada, así como a legalidade, insisto, a súa legalidade, e o sentido de xestión por parte desta institución, deixando exclusivamente a discusión do convenio, a parte política, que entendo que é a que nos volveu levar a este Pleno, que ao final ten que ser unha decisión do Pleno da Deputación o que dea validez a este convenio, insisto en que é un convenio.

Os nosos servizos, nós mesmos, non podemos valorar as loitas entre aspas políticas, obviamente lóxicas que pode haber entre os diferentes Grupos políticos no Concello da Coruña, polo tanto, nós como xa comentei na Comisión correspondente, solicitamos a aprobación do convenio que non ten custe, nin ningún traballo adicional para a Deputación, máis que mediar entre ambas institucións. Grazas.

Sr. Presidente

Quixera afondar no que acaba de explicar Xosé Luis moi sucintamente. Contestarlle a Alberto que a este Pleno veñen asuntos, todos eles son importantes, tanto os convenios nominativos que acabamos de votar, e agradecer a todos o voso apoio e a vosa unanimidade, como loxicamente os aspectos que ti dicías que inciden claramente no financiamento dos recursos dos concellos, a través da modificación das bases do Plan único, a partida adicional que imos aprobar hoxe. É importante sobre todo nestes momentos, se xa o era antes, tamén agora é importante a limpeza e desinfección das rúas, e a verdade que non imos sentirnos menosprezados por ser un ente instrumental dos concellos porque esa é a nosa función, creo que a Lei de bases de réxime local e o propio sentido común establece que a Deputación da Coruña está para asistir aos concellos, os concellos da súa provincia, e ademais especifica, con prioridade ou en especial, exactamente é a definición que fai, aos menores, en especial, non exclúe loxicamente os maiores. Nesta casa, historicamente, colabórase, e ti sábelo perfectamente, co Concello da Coruña en diversos aspectos, tanto financeiros como de asistencia técnica e outros múltiples, como ben sabes.

Polo tanto, eu quero agradecer o labor dos servizos, quero agradecer o labor do Servizo de Contratación, o labor da Secretaría, que fixo un informe desde a obxectividade máis absoluta que o caracteriza, cunhas conclusións alonxadas do capricho absolutamente e deixando claramente enriba da mesa varias cuestións. Analiza catro aspectos básicos da relación da Deputación cos concellos, o obxecto social da entidade prestataria, considerada medio propio pola Deputación, analiza tamén a substitución dun contrato no ámbito dos servizos públicos por un convenio de colaboración como este, a consideración propia de medio propio de TRAGSA e a necesidade de respectar a potestade de autoorganización da Deputación, establecendo un protocolo de integración definido propio na estrutura de recursos da Deputación. Sobre todo, deixa claro que practicamente todos os conceptos que analiza son conceptos que están abertos a interpretación, e que loxicamente a posición das doutrinas e incluso da xurisprudencia, non é pacífica, a nivel nin nacional nin europeo. En calquera caso establece finalmente que as circunstancias deben ser apreciadas pola Corporación provincial que está a debater o asunto, e posteriormente a Corporación municipal que ten que valorar o expediente, como ben dicía Xosé Luis, conta con distintos informes achegados tanto pola asesoría xurídica de TRAGSA, que como ben sabedes é unha empresa pública integramente, cen por cento, onde a Deputación está no accionariado, onde está a Xunta de Galicia tamén, e onde está loxicamente o Estado coa inmensa maioría do accionariado. A asesoría xurídica de TRAGSA non é unha asesoría xurídica convencional, senón que ten unha vinculación directa coa Avogacía do Estado. A Avogacía do Estado, aludía Xosé Luis Penas, que emite un informe, o 194, que nos remitiu hai escasamente uns días a propia asesoría xurídica de TRAGSA, onde di claramente a posibilidade e interpretación clara do obxecto social, creo que está moi trasnoitada a interpretación de que TRAGSA nos seus estatutos sociais só se refire ao ámbito rural. Ademais a vía dos feitos está así, é dicir, un dos exemplos que encontramos claramente no Boletín Oficial do Estado é a adxudicación non do Concello de Culebras de Arriba, nin do Concello das Pontes, senón do Tribunal de Contas de España que adxudica no ano 2018 por 685.000 euros a reforma integral da súa sede na rúa Fuencarral, 81, Madrid, quere dicir que iso de rural non ten moito, como tampouco ten moito de rural a demolición do hospital de Lugo, que acaba de encargar a Xunta de Galicia, como tampouco ten moito de rural a instalación de placas renovables en todo o teito de San Caetano que acaba de

adxudicar a Xunta de Galicia, como non ten moito de rural unha relación de trinta ou corenta posibilidades que aquí se establecen, concretamente con deputacións, consellerías correspondentes, concellos e administración xeral do Estado, que lle encarga no ámbito puramente urbano. A Avogacía do Estado establece claramente, como digo, nese informe a delimitación que pode prestar TRAGSA de servizos no ámbito urbano tamén.

Quere dicir que aquí nós estamos perfectamente convencidos do que se fai, creo que temos un medio propio desde hai un tempo cumprindo a normativa, cos informes favorables de todos os servizos, de Contratación, Secretaría, Intervención, coa autorización do Ministerio de Facenda, fixémonos accionistas en cumprimento da disposición adicional 24 da Lei de contratos do sector público, fixémonos accionistas e desde ese momento ten a consideración de medio propio de TRAGSA. Iso, como ben di o secretario nas súas apreciacións, non significa que poida facer TRAGSA calquera tipo de servizo en calquera circunstancia, non é así, imos respectar a autonomía local e imos seguir sendo un ente instrumental dos concellos, por moi grandes que sexan, internamente a Deputación si que é un criterio pacífico, acordado por sentido común, porque entendemos que TRAGSA desde o momento en que é medio propio non pode presentarse ás licitacións públicas da entidade da que loxicamente é medio propio, nosoutros somos poder adxudicador e TRAGSA é medio propio noso, non vén aquí a substituír ás empresas do tecido empresarial da provincia, nin debe ser así, ou loxicamente o criterio que temos na Deputación é utilizalo única e exclusivamente ese medio propio para atender urxencias en obras que nos queden colgadas ou en obras como, precisamente unha que denunciaba o Partido Popular, creo que Pablo, o alcalde de Oza, sobre Monfero, que caeu un talude e que loxicamente había unha urxencia enorme, pois utilizamos ese medio propio, nunha institución coma a nosa, que é a máis rigorosa probablemente de España desde sempre, pero que en calquera caso en contratación loxicamente sacrifícase ás veces tanta eficiencia, e non hai outra fórmula, e o proceso medio de licitación dunha obra pública chega ás veces aos catrocentos días, co cal hai buratos que non esperan nin por min, nin por Luis Jaime, nin polo secretario, e polo tanto, hai que tapalos. Para iso si que un medio propio ten sentido, e está un pouco dalgunha maneira acordado internamente, soamente para eses procesos. Agora ben, tamén anuncio que non quere dicir que, atendendo aos informes da Avogacía do Estado, que non o fai observando só a normativa estatal, senón a propia xurisprudencia, o tratado constitutivo da Unión Europea, a lexislación estatal, o propio Real decreto que regula o réxime xurídico dunha empresa pública como TRAGSA, etc., e xurisprudencia, como digo, do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, onde aclara claramente as posibilidades e as opcións de utilización de TRAGSA nos escenarios que claramente están delimitados.

Polo tanto, nós estamos totalmente convencidos da legalidade dun convenio que non lle custa un céntimo á Deputación, que ten a obriga de supervisar e que en calquera caso estamos convencidos de que, dentro da autonomía local do Concello da Coruña, e sobre todo tendo en conta o obxecto da prestación, é tamén urxente. Non somos nós quen determinamos a urxencia, pero si que a memoria técnica que achega un dos nosos usuarios ou clientes, como é o Concello da Coruña. Polo tanto, non se vai retirar ese punto, desde a convicción máis absoluta da legalidade deste punto e da necesidade de levalo a cabo.

Sra. Gallego Neira

Bos días a todos. Antes de nada, quería como Lema manifestar as nosas condolencias por parte do noso Grupo a todos os familiares dos falecidos, o agradecemento ao persoal sanitario, a todo o persoal que tivo que traballar e que saíu á rúa e o sigue facendo para manter, para axudar nesta pandemia, e ao persoal funcionario do concello por todo o traballo que lle demos todos durante estes días e porque seguen aí ao pé do canón.

Sr. Presidente

Persoal da Deputación.

Sra. Gallego Neira

Ao persoal da Deputación. Non vou explicar moito, non me vou estender moito, quero dicir, porque xa explicamos a nosa postura na Comisión, e remitímonos aos informes da Intervención e de Secretaría, eu creo que son moi claros, podemos falar da Unión Europea, do que nos dea a gaña. O noso voto non é un criterio político, o que imos seguir, eu onte aínda preguntei o custo económico que ten, para a Deputación é cero, para o Concello non sabemos se hai orzamento, tampouco se sabe o custo económico, porque é prorrogable por outros seis meses, ou sexa, quero dicir, a urxencia cun convenio prorrogable, relativa.

Non imos entrar en máis discusións, non estamos conformes co que aquí se expuxo, para nada, e seguimos mantendo o criterio que mantivemos na Comisión e, desde logo, dicirlle ao BNG que fale co Sr. Jorquera que foi o primeiro en saír dicindo que non estaba de acordo con este convenio e co sindicato de feito da empresa de limpeza viaria. Nada máis.

Sr. Lema Suárez

Brevemente, como réplica. Dúas cuestións, a Deputación non é un ente instrumental dos concellos, ten con eles unha relación de cooperación, unha relación de cooperación en base tamén a dous supostos, asistilos, cando se lles presuma a estes concellos unha insuficiente capacidade económica ou insuficiente capacidade de xestión, desde logo non entendemos que estes supostos sexan aplicables ao Concello da Coruña.

Indo á cuestión de se isto é un convenio ou unha maneira de eludir un contrato público que se deba facer a través dos medios dos que dispón o Concello da Coruña, que sería o Servizo de Contratación, evidentemente non se pode facer a través do Servizo de Contratación do Concello porque hai unha duplicidade manifesta no obxecto, por iso se bota man dun convenio, pero eu creo que tanto o secretario como o interventor da Deputación, eu descoñezo ese informe de 28 de abril, non está incorporado ao expediente, hai certa vantaxe facendo uso de argumentos que non están dispoñibles para todos nesta discusión, co cal prego que se poña a disposición ese informe do 28 de abril, como tamén prego que se poña a disposición o informe do secretario municipal do Concello da Coruña a este respecto, que se nos comentou que existía un informe, pero non está incorporado ao expediente.

En todo caso, dúas cuestións máis, o que din no seu informe tanto o secretario como o propio interventor, é o seguinte. Hai dous supostos nos que a consideración de urxencia motiva que TRAGSA poida actuar nun ámbito para o que non está deseñada, como é o ámbito urbano, eses dous supostos son nos que haxa unha situación de deserto nun contrato, é dicir, que haxa un servizo que non está sendo cuberto, un servizo esencial, como sen dúbida pode ser o servizo de limpeza, ou en segundo lugar que ese contrato fose resolto. Ningún destes dous supostos se daba no caso do Concello da Coruña, tanto no momento do inicio de expediente, porque había unha situación de prórroga forzosa, eu non entro a debater se a situación no Concello da Coruña é máis ou menos, ou sexa, a cuestión da limpeza, creo que é secundario, eu estou simplemente falando de se o procedemento que se escolleu, este procedemento administrativo que se vai votar agora é ou non o axeitado. Eses dous supostos, o do contrato deserto, ou contrato resolto, non se dan, porque había unha situación de prórroga forzosa, e agora hai unha situación de contrato en procedemento de adxudicación, co cal, eu non son xurista nin tampouco son en min mesmo un Tribunal administrativo, pero eu vexo, e ademais á vista dos bastante contundentes, diría eu, e claros informes, tanto de Secretaría como de Intervención, que hai moitas pégas, moitas dúbidas sobre, cando menos a corrección, se se quere, non digo a legalidade, deste procedemento. Por iso, a pesar de todos os argumentos que acabo de escoitar, ningún deles rebateu nin un só dos argumentos achegados pola Intervención e a Secretaría da Deputación, co cal nos mantémonos firmes na nosa posición, de que este asunto se se vota, que se vote, creo que é material de recurso administrativo, e eu aventuro que con moitas posibilidades de prosperar, pero nós seguimos mantendo a nosa posición. Graciñas.

Sr. Presidente

Antes de que fale Gelo, soamente un segundo. Dicir, Alberto, tes toda a razón do mundo no referido, e perdoa porque eu pensei que si tiñades acceso, que creo que antes de debater isto, si que é certa vantaxe, claro, o poder falar coa convicción que estamos falando ao ter os informes da Avogacía do Estado, a asesoría xurídica de TRAGSA, e o informe favorable do secretario do Concello da Coruña. Polo tanto, tes toda a razón do mundo, eu creo que cambiarías de opinión se os viras e polo tanto, é a explicación de que falemos con tanta convicción. En calquera caso tes o informe favorable tamén do Servizo de Contratación da Deputación da Coruña. Eu non teño ningún inconveniente en calquera caso, unha vez aprobado isto, en remitir este acordo con toda a documentación ao Tribunal de Contas, tamén como órgano asesor dos concellos, ou algún órgano consultivo, para que determine se este paso dado implica algunha irregularidade e que quede fixado o criterio, eu creo que probablemente non estea mal facelo para que non volvamos ter este debate, nin interno nin mediaticamente.

Sr. García Seoane

Eu creo que na Comisión deixei claro o que penso da empresa TRAGSA, como dixen na Comisión, un invento no seu día do Goberno de Madrid cando gobernaba o PSOE. O Goberno do PP cando entra fai un uso desmesurado de TRAGSA, non desbotou ese tipo de xestión con esa empresa que vale para todo, para un roto e para un descosido e, polo tanto, eu cando falo de TRAGSA tapo o nariz. Eu o que quero falar neste momento é do tema da Coruña.

A Coruña coa Marea foi vilipendiada, foi perseguida, foi acosada, non os eliminaron porque non puideron, e fixéronlles de todo, en concreto os problemas de lixo na Coruña a Marea supúxolle unha situación de perder incluso concelleiros nestas eleccións que houbo. Esa situación de acoso e derribo estivo baseado se a cidade era unha merda, se estaba chea de lixo por todas as esquinas, se había grafittis por todos os lados, etc., etc. Cada un fai a súa intervención, e Alberto fixo a súa, pero sabe que o que digo foi así, e todos sabemos que foi así, porque foi unha persecución infernal, desmesurada e A Coruña segue sucia porque o que se sacara agora despois de recurso, outro recurso, agora aínda está sen firmar, paréceme, o contrato coa empresa adxudicataria. Pode pasar de todo, xa sabemos como funcionan as cousas, e a min non me valen, nin os argumentos do presidente, nin os argumentos de Rosa, nin os de Alberto, de informes... este país, se sacamos algúns dos informes, funcionaría moito mellor, porque os informes ás veces son rectos e son para levar coas consecuencias que teñen que ter, pero hai un dito que di que "cada mestriño co seu libriño", e de feito na Deputación estamos dicindo unha cousa, os técnicos que foron serios e responsables, pero o presidente achega outra argumentación de avogados do estado, que manda c..., a metade dos avogados do Estado están metidos en política case todos, todos, no PP principalmente case todos os cargos que tiñan importantes eran de avogados do Estado, é tremendo. Polo tanto, eu sigo coa miña cos meus preceptos, eu quero A Coruña limpa, eu aínda que non teño concelleiros na Coruña, teño 3.000 cidadáns que me votaron, polo tanto, represento tamén a cidadáns da Coruña, e en Arteixo, que teño un concelleiro que me roubou o cargo de concelleiro, e o alcalde non o recoñece, sabendo que son un Partido que tivo alí 1.000 cidadáns que nos votaron.

Polo tanto, vou votar este tema polas razóns que estou dicindo, porque o importante é limpar a cidade dese lixo, de grafittis, desas zonas rurais que ten A Coruña, A Coruña ten zonas rurais, hai que recorrela, ao mellor algúns andan polos Cantóns nada máis, pero A Coruña ten, a zona de San Pedro dá vergoña vela, a zona de Elviña vella dá noxo vela, e así poderíamos falar de moitos lugares, plumachos pola zona da Gaiteira-Os Castros, a tomar polo saco. Polo tanto, hai que limpar, hai que limpar, hai que traballar e, xa digo, dáme noxo este tipo de empresa, espero que o fagan ben, que o contrato sexa lícito, que se siga ese contrato, pero eu vou votar que si a este asunto.

Sr. Penas Corral

Brevemente, moi breve, por alusións máis que nada. Primeiro, o que comentou Alberto, eu entendo cando fala de contrato por duplicidade, nós entendemos que neste caso non hai un contrato por duplicidade, senón que hai un contrato por complementariedade, a xente que ten adxudicado o contrato non foi quen de facer un servizo de limpeza total polo que sexa, nós non imos xulgar a anterior etapa municipal, igual que non xulgamos a de agora, iso por unha parte. Por outra parte, insistimos nos informes de Intervención, nos informes de Secretaría, que obviamente fixeron un traballo moi digno e moi válido, como sempre fan, pero tamén houbo un dobre traballo por parte do Servizo de Contratación onde se argumentan cada un dos puntos que ti expuxeches antes. Xa sei que collemos dos traballos o que nos interesa, pero un dobre traballo por parte do Servizo de Patrimonio e Contratación, á parte dos traballos posteriores da Avogacía e de TRAGSA, etc., pero non lle vou dar máis valor do que teñen os nosos servizos da casa.

E para rematar, as alusións que fixo o Partido Popular ao argumentario de Jorquera no Concello da Coruña, Jorquera, o noso compañeiro Jorquera, fixo un argumentario político, como lle corresponde facer, ao ser concelleiro no Concello da Coruña, como eu fago o argumentario político no Concello de Brión, agora tócame facer o argumentario técnico, que é o que estamos a discutir. Unha das argumentacións que puxo o Partido Popular na miña Comisión foi a mesma que alegou Alberto de que TRAGSA era unha empresa que traballaba para o rural, eu entendo que a Xunta cando faga as contratacións para Santiago, como están a facer, Santiago segue sendo unha cidade, máis ou menos pequena, pero segue sendo cidade, tampouco é rural, entón, se falamos un pouco de ser lóxicos, teríamos que ser lóxicos todos. Non é o momento de xulgar a TRAGSA nin de poñer en valor o que fai ou o que non fai, senón de dicir se isto que imos facer ou imos aprobar, se se aproba, é legal, non é legal, e hai que facelo, dando servizo realmente ao concello, que é o que solicitou.

Sra. Gallego Neira

Non hai contrato, pero si hai un servizo que se está prestando para grafitis e para todo isto, agora coa Coruña que está baleira podería terse feito unha limpeza un pouquiño máis a fondo. E, desde logo, se hai algún informe máis, que entendo que non forma parte do expediente para empezar, porque o informe do secretario do Concello será pola parte do Concello, nosoutros estamos na Deputación, estamos votando un acordo no Pleno da Deputación, cos informes do secretario e do interventor da Deputación. Entón, no Concello votarase o que haxa que votar se é que hai que poñer diñeiro e facer modificativo, ou xa veremos o que hai que facer alí, pero aquí estamos falando da Deputación, aquí os informes que valen son o do secretario e o do interventor da Deputación. Desde logo, non estamos para nada de acordo, e é un servizo que se está prestando, que o plan de choque tería que ter sido ao principio e que chega tarde, non é urxente agora mesmo. Nada máis.

Sr. Lema Suárez

Se se me permite unha última intervención, moi breve. Quería dicir que cando se invocan as actuacións de TRAGSA en concellos que non son do rural, debo dicir que hai un principio xurídico, eu non son xurista, que di que igualdade na legalidade, é dicir, non creo que poidamos tratar de equipararnos, xustificar o que nós poidamos facer mal, amparándonos no exemplo doutros que actúan do mesmo xeito, senón que o principio de igualdade dáse unicamente na legalidade, e con isto quería rematar xa o debate pola nosa parte. Grazas.

Sr. Presidente

Procedemos a votar o punto, aclarando outra vez que o expediente, como ben di o secretario no seu informe, ten que apreciar este Pleno da Corporación se concorren esas circunstancias ou non, e na decisión que toma cada un de nós, no noso caso, no meu caso, está o coñecemento doutros informes, como o do Concello da Coruña, do secretario do Concello da Coruña, que informa favorablemente, ao igual que a Avogacía do Estado, e ao igual que outra documentación que cada un pode estudar. Insisto, e o que imos facer é remitir o expediente a un órgano consultivo, entendo que pode ser perfectamente o Tribunal de Contas, para que valide

ou invalide o acordo, e así quedamos todos tranquilos en vez de debater sobre cuestións que transcenden a propia Deputación. Imos votar a retirada do punto.

Sra. Gallego Neira

Un momento, por que hai que votar a retirada?, se o quere retirar o Goberno que o retire.

Sr. Secretario

É a retirada do asunto. O artigo 66 do Regulamento correspondente ao ROF, establece que no caso de pedir a retirada do asunto, ou que quede sobre a mesa, ten que votarse antes da votación do propio asunto.

Vótase a retirada do asunto da orde do día.

VOTACIÓN

Votan a favor: 1 deputado (Marea Atlántica)

Votan en contra: 16 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

A continuación procédese a votar o asunto.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 15 deputados/as (14 do PP e 1 de Marea Atlántica)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP e Marea Atlántica, acorda:

"Vistos os informes de Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, Patrimonio e Contratación, Secretaría Xeral e Intervención relativo á proposta do Concello de Coruña para a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial e o Concello da Coruña para a achega do medio propio Empresa Transformación Agraria S. A., SME, MP (TRAGSA) para a realización de actuacións urxentes ambientais, de salubridade pública e ornato no municipio da Coruña e á vista do escrito da Alcaldesa e da documentación achegada:

1.- Considerar que se cumpren os requisitos esixidos na normativa vixente respecto dos encargos a medios propios, de acordo con o establecido no art. 32 e Disposición adicional 24 da LCSP, polas consideracións expostas polo Concello respecto á necesidade de realizar accións ambientais, de salubridade pública e ornato

2.- Apreciar que concorren as razóns de urxencia que expresa o Concello a través do escrito da Alcaldía, para a realización por parte de TRAGSA, como medio propio da Diputación, das actuacións necesarias ambientais, de salubridade pública e ornato no municipio da Coruña que non poden ser atendidas por procedementos de contratación.

3.- Considerar que concorren razóns de excepcionalidade e singularidade para a realización destas actividades pois a utilización da alternativa contractual demoraría amplamente a resolución das necesidades que afectan o interese xeral.

4.- TRAGSA deberá acreditar con carácter previo ao comezo da execución do encargo, que conta cos medios persoais e materiais suficientes para a correcta realización do encargo.

5.- No caso de que TRAGSA tivese necesidade de dispor de medios persoais complementario ou acudir á subcontratación deberá cumprir os requisitos de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

6.- Calquera modificación ou actualización das tarifas de TRAGSA serán asumidos polo Concello de Coruña.

7.- Encomendar ao Servizo de Patrimonio e Contratación a realización do Plan Estratéxico de Encargos a Medios Propios, onde se definan o ámbito obxectivo e subxectivo do mesmo, as prioridades e os requisitos para realizar os encargos a medios propios tendo en conta que debe compaxinarse cos principios de libre concorrencia e liberdade de mercado.

8.- Aprobar o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial e o Concello da Coruña para a achega do medio propio Empresa Transformación Agraria S. a., SME, MP (TRAGSA) para a realización de actuacións urxentes ambientais, de salubridade pública e ornato no municipio da Coruña.

9. Encomendar a TRAGSA como medio propio a realización de actuacións urxentes ambientais, de salubridade pública e ornato no municipio da Coruña, de acordo con o establecido no convenio, memoria xustificativa e documentación técnica anexa ao expediente, formalizando o correspondente documento de encarga, fixando como prazo de duración do encargo un máximo de catro meses.

A empresa pública TRAGSA encargarse de realizar as seguintes tarefas:

1. Executar os traballos derivados deste encargo a medio propio con suxeición á documentación técnica que obra no expediente correspondente, achegando os medios que resulten necesarios.

2. Proporcionar ao Concello da Coruña e á Deputación Provincial información periódica (mensualmente) sobre os avances das diferentes actuacións e os posibles obstáculos do obxecto do encargo así como canta información soliciteselle sobre a realización dos traballos.

3. Proporcionar os medios materiais que sexan necesarios ao persoal que execute materialmente a prestación. O persoal dependerá exclusivamente da empresa TRAGSA, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador.

10.- Publicar, de conformidade co art. 32.6 apartado b da LCSP, o documento de encarga na Plataforma de Contratación.

11- Todos os gastos que se deriven do presente convenio serán abonados polo Concello da Coruña, de acordo con o establecido nas cláusulas 3 e 4 e concordantes do convenio.

12.- Todo iso condicionado a que o órgano municipal competente aprobe o expediente oportuno no que se ratifiquen as razóns de urxencia e a necesidade de acudir ao encargo aos medios propios da Deputación así como á aprobación do texto do convenio.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE A CORUÑA PARA A APORTACIÓN DO MEDIO PROPIO “EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA SA, SME, MP (TRAGSA)” PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓN URXENTES MEDIOAMBIENTAIS, DE SALUBRIDADE PÚBLICA E ORNATO NO MUNICIPIO DA CORUÑA

En _____, a _____ de _____ de _____

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Valentín González Formoso**, en calidade de Presidente, en nome e representación da EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, nomeado con data, e con facultades bastantes para o presente acto en virtude do seu cargo, de acordo co artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E, doutra parte, **Dna. Inés Rey García**, Alcaldesa do EXCMO. CONCELLO DA CORUÑA, que actúa en nome e representación do Concello da Coruña, con NIF P1503000J, de conformidade co que dispoñen o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; os artigos 21 e 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, asistida do Oficial Maior, D. Miguel Iglesias Martínez, que dá fe do acto.

Ambas as partes, na calidade na que interveñen, recoñécense capacidade xurídica suficiente para a subscripción do presente Convenio de cooperación e, para ese efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- A múltiple e complexa realidade que supón a coexistencia da Administración Xeral do Estado, as Administracións Autonómicas e as das Entidades Locais, proxectando a súa actividade sobre un mesmo espazo subxectivo e xeográfico, demanda incentivar un marco de actuación común a todas elas, que propicie a súa participación institucional de actuación, incrementando os seus niveis de

eficiencia da xestión pública e facilite a utilización conxunta de medios e servizos públicos de acordo co establecido no art. 48.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público .

Este marco colaborativo funcional, reforzase tanto pola lexislación de racionalización e sostibilidade da administración local (Lei 27/2013, do 27 de decembro); Lei 5/2014, do 27 de maio (autonómica), de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da citada Lei 27/2013, do 27 de decembro, como pola propia Lei 40/2015, do 1 de outubro, sobre o réxime xurídico do sector público (en adiante, LRXSP). Esta Lei adica todo o título III ás relacións interadministrativas, entre as que regula as de cooperación, mediante técnicas orgánicas e funcionais.

O artigo 143 LRXSP establece o mandato de cooperación das administracións públicas ao servizo do interese xeral, acordando de forma voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor serva ao principio de “*servizo ao interese xeral*”.

Entre tales técnicas cooperativas enuncia o artigo 144 LRXSP a prestación de medios materiais, económicos ou persoais (letra d), que se han de formalizar por medio de convenio , coas condicións e compromisos asumidos polas partes (Art, 144.2 LRXSP).

A propia Lei 9/2017 de contratos do sector público, no artigo 31 alude a potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, sen que o resultado da cooperación poda calificarse de contractual, nos termos e condicións que expresa.

Segundo.- Os Concellos teñen atribuída a intervención en cuantos asuntos afectan directamente o círculo dos intereses e responsabilidades dos municipios.

Neste sentido, o artigo 25 LBRL, complementado tanto pola lexislación ambiental autonómica e estatal como pola normativa sectorial que fixa competencias locais, atribúe aos concellos competencias propias en materias de medio ambiente urbano (art. 25.2 ,letra b); protección de salubridade pública (art. 25.2 letra J); a promoción da actividade turística (Art. 25.2., letra h), en relación coa percepción dunha adecuada imaxe de ornato en relación aos diversos recursos existentes no municipio, algúns deles patrimonio da humanidade.

Así mesmo, o artigo 26 sinala que a limpeza viaria e a recollida de residuos son servizos de prestación obrigatoria nos municipios, e o medio ambiente urbano nos de poboación superior a 50.000 habitantes.

Terceiro.- A Deputación Provincial, coa condición de administración pública a efectos de intervir en relacións interadministrativas de cooperación, ten entre as competencias específicas, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios (artigo 36.1 b), así como a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito (Art. 36. 1 d), ambos da LBRL.

Cuarto.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa, reforzada pola necesidade de dar unha resposta áxil a unha necesidade que se debe afrontar con urxencia, segundo a motivación incorporada ao expediente. Destácase o feito da “*capitalidade*” da provincia e sede de diversas institucións que estende a súa influencia a todo o territorio provincial e, polo tanto, con intereses supramunicipais en presenza no ámbito do medio ambiente urbano, a limpeza e a salubridade pública, e mesmo a promoción da actividade turística.

Os intereses municipais, conéctanse cos provinciais, e neste espazo faise necesario que as dúas administracións colaboren estreitamente, de conformidade co disposto no Artigo 140.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Quinto.- O artigo 47.2 a) da Lei 40/2015 prevé a subscrición de convenios interadministrativos entre dous ou máis Administracións Públicas e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública para o exercicio de competencias propias ou delegadas. Esta disposición complementábase coa formalización das técnicas de cooperación, por vía de convenios (artigos 143 e 144 da LRXSP).

Sexto.- A Disposición Adicional 24ª da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (LCSP) pola que se regula o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E. M.P., (TRAGSA) e Tecnoloxías e Servizos Agrarios, S.A., S.M.E. M.P., (TRAGSATEC), establece no apartado segundo que TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC terán a consideración de medios propios personificados e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas, das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabidos e Consellos Insulares, das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais e das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poderes adxudicadores, sempre que se cumpran os requisitos da LCSP.

O apartado terceiro establece que as Comunidades Autónomas, as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, os Cabidos e Consellos Insulares, as Deputacións Forais do País Vasco e as Deputacións provinciais deberán participar no capital desta sociedade mediante a adquisición de accións cuxo alleamento será autorizado polo Ministerio de Facenda e Función Pública a iniciativa do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

Unha vez que a Deputación Provincial da Coruña formalizou a súa participación no capital social de TRAGSA, constitúese como medio propio personificado da mesma, nos termos da Disposición Adicional 24 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), en relación co artipg 32 da LCSP, sobre encargos dos poderes adxudicadores a medios propios personificados.

No mesmo sentido, o artigo 5 do Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e das súa filial Tecnoloxías Servizos Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC), regula a aportación de TRAGSA e da súa filial TRAGSATEC, na súa condición de medios propios personificados e servizo técnico, dos entes citados no apartado anterior, nas súas relacións de cooperación con outras Administracións ou entidades do sector público. Esta relación débese instrumentar a través dun

convenio entre as entidades participantes que especificará o interese público común que xustifique a subscrición do convenio, as actuacións para desenvolver e a achega de cada unha das partes.

Sétimo.- O obxecto social da empresa TRAGSA, segundo o disposto no **artigo 2** dos seus estatutos, ven constituído entre outros supostos por:

Art 2. a) “a realización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos (...) de conservación e protección do medio natural e medioambiental, (...) así como os necesarios para o mellor uso e xestión dos recursos naturais. Igualmente poderán levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, a condición de que non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos (...)”

Art 2. e) “A prevención e loita contra as pragas e enfermidades vexetais e animais”

Art 2. j) A realización de tarefas para as que se lle requira pola vía da urxencia ou de emerxencia, ou actividades complementarias ou accesorias ás citadas anteriormente.

As actuacións “extarordinarias e de reforzo” previstas na memoria e documentación presentada polo Concello da Coruña están motivadas polas necesidades de conservación e protección do medio natura, a mellora dos servizos e recursos públicos, a prevención e loita contra as pragas e animais (desratización)”, polo cumprimento duns estándares mínimos de calidade ambiental e de salubridade publica, así como en motivos de urxencia,

En base ao exposto, ambas as partes, estando interesadas en fins comúns de interese público en materia de protección da salubridade pública e de calidade ambiental, e mesmo a promoción turística do territorio municipal e tamén provincial polo feito da “capitalidade”, así como a proxección supramunicipal de diversos recursos existentes, ACORDAN subscribir o presente convenio de cooperación, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: Obxecto.-

O obxecto do presente convenio é a colaboración entre o CONCELLO DA CORUÑA e a DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA para a aportación por esta última do seu medio propio, a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), ao primeiro, para a realización da seguinte actuación: ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS, DE SALUBRIDADE PÚBLICA E ORNATO URXENTES e de reforzo en materia de limpeza viaria no municipio da Coruña.

A definición, especificacións e condicións técnicas dos traballos a realizar, en función das zonas que se sinalan como prioritarias e de acordo cos medios humanos e materiais que figuran na memoria técnica medioambiental remitida polo Concello da Coruña e que figura no expediente, constan na mencionada Memoria que figura no Anexo I e no plan de traballo que figura no Anexo II. Ámbolos dous anexos, asinados por ambas partes, forman parte inseparable do Convenio.

Segunda: Duración.-

O presente convenio fornecerá efectos desde o momento da súa firma e a súa vixencia será dun máximo de catro meses, incluído o período de execución e liquidación dos traballos a executar. En calquera caso a execución dos traballos comprende o prazo de 50 días

Con todo, este convenio poderá ser prorrogado antes da data da súa finalización, e para o cumprimento dos fins nel previstos por acordo expreso e por escrito das partes, por un período de tempo nunca superior ao inicialmente acordado.

Terceira: Custes e pago.

O orzamento da actuación obxecto do presente convenio ascende á cantidade máxima de 623.317,49 € (IVE/IVE incluído), que TRAGSA facturará de acordo co seu sistema de tarifas e que será abonado polo Concello de A Coruña.

Cuarta: Obrigas das partes.

A Deputación Provincial da Coruña comprométese a:

- De conformidade co disposto no artigo 5 do Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, S.A. , S.M.E., M.P. (TRAGSA) e das súa filial Tecnoloxías e Servizos Agrarios, S.A., S.M.E.,M.P. (TRAGSATEC), a aportar o seu medio propio instrumental Empresa de Transformación Agraria, S.A. (TRAGSA) para a realización das actuacións citadas na cláusula primeira.
- Dar a correspondente orde de execución (encargo a medio propio), a TRAGSA, en execución deste convenio, para acometer os traballos descritos na documentación técnica e económica anexa a este convenio, de conformidade co previsto no artigo 32 da LCSP¹. Na orde especificará a imposibilidade de subcontratación dos traballos en porcentaxe superior ao 50%.
- Notificar a TRAGSA a celebración do presente convenio para que proceda á execución das actuacións indicadas no mesmo, facultando ao citado medio propio a suspender a execución das citadas actuacións no caso de que o CONCELLO DA CORUÑA non poida atender o importe das certificacións emitidas por TRAGSA.
- Poñer a disposición do Concello da Coruña, de ser preciso, medios técnicos persoais para a dirección e liquidación dos traballos a executar ao abeiro deste convenio.
- Desenvolver tarefas periódicas de dirección e control periódicamente, desde a orde de execución e ata liquidación dos traballos que se executen ao abeiro deste convenio.

O Concello de A Coruña comprométese a:

- Financiar as actuacións por un importe de 623.317,49 € IVE/IVE incluído, con cargo ás aplicacións orzamentarias previstas ao efecto no orzamento

municipal ou a xeración daquelas precisas e con dotación suficiente para facer fronte ao pago da cantidade sinalada.

- Xestionar o conxunto do gasto conforme á lexislación que afecte á liña de actuación que contempla este convenio.
- Aboar, directamente a TRAGSA, como medio propio da Deputación Provincial de A Coruña, os traballos efectivamente realizados de conformidade coa documentación técnica anexa a este convenio, que TRAGSA facturará de acordo co seu sistema de tarifas e o orzamento achegado (documentación económica anexa) directamente ao Concello da Coruña, previa emisión dos informes necesarios para a súa constatación.
- Designar a correspondente Dirección Facultativa que corresponderá a unha persoa do cadro de persoal do Servizo de Medio Ambiente coa especialización axeitada, coa finalidade de dirixir, supervisar e vixiar que a execución dos traballos é realizada segundo os condicionantes técnicos que figuran nos anexos a este convenio, e de acordo co informe técnico elaborado por ese Servizo para a formalización deste convenio e velando polo interese de ámbalas dúas administracións. A persoa designada poderá contar coa colaboración doutro persoal público para a realización destas tarefas. O seu nomeamento será comunicado a TRAGSA antes do inicio das actuacións,.
- Coordinarse coa Deputación Provincial no seguimento da execución e liquidación dos traballos que conforman o obxecto deste convenio.

As actuacións citadas serán executadas pola Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), de acordo coas especificacións deste Convenio, o réxime xurídico de TRAGSA e as particularidades do correspondente encargo, no seu caso.

Quinta: Abonos ao medio propio

Para o abono dos traballos se presentará unha factura mensual e outra final de liquidación dos traballos tendo en conta que a duración dos traballos é de 50 días de acordo coa cláusula segunda. Coa última factura acompañarase polo medio propio informe final das actuacións realizadas coa información cuantitativa, cualitativa, gráfica e fotográfica precisa.

Sexta: Excesos de medición

En canto aos excesos de medición, de acordo co artigo 11.6 do Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, poderán introducirse variacións sobre o inicialmente encargado sen necesidade de previa aprobación cando estas consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 % do primitivamente previsto.

Sétima: Modificación do encargo

Se posibilitará a modificación do encargo, previo informe xurídico e técnico, que deberá remitir o Concello da Coruña á Deputación Provincial cunha antelación de 15 días naturais ao vencemento do prazo do encargo para a súa tramitación, garantindo o financiamento preciso para o mesmo. A modificación que se pretenda, e de acordo

cos prezos unitarios segundo tarifa nos que se descompón o orzamento do medio propio, non poderá superar a porcentaxe do 10% da cantidade a percibir.

Oitava: Comité bilateral de seguimento.-

Establécese unha comisión de seguimento, de conformidade co previsto no artigo 49,f), formada por un/dous representantes de cada unha das partes, para resolver os problemas de interpretación e cumprimento que puidesen exporse na interpretación e aplicación das cláusulas deste convenio. Dita Comisión reuniráse tantas veces sexa necesario, a pedimento de calquera das partes, alternado a sede de reunións, comezando polo Deputación Provincia.

A representación de cada unha das partes, poderase asistir ás reunión acompañada dos técnicos que considere adecuadas para contribuir a resolver as incidencias detectadas.

Na ordenación do funcionamento desta comisión bilateral de seguimento tomarase como referencia o previsto nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Novena: Modificación, resolución e extinción

O presente convenio poderá ser modificado por acordo das partes, a proposta de calquera destas, mediante a subscrición do oportuno acordo de modificación, formalizado antes da finalización da duración do mesmo.

Serán causas de resolución anticipada do presente convenio:

- A) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- B) O acordo unánime de todos os asinantes.
- C) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

- D) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- E) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

No caso de que existisen prexuízos susceptibles de indemnización nos termos dos artigos 49.e) e 51.2.c) da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, estes serán avaliados e acordados pola Comisión de Seguimento do

presente Convenio. En caso de desacordo, estarase ao establecido no parágrafo segundo da Cláusula oitava.

O cumprimento recíproco das prestacións e a súa liquidación, conforme aos prazos iniciais previstos ou aqueles que resulten de prorrogas ou modificacións de conformidade co estipulado no clausulado deste convenio, producirá a súa extinción.

Décima: Natureza e Xurisdición.-

O presente convenio ten natureza administrativa e réxese polo disposto no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, en virtude do artigo 6.1, en relación co seu artigo 31, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita Lei para resolver as dúbidas e lagoas que poidan presentarse.

A existencia de calquera tipo de discrepancia entre as partes en relación coa interpretación ou execución do establecido neste convenio de colaboración, non resolto no seo do comité de seguimento, resolverase conforme ao que para o efecto determínese polos Xuíces e Tribunais da Orde Xurisdicional Contenciosa-Administrativa.

E en proba de conformidade en canto antecede, as partes asínano en duplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data no seu cabezallos indicados.

A Alcaldesa
do Concello da Coruña

O Presidente
da Deputación Provincial da Coruña

Asdo.:

Asdo.:

**ANEXO I
MEMORIA TÉCNICA
DOCUMENTO DESCRIPTIVO DAS TAREFAS A DESENVOLVER.**



**MEMORIA PARA AS ACTUACIÓNS URXENTES
MEDIOAMBIENTAIS E DE SALUBRIDADE PÚBLICA DE
CHOQUE NO CONCELLO DA CORUÑA**



1.- ANTECEDENTES

O Concello da Coruña contaba cun servizo de limpeza viaria que finalizou contrato no ano 2018. O concello atópase na actualidade nun proceso de valoración de ofertas para a adxudicación da futura concesión de limpeza, que se estima que non será resolta antes de tres ou catro meses (finais do primeiro semestre de 2020).

O contrato asinado con Cespa, S.A. finalizou o 30 de xuño de 2018. Non obstante, e por acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2018, deuse continuidade o dito contrato por unha razón imperiosa de interese xeral e polo tempo imprescindible para garantir a continuidade da prestación do servizo ata que unha nova adxudicataria se faga cargo do servizo.

2.- A SITUACIÓN MEDIOAMBIENTAL E DE SALUBRIDADE PÚBLICA DA CIDADE DA CORUÑA. XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA.

2.1. Diagnóstico realizado entre agosto e outubro de 2019

Durante os meses de agosto a outubro de 2019 a empresa NOVOTEC realizou un estudo técnico, baixo supervisión do Servizo Municipal de Medio Ambiente, para inspeccionar e determinar o estado de limpeza viaria nos 10 distritos da cidade da Coruña. Este traballo permitiu ter unha análise obxectiva do actual estado de ornato e limpeza do conxunto da cidade.

O alcance do presente estudo materializouse entre os días 6 de agosto e 18 de outubro de 2019, cun total de 40 xornadas de traballo (8 semanas). Durante o mesmo realizáronse un total de 1500 controis nos 10 distritos.

Estas inspeccións distribuíronse pola cidade segundo a densidade da poboación e intensidade de uso do espazo público en base a distintos tipos de escenarios urbanos considerados:

Escenarios considerados
Beirarrúas e calzadas.
Prazas e zonas peonís.
Zonas verdes e xardíns.
Zonas de xogos infantís e zonas de ocio.
Paseo marítimo.
(*) Praias. Non se inspeccionaron os areas. Pero si acceso e mobiliario publico. Prazas e zonas peonís: inspeccionáronse, sempre que se considerasen de uso público. Fontes: incluíndo a revisión de obxectos en superficie ou afundidos, mais sen contemplar follas e vexetación. Pintadas, adhesivos e carteis: referido a súa afección sobre solos, baixantes e fachadas (públicas ou privadas). Mobiliario urbano: incluíndo bancos, marquesiñas, caixas de correo, sinais, farois ou semáforos.

Táboa 1. Escenarios considerados durante o estudo técnico para determinar o estado de limpeza da cidade.

A relación dos diferentes distritos onde se actuou detállase a continuación, recollendo a densidade de poboación, a intensidade de paso estimada e o número de inspeccións realizadas:

Distrito	Barrios e zonas urbanas	Densidade	Intensidade de Paso	Nº de Inspeccións realizadas
D1	Bens – Nostián	83	BAIXA	64
D2	Os Rosais – San Pedro de Visma – Portiño	2970	MEDIA	135
D3	Martinete – San Cristovo das Viñas – Birloque – Braña – Someso – A Silva – Cances	1014	BAIXA	80
D4	Obradoiro-Breogán-Novo Mesoiro-Feáns-Mesoiro.	1336	MEDIA	123
D5	Valaire-Zapateira-San Vicente de Elviña.	675	BAIXA	71
D6	Castrillón-Oza-Monelos-Eirís-Curramintes-Pedralonga-Xubias-Palavea.	6385	MEDIA	160
D7	Barrio de las Flores-Matogrande-Ofimático-Polígono de Elviña (ambas fases)-Lonzas.	9194	MEDIA	176
D8	Los Castros- Gaiteira- Cuatro	23576	ALTA	235
D9	Sagrada Familia – Vioño – Ventorrillo – Agra – Peruleiro – Santa Margarida – Mestre Mateo – Cidade Xardín – Riazor – Labañou – San Roque	29228	ALTA	245
D10	Monte Alto – Zalaeta – Orzán – A Torre – Orillamar – Cidade Vella – Maestranza – Durmideiras Pescadería	13701	ALTA	211
TOTAL DO NUMERO DE INSPECCIÓNS REALIZADAS				1500

Táboa 2. Relación dos diferentes distritos onde se realizou o estudo técnico.



Imaxe 1. Representación gráfica dos distritos da cidade da Coruña.

Estudáronse e analizáronse en profundidade un total de 12 indicadores de control básicos para definir o estado de limpeza (e ambiental) do espazo urbano:

Indicador	Indicadores de control básicos.
1	Residuos orgánicos e inorgánicos en pavimento (*)
2	Limpeza de alcorques e xardineiras
3	Baleirado de papeleiras
4	Adecuación de contedores (*)
5	Limpeza de fontes
6	Limpeza de mobiliario urbano
7	Limpeza de sumidoiros
8	Limpeza de pintadas
9	Limpeza de mancha e olores en pavimento (*)
10	Presenza de adhesivos e carteis
11	Existencia de puntos negros (*)
12	Presenza de malas herbas (*)
(*) Indicadores considerados como de máxima importancia, para a súa ponderación no estudo de Supervisión del estado medioambiental.	

Táboa 3. Relación dos diferentes indicadores de control empregados no estudo técnico.

Partindo do conxunto de datos obtidos e do seu tratamento estatístico os resultados globais para cada un dos distritos, tendo en consideración a interpretación técnica dos valores:


VALOR	INTERPRETACIÓN
0-1.5	Bo estado, nivel de limpeza e medio ambiental . Acceptable.
1.5-2.5	Deficitario estado, grado de limpeza e situación ambiental. Mellorable.
2.5-4	Moi sucio e/ou en mal estado ambiental. Inacceptable.

Táboa 4. Interpretación dos valores empregados no estudo técnico

Resultados globais por distritos, destacando os distritos peores valores, así como a media ponderada do conxunto da cidade.

Distrito	Resultados por distritos
1	1,89
2	2,16
3	2,44
4	2,31
5	2,08
6	2,57
7	2,38
8	2,56
9	2,40
10	2,56
Media ponderada	2,41

Táboa 5. Resultados globais por distritos atendendo aos valores obtidos.



Imaxe 2. Representación gráfica dos resultados por distritos da cidade da Coruña, destacando os distritos con peores resultados.

Por outro lado recóllense na seguinte táboa e de forma concreta os resultados detallados en dous niveis diferentes, por unha banda temos os diferentes distritos e pola outra a análise de cada un dos indicadores (remarcando en vermello os peores valores acadados).

DISTRITO	IND 1	IND 2	IND 3	IND 4	IND 5	IND 6	IND 7	IND 8	IND 9	IND 10	IND 11	IND 12
1	3,08	-	-	3,44	-	1,92	3,25	1,00	2,75	1,00	1,89	1,38
2	3,00	2,75	-	2,87	1,50	2,06	3,73	1,58	2,94	1,63	1,40	1,57
3	3,74	3,20	1,06	3,59	3,00	2,46	1,57	2,16	2,84	1,26	1,38	1,73
4	3,12	3,25	1,48	3,51	2,00	2,56	1,87	1,18	3,22	1,51	1,22	1,60
5	2,89	2,33	1,04	3,57	1,00	2,18	1,81	1,21	2,76	1,34	1,17	1,82
6	3,58	3,30	1,20	3,56	1,50	3,07	2,00	2,95	2,75	2,21	1,12	2,11
7	3,47	3,04	1,10	3,51	2,67	2,84	1,56	1,90	2,27	1,85	1,05	2,46
8	3,08	3,44	1,00	3,42	2,75	2,71	3,61	2,65	2,38	3,05	1,12	2,11
9	2,79	3,13	1,00	3,02	2,25	2,33	3,03	2,49	2,47	2,53	1,08	2,60
10	2,92	3,11	1,17	3,33	2,36	3,13	1,92	2,83	2,73	2,91	1,13	2,41
Total general	3,12	3,19	1,16	3,33	2,13	2,67	2,00	2,24	2,63	2,22	1,19	2,13

Táboa 6. Resultados detallados tanto a nivel de distrito como de indicador.

A análise e interpretación deste resultados deixa patente que o estado actual de certos distritos concretos non é axeitada, delimitando así mesmo aqueles indicadores que presentan un peor estado a nivel limpeza, ornato, salubridade, protección ambiental, sendo polo tanto os prioritarios a paliar mediante a actuación medioambiental de choque.

Acompáñase a esta memoria o estudo realizado por NOVOTEC (anexo I).

2.2. Síntese de problemas e necesidades.

- A contaminación do solo mediante residuos orgánicos e inorgánicos no pavimento que pode ter un grande impacto medioambiental.
- A proliferación de roedores en diversas zonas da cidade (Ventorrillo, Eirís, Durmideiras, no entorno do estadio de Riazor, entre outras). Incluso no centro da cidade detectouse a presenza de roedores. Esta situación foi denunciada polos veciños, que aseguran que é unha verdadeira "praga". Deste feito fanse eco informacións periódicas recentes:
 - https://www.cope.es/emisoras/galicia/a-coruna-provincia/a-coruna/noticias/vecinos-del-ventorrillo-denuncian-proliferacion-ratas-barrio-20190917_499834
 - A necesidade de realizar un inventario para eliminar os focos de insalubridade, incluso eventuais.
 - A presenza e proliferación de malas herbas e verdín en pavimentos ou beirarúas.
 - Puntos con falta de hixiene e malos olores.

- A necesidade de realizar actuacións de impacto no mobiliario urbano, sumidoiros, eliminación de pintadas, e de adhesivos e carteis que prexudican o ornato público.

2.3. Xustificación da Urgencia.

A Organización de Consumidores e Usuarios (OCU), que é unha organización sen ánimo de lucro e totalmente independente, indicou en abril deste ano que A Coruña encontrábase dentro das cidades peor valoradas no relativo á limpeza viaria.

A maiores, e de acordo á satisfacción dos usuarios, a OCU determinou que A Coruña descendeu nos últimos catro anos 17 postos na lista que establece a orde na que se encontran as diferentes cidades analizadas, tendo escasos 41 puntos sobre o máximo de 100.

Os diferentes sistemas que o Concello ten implantados para que o cidadán envíe queixas, reclamacións e suxestións relativas á limpeza viaria (páxina web, chamada telefónica ao departamento, chamada ao 010, sistema SyR, etc.) recolle actualmente un número moi elevado de incidencias, feito que dá conta da necesidade dunha limpeza integral da cidade (sendo esta exigencia unha das máis reiteradas no último ano).

A situación actual do contrato ten como consecuencia que dende o punto de vista técnico que os servizos de limpeza, coas consecuencias ambientais negativas, encóntrese nunha situación na cal parte da maquinaria está fóra de servizo, obsoleta e/ou esgotada.

Ademais a frecuencia do mantemento e das avarías redunda en moitas das ocasións na imposibilidade do seu normal uso, polo que a programación dunha actuación medioambiental de choque cos medios propios actuais dos que dispón a concesionaria non é posible.

A limpeza é un dos elementos máis demandados en toda a cidade, e especialmente en zonas “sensibles” como son as proximidades ou contornas de centros educativos, centros cívicos, parques, zonas comerciais, grandes avenidas, paseos, etc.

Dende este punto de vista é evidente que a baixa efectividade das labores actuais de limpeza polos problemas anteriormente descritos contribúe de maneira notoria ao *feísmo* e fai diminuír a imprescindible hixiene da cidade, a maiores do impacto ambiental negativo que se pretende corraxir.

3.- ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS E DE SALUBRIDADE PÚBLICA A REALIZAR. PRESTACIÓNS A REALIZAR E PRESTACIÓNS IGUAIS OU SIMILARES CON CONTRATO VIXENTE NO CONCELLO DA CORUÑA. NECESIDADE DE COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS

Tendo en conta os resultados e indicadores sinalados no punto anterior as actuacións que se pretenden realizar no marco da actuación de choque medioambiental na cidade da Coruña precisan duns medios e dunha dedicación concentrada:

- Por unha banda a zonas concretas da cidade e, dentro delas, a tipoloxías de uso diferentes (beirarrúas, pavimentos, áreas de xogo infantil, prazas, parques, etc..)
- e por outra á realización de determinadas prestacións de reforzo aos servizos de limpeza viaria existentes especialmente relacionadas con limpeza en profundidade de:
 - Manchas, verdíns e malas herbas, pegotes e costras nos pavimentos e beirarrúas
 - Limpeza e recollida de residuos en lugares concretos de concentración excesiva dos mesmos que os convirten en puntos negros para paliar, entre outros, o problema da proliferación de roedores.
 - Puntos concretos de malos olores por falta de hixiene
 - Pintadas, carteis e elementos publicitarios tanto en edificios e espazos de dominio público municipais como en mobiliario urbano non incluído noutros contratos municipais.

Estas actuacións, como actuación puntuais e de reforzo, non poden ser desenvolvidas na actualidade no marco das prestacións de limpeza viaria ordinarias que se executan tralo acordo de continuidade realizado.

As actuacións de choque correspondentes aos distintos indicadores, con maior incidencia nos máis sobresaíntes, non serán realizadas de forma illada ao resto de contratacións existentes relacionadas en maior ou menor medida con estas prestacións urxentes que se pretenden, pero referidas nese caso a prestacións de mantemento o realización en situacións ordinarias, senón que se realizará a **obrigada coordinación** para asegurar as economías que resultan da concentración de esforzos propios ou xa contratados nun mesmo espazo urbano coa fin de asegurar a **maior eficacia e eficiencia** das actuacións.

Por iso, no marco temporal de realización destas actuacións **coordinaranse** estas coas que deben desenvolverse no marco dos contratos vixentes de limpeza viaria e recollida de lixo (prorrogados pola Xunta de goberno local por razóns de interese público ata a formalización dos novos actualmente en proceso de adjudicación), mantemento de zonas verdes, o recentemente formalizado de contedores de residuos urbanos, os de mantemento de distintos elementos de mobiliario urbano e co de desratización (que inclúe ata dúas actuacións de choque ao ano), limpeza de solares municipais, desinfección e desinsectación.

Esta coordinación efectuarase nas zonas e distritos sinalados no estudo e conta con antecedentes de éxito neste concello como o “Plan Rúa” (2012-2015) ou o programa “A pé de barrio” (2016-2018) que implicaban a concentración e coordinación de diferentes contratos nun mesmo espazo urbano.

Así mesmo a realización destas prestacións favorecerá o desenvolvemento con normalidade dos novos contratos de limpeza e recollida de residuos e do recentemente asinado de contenerización de residuos urbanos, en tanto que poderán iniciar as súas prestacións nunha situación de estándares aceptables ambientais e de salubridade cara ao seu mantemento.

4.- MEDIOS MATERIAIS E PERSOAIS. ORZAMENTO E PRAZO DAS ACTUACIÓNS.

O grupo TRAGSA (anexo II) remite os seguintes medios, e cos seguintes custos, para a realización das actuacións de limpeza extraordinaria e intensiva:

Medios:

- Medios mecánicos: 5 baldeadoras, 6 camiós cisterna (varredoras – aspiradoras), 3 vehículos lixeiros.
- Medios humanos: 11 condutores, 15 peóns, 2 capataces e 1 titulado medio ou grao de máis de 10 anos de experiencia.

Organización:

- Dúas quendas de traballo: mañá e tarde (non se realiza quenda de noite para non perturbar o descanso dos veciños co ruído das máquinas).
- Varrido e baldeo manual e mecánico de cada zona (e fregado das zonas máis sensibles): viais, beirarrúas, alcorques, etc.
- Tempo de execución: 50 días.

Custes unitarios

Cantidade Unidade	Descrición	Prezo
hora	Camión cisterna baldeadora ata 5000 L	
1 h	Maquinista ou condutor	25,55
1 h	Camión baldeadora ata 5000 L	38,63
1 h	Consumibles	4,62
TOTAL PARTIDA		68,80
hora	Camión cisterna varredora - aspiradora ata 5000 L	
1 h	Maquinista ou condutor	25,55
1 h	Camión varredora - aspiradora ata 5000 L	44,40
1 h	Cepillos e consumibles	9,60
TOTAL PARTIDA		79,55
xornada	Vehículo lixeiro 101-130 CV, sen man de obra	
TOTAL PARTIDA		42,30
hora	Capataz	
TOTAL PARTIDA		25,91
hora	Peón	
TOTAL PARTIDA		19,77
hora	Titulado medio ou grao de máis de 10 anos de experiencia	
TOTAL PARTIDA		30,19

Táboa 7. Relación de custes unitarios para a actuación medioambiental que se propón.

O orzamento total é de **623.317,49 €**, que inclúe persoal, explotación de maquinaria e equipos, aluguer de maquinaria, gastos xerais (7%), custes indirectos (7,5%) e IVE (10%).

Achégase con esta memoria técnica orzamento da adxudicataria do contrato actual (Ferrovia Servizos, de nome comercial CESPAS), aínda que vencido e acordada pola Xunta de Goberno Local en data 22 de xuño de 2018 a súa continuidade “*nas mesmas condicións que rexen o contrato formalizado o 27 de agosto de 2008*” por razóns de interese público.

A desagregación de custes que figuran no orzamento presentado son conformes aos prezos desagregados que compoñen o canon que se abona na actualidade polo Concello á citada empresa.

Do estudo comparativo dos dous orzamentos e para as mesmas variables dedúcese que o orzamento de Tragsa é máis económico.

Breve descrición dos traballos a realizar polos medios mecánicos e humanos propostos:

***CAMIÓN CISTERNA BALDEADORES**

O obxectivo destes medios materiais é realizar un baldeo total para o lavado mediante auga a presión dos pavimentos peonís, paseos e calzadas, especialmente retirando os residuos existentes debaixo de zonas complexas como debaixo dos coches, zonas de bordillos, etc.

O tratamento específico mediante auga a presión intentará acadar un alto nivel de calidade en todas as superficies, pero especialmente en zonas pouco accesibles, contando para elo, co traballo realizado tanto polo condutor así como polos peóns-operarios que actuarán de apoio mediante manguera da pértiga con carrete nas zonas máis complicadas.

Polas características dos equipos usaranse de acordo os distintos tramos de rúas e calzadas nos que polas características das vías (estacionamento permanente de vehículos, ancho escaso de beirarrúa ou similares circunstancias) non resulten totalmente accesibles ou efectivos os baldeos convencionais. Deste xeito intentarase baldear totalmente os espazos públicos nos que se quere intervir.

***CAMIÓN CISTERNA VARREDORA – ASPIRADORA**

O obxectivo destes medios é realizar un tratamento mecánico mediante a limpeza por aspiración da superficie libre das calzadas, beirarrúas e paseos (sempre que o ancho da vía o permita), eliminando o lixo acumulado nas zonas de vías públicas mediante o uso de cepillos de varrido e aspiración vertical.

O varrido mecánico considérase un tratamento necesario e totalmente complementario ao varrido manual que executarán os peóns-operarios cos respectivos carros portacubos.

*VEHÍCULOS LIXEIROS

Estes medios actuarán como vehículos auxiliares, e terán como obxectivo garantir a mobilidade dos peóns-operarios nas diferentes tarefas de limpeza dando versatilidade e polivalencia o servizo. Do mesmo xeito, estes vehículos servirán como medio de transporte para os carros portacubos e resto de ferramentas e maquinaria menor (cepillos, sopradoras, cubos, recolletores..) vitais para a materialización das actividades de varrido manual.

*MEDIOS PERSOAIS

Os equipos de limpeza en modo brigada, formados por peóns e operarios, contarán co apoio técnico e supervisión de mando da figura da persoa capataz e da persoa titulada na execucións dos traballos.

Estes equipos realizarán traballos de varrido e recollida mediante medios manuais (complementarios aos medios mecánicos xa indicados) de todos os residuos e restos existentes nas beirarrúas, alcorques, laterais das calzadas xunto aos bordillos, espazos entre estacionamento de vehículos, prazas, paradas de autobuses-marquesiñas, espazos de xogos infantís...etc.

Os peóns-operarios terán que recoller os residuos que se atopen no seu itinerario dentro da zona de traballo asignada, con especial incidencia na limpeza do entorno das illas de contedores situadas nese itinerario así como posibles puntos negros de sucidade.

Estas operacións conxuntas tanto de varrido manual como de varrido e aspiración mecánica, así como o baldeo manual e mecanizado terán como obxectivo acadar un correcto estado de limpeza de todas as rúas, vías e espazos de uso público no conxunto da cidade.

A Coruña, na data de sinatura electrónica deste documento.

ANEXOS:

ANEXO I: ESTUDO NOVOTEC.

ANEXO II: CADRO DE PREZOS E RELACIÓN VALORADA DE TRAGSA

ANEXO III: CADRO DE PREZOS E ORZAMENTO DE FERROVIAL SERVICIOS

ANEXO II

MEMORIA ECONÓMICA.

Relación valorada de custes e orzamento total con prazos unitarios desagregados e de acordo sistema de tarifas vixentes aprobadas pola Comisión Interministerial prevista no R.D. 69/2019, de 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e da súa Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) e publicadas por Resolución do Ministerio de Facenda do 30 abril de 2019 no BOE do 1 de maio de 2019.



**RELACION VALORADA DA OBRA: PLAN DE CHOQUE MEDIOAMBIENTAL:
ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS E DE SALUBRIDADE PÚBLICA URGENTES
NO MUNICIPIO DA CORUÑA**

Código	Descrición	Cantidad	Prezo	Importe
CAPÍTULO C 01 ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS				
SUBCAPÍTULO 01.01 PERSOAL				
001009	h Peón	6.000,00	19,77	118.620,00
001001	h Capataz	800,00	25,91	20.728,00
003006	h Titulado medio o grado de más de 10 años de experiencia	400,00	30,19	12.076,00
TOTAL SUBCAPÍTULO 01.01				151.424,00
SUBCAPÍTULO 01.02 MAQUINARIA				
M06003	jor Vehículo ligero 101-130 CV, sin mano de obra	300,00	42,30	12.690,00
M..001	h Camión cisterna baldeadora hasta 5000l	2.000,00	68,80	137.600,00
M..002	h Camión cisterna barredora-aspiradora hasta 5000l	2.400,00	79,55	190.920,00
TOTAL SUBCAPÍTULO 01.02				341.210,00
TOTAL				492.634,00

OBJETIVOS DE DESARROLLO SOSTENIBLE



ER-0685/1998-001/00 Tragsa
GA-2003/0120-001/00 Tragsa
ER-0685/1998-002/00 Tragsatec
GA-2003/0120-002/00 Tragsatec

Grupo Tragsa (Grupo SEPI) - Sede Social: Maldonado, 58 - 28006 Madrid - Tel.: 91 396 34 00 - www.tragsa.es

**RELACION VALORADA DA OBRA: PLAN DE CHOQUE MEDIOAMBIENTAL:
ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES E DE SALUBRIDADE PÚBLICA URGENTES
NO MUNICIPIO DA CORUÑA**

CAPITULO	RESUMEN	IMPORTE EUROS
C 01	ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTALES NO CONCELLO DA CORUÑA	492.634,00
	Costes Directos Totales	492.634,00
	7,50 % Costes Indirectos s/492.634,00	36.947,55
	7,00 % Gastos Generales s/529.581,55	37.070,71
	Total Presupuesto de Ejecución Material	566.652,26
	I.V.A.10,00% s/ 566.652,26.....	56.665,23
	Total Presupuesto de Ejecución por Administración	623.317,49

Ascende o presuposto de Execución por Administración a la expresada cantidade de SEISCENTOS VINTE E TRES MIL TRESCENTOS DEZASETE EUROS con CORENTA E NOVE CÉNTIMOS.

Os prezos das unidades O01001, O01003, O01009, O03006 e M06003 elaboráronse a partir dos contidos nas tarifas vixentes aprobadas pola Comisión Interministerial prevista no R.D.69/2019, de 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e da súa Tecnoloxías y Servicios Agrarios, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) e publicadas por Resolución do Ministerio de Facenda do 30 abril de 2019 no BOE do 1 de maio de 2019.

Os prezos simples restantes correspóndense con aquelas unidades que non teñen tarifa aprobada, segundo o disposto no apartado catro do artigo 7 do R.D. 69/2019, de 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. TRAGSA) e da súa Tecnoloxías y Servicios Agrarios, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC), aplicándose os prezos contrastados co mercado, incrementados co coeficiente de actualización de prezos simples publicado por Resolución, do 30 de abril de 2019 do Ministerio de Facenda, publicada no BOE do 1 de maio de 2019.

A Coruña, a 22 de novembro de 2019.

**PLAN DE CHOQUE MEDIOAMBIENTAL: ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES E DE SALUBRIDADE
PÚBLICA URXENTES NO MUNICIPIO DA CORUÑA**

CADRO DE DESCOMPOSTOS

Ord	Código	Cantidad Ud	Descripción	Prezo	Subtotal	Importe
1	M..001	h	Camión cisterna baldeadora hasta 5000l			
	O01003	1,0000 h	Maquinista o conductor	25,55	25,55	
	SORUBI2	1,0000 h	Camión baldeadora hasta 5000l	38,63	38,63	
	SORUB03	1,0000 h	Consumibles	4,62	4,62	
			TOTAL PARTIDA.....			68,80
2	M..002	h	Camión cisterna barredora-aspiradora hasta 5000l			
	O01003	1,0000 h	Maquinista o conductor	25,55	25,55	
	SORUBIO	1,0000 h	Camión barredora-aspiradora hasta 5000l	44,40	44,40	
	SORUB01	1,0000 h	Cepillos y consumibles	9,60	9,60	
			TOTAL PARTIDA.....			79,55
3	M06003	jor	Vehículo ligero 101-130 CV, sin mano de obra			
			TOTAL PARTIDA.....			42,30
4	O01001	h	Capataz			
			TOTAL PARTIDA.....			25,91
5	O01009	h	Peón			
			TOTAL PARTIDA.....			19,77
6	O03006	h	Titulado medio o grado de más de 10 años de experiencia			
			TOTAL PARTIDA.....			30,19

10.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Saneamento na Castañeda" do Concello de Arzúa, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 18.2000.0119.0, levantamento das condicións ás que quedou sometida e aprobación definitiva desta obra.

Sr. Secretario

Aquí hai unha emenda de supresión presentada polo presidente da Comisión de Cooperación, que propón eliminar o parágrafo terceiro do ditame emitido xa en marzo, que condicionaba a aprobación definitiva do proxecto modificado á entrada en vigor dun expediente de modificación de créditos que a estas alturas xa entrou en vigor polo tempo transcorrido. En calquera caso, formalmente procede polo tanto votar a emenda e facer unha segunda votación sobre o ditame, tal e como queda configurado pola primeira votación.

Vótase a emenda.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

Vótase o asunto, coa emenda incorporada

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 3 de outubro de 2017

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada en data 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018

Logo de ver que no Anexo a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos

que se inclúen no POS+ 2018, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Arzúa denominada "Saneamento na Castañeda", co código 2018.2000.0119.0, que se aprobou de forma condicionada á obtención das autorizacións de Augas de Galicia e da Dirección Xeral de Patrimonio, polo que a obra non está adxudicada.

Logo de presentar o Concello de Arzúa as autorizacións favorables de Augas de Galicia e da Dirección Xeral de Patrimonio, así como un proxecto modificado desta obra, con incremento do seu orzamento, redactado para dar cumprimento aos requisitos das citadas autorizacións, xunto cos informes técnicos xustificativos da modificación do proxecto, así como a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Arzúa denominada "Saneamento na Castañeda", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, co código 2018.2000.0119.0, que fora aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, cun orzamento de contrata de 225.630,66 €, que supón un incremento do seu orzamento respecto ao do proxecto técnico inicial en 72.269,25 €, que asume na súa totalidade o Concello de Arzúa.

2.- Coa presentación das autorizacións favorables de Augas de Galicia e da Dirección Xeral de Patrimonio, e coa aprobación deste proxecto modificado para dar cumprimento as condicións das ditas autorizacións, considerar cumpridas as condicións ás que foi sometida a aprobación desta obra, toda vez que o Concello de Arzúa presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento, e en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento incluído no POS+ 2018, co código 18.2000.0119.0

Proxecto Modificado "Saneamento na Castañeda" do Concello de Arzúa 2018.2000.0119.0				
Axentes financeiros	Orzamento de contrata Proxecto Inicial	Orzamento de contrata Proxecto Modificado	Diferenza	Condições cumpridas
Deputación	153.361,41	153.361,41	0,00	- Autorización de Augas de Galicia.
Concello	0,00	72.269,25	72.269,25	
Total	153.361,41	225.630,66	72.269,25	- Autorización da D.X. Patrimonio

3.- Notificar este acordo ao Concello de Arzúa para os efectos oportunos."

11.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Estrada local de N-634 a cruce de Sar", do Concello do Pino, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2018 1ª fase, co código 2018.2001.0700.0

Sr. Secretario

Aquí tamén hai unha emenda idéntica do punto anterior e procede, polo tanto, tamén unha dobre votación primeiro sobre a emenda e despois sobre o ditame.

Vótase a emenda

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

Vótase o asunto, coa emenda incorporada

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello do Pino do proxecto modificado do investimento denominado "Estrada local de N-634 a cruce de Sar", do Concello do Pino, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2018 1ª fase, co código 2018.2001.0700.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver a Resolución da Presidencia nº 30453 do 12 de setembro de 2018, en relación co acordo plenario do 16 de maio de 2018, mediante os que esta deputación aprobou a 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2018 por maior achega provincial, no marco do disposto nas súas Bases reguladoras, aprobadas polo Pleno provincial na sesión realizada o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP nº 188 do 3 de outubro de 2017.

Logo de ver que entre os investimentos incluídos neste Plan figura a obra do concello do Pino denominada "Estrada local de N-634 a cruce de Sar", co código 2018.2001.0700.0

Logo de aprobar o Concello do Pino, previos os correspondentes informes favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria, un proxecto modificado deste investimento que mantén o mesmo orzamento total que o proxecto inicial aprobado, e que non varía o seu obxecto e finalidade, pero que supón variacións internas nas súas partidas superiores ao 30%

Tendo en conta que o proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 2 de marzo de 2020

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Regulatoras do POS+ 2018, aprobadas polo Pleno desta deputación o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP número 188, do 3 de outubro de 2017

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Estrada local de N-634 a cruce de Sar", do Concello do Pino, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial, co código 2018.2001.0700.0, que foi aprobado mediante Resolución da Presidencia nº 30453 do 12 de setembro de 2018, en relación co acordo plenario do 16 de maio de 2018, co código 2018.2001.0700.0, cos datos que se indican a continuación, que está adxudicado e totalmente pendente de certificar, que se aprobou polo concello previos os correspondentes informes favorables e coa conformidade da empresa adxudicataria, redactado para realizar cambios técnicos precisos para a correcta execución da obra, sen variar o seu orzamento total:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
2018.2001.0700.0	O Pino	Estrada local de N-634 a cruce de Sar	77.830,27	4.473,39	82.303,66

12.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Estrada local de cruce de Sar a Quintáns", do Concello do Pino, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2018 1ª fase, co código 2018.2001.0701.0

Sr. Secretario

Aquí emenda igual que nos puntos 10 e 11, polo tanto dobre votación.

Vótase a emenda

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

Vótase o asunto, coa emenda incorporada

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello do Pino do proxecto modificado do investimento denominado "Estrada local de cruce de Sar a Quintáns", do Concello do Pino, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2018 1ª fase, co código 2018.2001.0701.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver a Resolución da Presidencia nº 30453 do 12 de setembro de 2018, en relación co acordo plenario do 16 de maio de 2018, mediante os que esta deputación aprobou a 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2018 por maior achega provincial, no marco do disposto nas súas Bases reguladoras, aprobadas polo Pleno provincial na sesión realizada o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP nº 188 do 3 de outubro de 2017.

Logo de ver que entre os investimentos incluídos neste Plan figura a obra do concello do Pino denominada "Estrada local de cruce de Sar a Quintáns", co código 2018.2001.0701.0

Logo de aprobar o Concello do Pino, previos os correspondentes informes favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria, un proxecto modificado deste investimento que mantén o mesmo orzamento total que o proxecto inicial aprobado, e que non varía o seu obxecto e finalidade, pero que supón variacións internas nas súas partidas superiores ao 30%

Tendo en conta que o proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 10 de febreiro de 2020

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2018, aprobadas polo Pleno desta deputación o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP número 188, do 3 de outubro de 2017

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
ACORDA:

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado "Estrada local de cruce de Sar a Quintáns", do Concello do Pino, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial, co código 2018.2001.0701.0, que foi aprobado mediante Resolución da Presidencia nº 30453 do 12 de setembro de 2018, en relación co acordo plenario do 16 de maio de 2018, co código 2018.2001.0701.0, cos datos que se indican a continuación, que está adjudicado e totalmente pendente de certificar, que se aprobou polo concello previos os correspondentes informes favorables e coa conformidade da empresa adjudicataria, redactado para realizar cambios técnicos precisos para a correcta execución da obra, sen variar o seu orzamento total:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
2018.2001.0701.0	O Pino	Estrada local de cruce de Sar a Quintáns	44.063,89	2.532,63	46.596,52

13.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Estrada local de Quintáns a limite Concello de Oroso", do Concello do Pino, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2018 1ª fase, co código 2018.2001.0702.0

Sr. Secretario

Emenda igual que nos tres puntos anteriores e dobre votación.

Vótase a emenda.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

Vótase o asunto, coa emenda incorporada

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello do Pino do proxecto modificado do investimento denominado "Estrada local de Quintáns a limite Concello de Oroso", do Concello do Pino, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2018 1ª fase, co código 2018.2001.0702.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver a Resolución da Presidencia nº 30453 do 12 de setembro de 2018, en relación co acordo plenario do 16 de maio de 2018, mediante os que esta deputación aprobou a 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2018 por maior achega provincial, no marco do disposto nas súas Bases reguladoras, aprobadas polo Pleno provincial na sesión realizada o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP nº 188 do 3 de outubro de 2017.

Logo de ver que entre os investimentos incluídos neste Plan figura a obra do concello do Pino denominada "Estrada local de Quintáns a limite Concello de Oroso", co código 2018.2001.0702.0

Logo de aprobar o Concello do Pino, previos os correspondentes informes favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria, un proxecto modificado deste investimento que mantén o mesmo orzamento total que o proxecto inicial aprobado, e que non varía o seu obxecto e finalidade, pero que supón variacións internas nas súas partidas superiores ao 30%

Tendo en conta que o proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 10 de febreiro de 2020

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2018, aprobadas polo Pleno desta deputación o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP número 188, do 3 de outubro de 2017

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Estrada local de Quintáns a limite Concello de Oroso", do Concello do Pino, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial, co código 2018.2001.0702.0, que foi aprobado mediante Resolución da Presidencia nº 30453 do 12 de setembro de 2018, en relación co acordo plenario do 16 de maio de 2018, co código 2018.2001.0702.0, cos datos que se indican a continuación, que está adxudicado e totalmente pendente de certificar, que se aprobou polo concello previos os correspondentes informes favorables e coa conformidade da empresa adxudicataria, redactado para realizar cambios técnicos precisos para a correcta execución da obra, sen variar o seu orzamento total:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
2018.2001.0702.0	O Pino	Estrada local de Quintáns a limite Concello de Oroso	65.209,14	3.747,97	68.957,11

14.- Aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e do POS+Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles

INTERVENCIONS

Sr. Requeira Varela

Antes de nada, bo día a todos e a todas. Eu alégrome de vervos a todos xuntos aínda que sexa nun Pleno destas características totalmente extraordinarios como é hoxe. Sumarme, por suposto ás condolencias ás que fixo referencia tanto Alberto como Rosa, e aos servizos que nos prestan os servizos esenciais os parabéns polo traballo que están desenvolvendo.

En todo caso eu creo que había que intervir neste Pleno tamén para primeiro darlle as grazas aos servizos da Deputación, tanto Plans como Intervención principalmente, que nos dan a posibilidade de traer a Pleno hoxe unha boa nova neste escenario de malas novas para os concellos, unha boa nova que é incorporar 19 millóns de euros máis ao POS+, que van servir tamén para cubrir parte dos gastos que estamos facendo na loita contra a COVID, pero tamén para empezar a reactivar a economía local, que boa falta vai facer a partir de agora. Traemos a modificación da base 12 e da base 13, na base 12 modificamos o POS adicional para primeira addenda coa incorporación de catro millóns de euros para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados da crise sanitaria da COVID-19, tamén para estar en consonancia co disposto no Real decreto de medidas urxentes e extraordinarias para facerlle fronte ao impacto económico e social da propia COVID, que os concellos poden utilizar reforzando os servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, a vinculación tamén pero a seguridade e alimentación, sobre todo das persoas maiores con discapacidade ou con dependencia, xa que os comedores ou os centros asistenciais están pechados, tamén se poden utilizar para incrementar e reforzar os dispositivos de teleasistencia domiciliaria, trasladar ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, os servizos de rehabilitación e terapia, servizo de hixiene e outros similares que se viñan prestando a través dos Centros de Día, reforzar tamén os dispositivos de atención ás persoas sen fogar cos medios necesarios, asegurando que todas as persoas estean debidamente protexidas, reforzar tamén o persoal dos centros de servizos sociais e desa primeira liña de batalla contra a COVID, que son os servizos esenciais, que causan baixas e que, polo tanto, hai que facer substitucións tamén ás veces nos cadros de persoal; adquisición de medios materiais, como os EPIS, as máscaras, etc., etc., reforzar outros dispositivos, e outros servizos, e outras medidas que os concellos viñeron poñendo en marcha, como son a propia hixiene e tamén limpeza e desinfección de rúas, que tamén poden entrar nestes catro millóns de euros que agora mesmo

poñemos a disposición dos propios concellos da provincia, e tamén a Base 13, que sofre unha modificación pola que incorporamos tamén o POS adicional 2/2020 para que eses 15 millóns de euros que incorporamos a través desta vía sexan útiles para o financiamento de gastos correntes e de servizos esenciais e en investimentos financeiramente sostibles.

Polo tanto, dezanove millóns de euros que incorporamos ao POS e que agardamos que se poidan incorporar bastantes recursos máis en vindeiros Plenos para que o POS sexa ese instrumento útil e ese instrumento tamén necesario para activar a economía e, sobre todo, para que os concellos teñan liquidez suficiente e tamén recursos suficientes para contratar, para seguir investindo desde o público e, polo tanto, que haxa carga de traballo para estas empresas, e xa digo, agardar que isto sexa simplemente unha primeira parte, e isto máis o PEL son, seguramente, os dous instrumentos, ou os dous eixes básicos cos que imos loitar desde a Deputación, ou cos que imos intentar loitar desde a Deputación para superar entre todos e todas esta crise.

A min tamén me gustaría agradecer o papel dos portavoces das diferentes forzas políticas, con diferentes matices e con diferentes alternativas, á hora de propoñer tamén medidas que sexan útiles para a sociedade, porque sabemos que todo isto se vai superar desde a máxima coordinación, a Deputación eu creo que está facendo un esforzo en coordinación, tanto co Goberno da Comunidade da Xunta de Galicia e co Goberno do Estado, e sabemos que desde esa coordinación entre as diferentes administracións, por suposto a local na que nós confiamos absolutamente na súa autonomía e na súa capacidade para tamén facerlle fronte á emerxencia que temos en marcha, desde esa coordinación, que no máis breve tempo posible poidamos superar a crise e recuperar esa normalidade diferente que imos ter nestes vindeiros meses, pero canto antes tamén a normalidade habitual dunha sociedade que necesita, sobre todo, producir, recuperar o emprego e que todos esteamos na liña desa recuperación. Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión que tivo lugar o 25 de outubro de 2019, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP nº 208 do 31 de outubro do 2019

Logo de ver o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o Estado de Alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE nº 67 do 14 de marzo de 2020), e as normas aprobadas posteriormente para a adopción de medidas extraordinarias, especialmente o Real decreto-lei 8/2020, do 17

de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, (BOE nº 73 do 18 de marzo de 2020); e o Real decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 (BOE Nº 91 do 1 de abril de 2020),

Logo de ver a proposta asinada o 16 de abril de 2020 polo Presidente da Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural para a inclusión no vindeiro expediente de modificación de créditos, dos créditos necesarios para o financiamento de dous novos Plans de cooperación cos concellos, que permiten canalizar fondos provinciais para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e tamén dos gastos correntes de servizos obrigatorios e investimentos financeiramente sostibles o que, ademais, contribuirá a iniciar a reactivación da economía.

1.- Aprobar a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión que tivo lugar o 25 de outubro de 2019, (BOP nº 208 do 31 de outubro do 2019), que consiste en engadir dúas bases específicas para a regulación de dous novos Plans Adicionais destinados aos 93 concellos da provincia: a Base 12 para a regulación do POS+ Adicional 1/2020 cunha achega provincial de 4.000.000,00 € para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19; e a Base 13 para a regulación do POS+Adicional 2/2020 cunha achega provincial de 15.000.000,00 € para o financiamento de gastos correntes e/ou investimentos financeiramente sostibles. Engádense, ademais, os Anexos XV ao XX cos modelos de documentos necesarios para a súa tramitación.

O texto das Bases 12 e 13, e os Anexos XV ao XX, figuran como anexo a este Expediente.

2.- O financiamento da achega provincial a este Plan realizarase como se indica a continuación:

PLAN	FINALIDADE	PARTIDA	IMPORTE
POS+ AD 1/2020	Gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	0430-23124-46201	4.000.000,00

PLAN	FINALIDADE	PARTIDA	IMPORTE
POS+ AD 2/2020	Gastos correntes servizos obrigatorios	0430/4592/46201	5.000.000,00
	Investimentos financeiramente sostibles	0430/4592/76201	10.000.000,00
	TOTAL		15.000.000,00

A aprobación definitiva desta modificación das Bases reguladoras do POS+2020 queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 2/2020, no que se consigna crédito adecuado e suficiente para o financiamento do POS+Adicional 1/2020 e POS+ Adicional 2/2020.

3.- Dispor a exposición pública deste expediente mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos previstos no artigo 29.2) da Lei 6/1997, de 14 de abril, de organización e funcionamento da administración xeral do Estado e a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

5.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

6.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguirse as actuacións.”

12.- POS+ADICIONAL 1/2020 POR APLICACIÓN DE PARTE DO SUPERAVIT DE OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS (SONF) DO EXERCICIO 2019, PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19

Esta Base regula a elaboración, aprobación e execución do POS+ADICIONAL 1/2020, para a aplicación dunha parte do Superávit de operacións non financeiras (SONF) do exercicio 2019 da Deputación Provincial da Coruña, aplicable ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, de acordo co disposto no artigo 3, en relación co artigo 1.2, do Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, (BOE nº 73 do 18 de marzo de 2020); e de acordo co disposto no artigo 20 do Real decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 (BOE Nº 91 do 1 de abril de 2020).

12.1.- OBXECTO

De acordo con estas normas, o SONF destinarase a financiar gastos sociais extraordinarios derivadas do COVID-19, que se concretan nos gastos de investimento incluídos na política de gasto

2.3 de Servizos sociais e promoción social, prevista na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais; e tamén, con carácter excepcional e para estes exclusivos efectos, nas prestacións sinaladas no artigo 1.2 do citado Real decreto-lei 8/2020.

Dado que esta Deputación xa ten outros Plans de cooperación cos concellos destinados ao financiamento dos investimentos da dita política de gasto 2.3, este POS+Adicional 1/2020 vaise destinar unicamente ao financiamento das prestacións sinaladas no artigo 1.2 do citado Real decreto-lei 8/2020, que son as que de seguido se indican:

Prestacións sinaladas no artigo 1.2 do Real decreto-lei 8/2020.

Artigo 1.2.

a) Reforzar os servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia, compensando así o peche de comedores, centros de día, centros ocupacionais e outros servizos similares, considerando o maior risco que asumen estas persoas en caso de contaxio. Estes servizos comprenden a axuda a domicilio en todas as súas modalidades e calquera outro de análoga natureza que se

preste no domicilio da persoa usuaria.

b) Incrementar e reforzar o funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria de maneira que incrementen o ritmo de contactos de verificación e a vixilancia da poboación beneficiaria deste servizo.

c) Trasladar ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, os servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares, considerando a suspensión de atención diúrna en centros.

d) Reforzar os dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados, asegurando que tanto elas como quen as atenden estean debidamente protexidas, e posibilitar a ampliación, tanto no tempo de estancia como en intensidade, dos mesmos.

e) Reforzar os persoais de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario realizar substitucións por prevención, por contaxio ou por prestación de novos servizos ou sobrecarga do persoal.

f) Adquisición de medios de prevención (EPI).

g) Ampliar a dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.

h) Reforzar, con servizos e dispositivos adecuados, os servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentais e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesiten acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes.

i) Outras medidas que as comunidades autónomas, en colaboración cos servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, e sexan debidamente xustificadas.

12.2.- FINANCIAMENTO

De acordo co disposto nos citados Real decreto-lei 8/2020 e 11/2020, a parte do SONF da Deputación Provincial da Coruña do exercicio 2019 aplicable ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivadas do COVID-19 concrétase na cantidade de 4.000.000,00 €, que se distribúe entre os 93 concellos da provincia mediante a aplicación das variables ponderadas que tradicionalmente se utilizan para realizar as asignacións de fondos do POS, que

son as que se indican na Base 4.1.

Esta achega provincial por importe de 4.000.000,00 € vaise consignar no orzamento provincial 2020 a través dun expediente de modificación de créditos. Por este motivo, a aprobación desta modificación das Bases queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial 2020 para o seu financiamento. Consonante co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

12.3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia, aos que se lles asignan as cantidades que resultan da aplicación dos criterios que se detallan na Base 4.1, á achega provincial aplicada ao financiamento deste Plan.

12.4.- SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da Plataforma SUBTEL desta Deputación, desde o 11 de maio de 2020 ata ás 15.00 horas do 29 de maio de 2020, mediante a presentación da seguinte documentación. Non obstante, dada a situación excepcional na que nos atopamos, estes prazos poderían ampliarse mediante Resolución da Presidencia.

-Certificación do acordo de solicitude (Anexo XV) CONVOCATORIA POS+AD1-SOLICITUDE 2020

Certificación do acordo adoptado polo órgano competente do concello, segundo o modelo Anexo XV, polo que se dispoña participar no POS+ Adicional 1/2020, aceptar expresamente as súas Bases reguladoras e solicitarlle á deputación a aplicación da achega provincial asignada para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivadas do COVID-19, que corresponden ás **prestacións sinaladas no artigo 1.2 do citado do Real decreto-lei 8/2020.**

Se o acordo fose adoptado por un órgano municipal distinto ao Pleno, deberá ratificarse polo Pleno na primeira sesión que se realice, e presentarse posteriormente a correspondente certificación do acordo plenario adoptado como documentación adicional, sen prexuízo do que se dispón na lexislación vixente para os municipios de gran poboación.

-Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención de previsión de gastos sociais extraordinarios 2020 (ANEXO XVI)
CONVOCATORIA POS+AD1-GASTO CORRENTE 2020

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo XVI a estas Bases, no que se conteñan os gastos sociais extraordinarios de todo o exercicio 2020, que teñan por obxecto exclusivamente facer fronte ás situacións extraordinarias derivadas do COVID-19.

Neste Anexo XVI deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe doutros ingresos públicos ou privados asociados á realización deses gastos, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

Non se incluírán os gastos xa financiados a través doutras convocatorias de subvencións desta Deputación para a mesma finalidade. E polo que se refire ao apartado b) relativo á teleasistencia, cando se trate de concellos que estean no programa da Deputación, só poderán solicitala para a prestación deste servizo para persoas recoñecidas como dependentes.

O concello deberá cubrir neste Anexo unicamente os datos dos gastos aos que desexe aplicar o financiamento con cargo a este Plan, sempre que como mínimo acaden o importe da achega provincial asignada, non sendo preciso cubrir os datos de todos os gastos que figuran no Anexo.

12.5.- APROBACIÓN DO PLAN E PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

O Pleno desta deputación poderá aprobar o POS+ADICIONAL 1/2020 partindo das solicitudes presentadas polos concellos, para o que realizará os mesmos trámites previstos na Base 6, e, posteriormente transferiralles aos concellos, con carácter prepagable, a achega provincial solicitada para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivadas do COVID-19, de acordo coas previsións contidas no informe emitido segundo o modelo Anexo XVI.

12.6.- XUSTIFICACIÓN DA APLICACIÓN ACHEGA PROVINCIAL (ANEXO XVII)

Unha vez que o concello realice o pago destes gastos, deberá presentar telematicamente na deputación, ata o 31 de marzo de 2021, un informe xustificativo dos pagos realizados, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou por quen corresponda nos municipios de gran poboación, no que se detallen, por unha banda, os pagos realizados e por outra, os dereitos recoñecidos por ingresos públicos ou privados vinculados ao gasto, coa finalidade

de cuantificar o gasto realmente asumido polo concello financiado con cargo ao POS+ Adicional 1/ 2020, segundo o modelo que figura como Anexo XVII. Excepcionalmente, e en virtude da correspondente solicitude do concello, poderá ampliarse o dito prazo de xustificación mediante Resolución da Presidencia.

O importe dos pagos xustificados deberá acadar como mínimo o da achega transferida da deputación ou, no caso de que se tiveran outras subvencións, deberá acadar a suma da totalidade das subvencións.

No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao importe da achega da deputación transferida ao concello, ou no suposto de que o concello non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, iniciarase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda, segundo o procedemento previsto no citado artigo 70.3 do Real decreto 887/2006.

12.7.- PRESENTACION DE INFORMACIÓN (ANEXO XVIII)

Coa finalidade de dar cumprimento á obriga de información establecida nos apartados 3 a 6 do artigo 20 do citado Real-decreto-lei 11/2020, os concellos deberán presentar a información necesaria para realizar o seguimento da aplicación do superávit aos fins previstos, para o que deberán cumprimentar o Anexo XVIII ás Bases, cuxo contido corresponde ao formulario do Anexo III ao Real-decreto-lei 11/2020, que deberá presentarse na plataforma SUBTEL, de acordo coas instrucións que se lle facilitarán aos concellos.

13.- POS+ADICIONAL 2/2020 PARA A APLICACIÓN DE REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO EXERCICIO 2019, PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS CORRENTES DO EXERCICIO 2020 OU INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES DOS CONCELLOS

Esta Base regula a elaboración, aprobación e execución do POS+ADICIONAL 2/2020, para a aplicación de Remanente de Tesourería para gastos xerais do exercicio 2019 da Deputación Provincial da Coruña, destinado ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2020 ou de investimentos financeiramente sostibles dos concellos, como medida extraordinaria adoptada para apoiar aos concellos a facer fronte á crise socioeconómica derivada do COVID-19.

13.1.- OBXECTO

Os concellos poderán aplicar a achega provincial asignada dentro deste Plan para o financiamento dos dous seguintes obxectos previstos nestas Bases reguladoras do POS+ 2020, podendo optar por aplicalo libremente a un só deles ou aos dous:

-Gastos correntes do concello de todo o ano 2020, segundo se definen na Base 2.2 e concordantes.

-Investimentos financeiramente sostibles, segundo se definen no apartado específico da Base 2.3 e concordantes.

13.2.- FINANCIAMENTO

O importe do remanente de Tesourería para gastos xerais do exercicio 2019 que se aplica ao financiamento deste Plan ascende á cantidade de 15.000.000,00 €, que se distribúe entre os 93 concellos da provincia mediante a aplicación das variables ponderadas que tradicionalmente se utilizan para realizar as asignacións de fondos do POS, que son as que se indican na Base 4.1.

Esta achega provincial por importe de 15.000.000,00 € vaise consignar no orzamento provincial 2020 a través dun expediente de modificación de créditos. Por este motivo, a aprobación desta modificación das Bases queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial 2020. Consonante co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

13.3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia, aos que se lles asignan as cantidades que resultan da aplicación dos criterios que se detallan na Base 4.1.

13.4.- SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da Plataforma SUBTEL desta Deputación, desde o 11 de maio de 2020 ata as 15.00 horas do 29 de maio de 2020, salvo que o concello solicite novos investimentos non previstos no Plan Complementario, en cuxo caso para estes investimentos o prazo sería ata as 15.00 horas do 30 de xuño de 2020. Non obstante, dada a situación excepcional na que nos atopamos, estes prazos poderían ampliarse mediante Resolución da Presidencia.

A documentación que debe presentarse é a seguinte:

-Certificación do acordo de solicitude (Anexo XIX) CONVOCATORIA POS+AD2-SOLICITUDE 2020

Certificación do acordo adoptado polo órgano competente do concello, segundo o modelo Anexo XIX, polo que se dispoña participar no POS+ Adicional 2/2020, aceptar expresamente estas Bases e

solicitarlle á deputación a aplicación da achega provincial asignada para o financiamento dos seus gastos correntes do exercicio 2020 e/ou de investimentos financeiramente sostibles

Se o acordo foi adoptado por un órgano municipal distinto ao Pleno, deberá ratificarse polo Pleno na primeira sesión que se realice, e presentarse a correspondente certificación como documentación adicional, sen prexuízo do que se dispón na lexislación vixente para os municipios de gran poboación.

-Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención de previsión de gastos correntes 2020 (ANEXO IV)

CONVOCATORIA POS+AD2-GASTO CORRENTE 2020

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo IV a estas Bases, no que se conteña unha previsión para o exercicio 2020 dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios en cada concello segundo o establecido na lexislación vixente.

Neste Anexo IV deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe doutros ingresos públicos ou privados asociados á realización deses gastos, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

O concello deberá cubrir neste Anexo unicamente os datos dos gastos aos que desexe aplicar o financiamento con cargo a este Plan, sempre que como mínimo acaden o importe da achega provincial asignada, non sendo preciso cubrir os datos de todos os gastos que figuran no Anexo.

- Investimentos financeiramente sostibles (ANEXO XX ou Documentación Base 5.B.3) CONVOCATORIA POS+AD2-OBASSUM 2020

Se se trata de Investimentos financeiramente sostibles xa previstos no Plan Complementario á solicitude presentada no POS+ 2020, unicamente debe presentar unha Declaración da Alcaldía confirmando que os proxectos e demais documentación son os mesmos, segundo o modelo Anexo

XX. No suposto de que o investimento incluído no Plan Complementario ao POS+ 2020 estivese sometido a condicións que aínda non estivesen declaradas cumpridas, o concello poderá solicitar a aplicación ao dito investimento desta maior achega provincial, pero na aprobación que realice esta deputación seguirá igualmente condicionado, e non se poderá contratar nin executar ata que esta deputación, á vista da documentación que presente o concello, declare o seu cumprimento.

Se se trata de novos Investimentos financeiramente sostibles non previstos no Plan

Complementario ao POS+ 2020, deberá presentarse toda a documentación indicada na Base 5.B.3

13.5.- APROBACIÓN DO PLAN, PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL PARA GASTOS CORRENTES E EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

O Pleno desta deputación poderá aprobar o POS+ADICIONAL 2/2020 partindo das solicitudes presentadas polos concellos, para o que realizará os mesmos trámites previstos na Base 6.

A achega provincial destinada ao financiamento dos gastos correntes ten carácter de prepagable e pouco despois da aprobación do Plan será transferida aos concellos para o financiamento dos gastos concretados no informe emitido segundo o modelo Anexo IV. O seu pago e xustificación realizarase de acordo co previsto na Base 9.2.

A contratación e a execución dos investimentos financeiramente sostibles realizarase segundo o disposto nas Bases 7, 8 e 9, aínda que o prazo previsto para a contratación rematará o 30 de novembro de 2021 e o prazo para a execución o 30 de novembro de 2022.

A N E X O X V

**CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN
DO
POS+ADICIONAL 1/2020 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS
DERIVADOS DO COVID-19
“POS+ ADICIONAL1/ 2020”**

D. / Dna.

Secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que (indicar o órgano) deste concello, na sesión realizada o día ___/___/2020 adoptou o seguinte acordo:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 1/2020**” da Deputación Provincial da Coruña, **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	
---	--

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a) Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia			
b) Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria			
c) Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.			

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
d) Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados			
e) Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario			
f) Adquisición de medios de prevención (EPI).			
g) Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.			
h) Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentales e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesitan acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes			
i) Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.			
T O T A L			

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía, en

_____, de _____ de dous mil vinte

Vº e Prace
A Alcaldía.

ANEXO XVI

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)

**POS+ ADICIONAL 1/ 2020
POR APLICACIÓN DE PARTE DO SUPERAVIT DE OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS
INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 NO EXERCICIO 2020**

CONCELLO	
DATA	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	

De acordo co esixido na Base 12 das reguladoras deste Plan, emítase este informe relativo aos gastos sociais extraordinarios derivadas do COVID-19, incluídos **nas prestacións do artigo 1.2 en relación co artigo 3 do Real decreto-lei 8/2020**, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, (BOE nº 73 do 18 de marzo de 2020), e en relación co artigo 20 do Real decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19. (BOE Nº 91 do 1 de abril de 2020).

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a)Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia			
b)Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria			
c)Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.			

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
d)Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados			
e)Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario			
f)Adquisición de medios de prevención (EPI).			
g)Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.			
h)Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentais e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesitan acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes			
i)Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.			
T O T A L			

ANEXO XVII

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)

**POS+ ADICIONAL 1/ 2020
POR APLICACIÓN DE PARTE DO SUPERAVIT DE OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS
INFORME SOBRE XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS
DERIVADOS DO COVID-19 NO EXERCICIO 2020**

CONCELLO	
DATA	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	

De acordo co esixido na Base 12 das reguladoras deste Plan, emítase este informe relativo á xustificación dos gastos sociais extraordinarios derivadas do COVID-19, incluídos **nas prestacións do artigo 1.2 en relación co artigo 3 do Real decreto-lei 8/2020**, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, (BOE nº 73 do 18 de marzo de 2020), e en relación co artigo 20 do Real decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19. (BOE Nº 91 do 1 de abril de 2020).

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PAGOS REALIZADOS 2020 (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR INGRESOS PUBLICOS OU PRIVADOS (B)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a)Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia			
b)Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria			
c)Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.			

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PAGOS REALIZADOS 2020 (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR INGRESOS PUBLICOS OU PRIVADOS (B)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
d)Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados			
e)Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario			
f)Adquisición de medios de prevención (EPI).			
g)Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.			
h)Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentais e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesitan acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes			
i)Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.			
T O T A L			

ANEXO XVIII ÁS BASES DO POS+AD1/2020

Importes en miles de €

Información relativa a la aplicación del artículo 3 del Real Decreto-Ley 8/2020, de 17 de marzo, de la da 6ª de la LOEPSF, de la da 16ª del TRLRHL, y de los límites individuales correspondientes al del conjunto de EELL de 300 m€ (Anexo III Real Decreto-Ley 11/2020)	Clasificación por programas			Clasificación económica			Gasto autorizado	Gasto comprometido	Obligaciones reconocidas
	Area de gasto	Política de gasto	Grupo de Programa	Capítulo	Artículo	Concepto			
A) Prestaciones recogidas en artículo 1.2 del RDL 8/2020, de 17 marzo									
a) Reforzar los servicios de proximidad de carácter domiciliario para garantizar los cuidados especialmente a personas mayores, con discapacidad o en situación de dependencia, compensando el cierre de comedores, centros de día, ocupacionales y servicios similares, incluyendo la ayuda a domicilio en todas sus modalidades									
b) Incrementar y reforzar el funcionamiento de dispositivos de teleasistencia domiciliaria									
c) Prestación en domicilio, cuando sea considerado necesario, de servicios de rehabilitación, terapia ocupacional, servicios de higiene, y similares									
d) Reforzar los dispositivos de atención a personas sin hogar, con personal y medios materiales adecuados, asegurando la protección de las personas									
e) Reforzar las plantillas de centros de Servicios Sociales y residenciales en caso de sustituciones o por prestación de nuevos servicios o sobrecarga									
f) Adquisición de medios de prevención (EPI)									
g) Ampliar la dotación de partidas para garantizar ingresos suficientes a las familias, para cobertura de sus necesidades básicas, de urgencia o de inserción									
h) Reforzar, con servicios y dispositivos adecuados, los servicios de respiro a cuidadores y medidas de conciliación para familias con bajos ingresos y necesiten trabajar o salir de su domicilio por razones justificadas y/o urgentes									
i) Otras medidas imprescindibles y urgentes, debidamente justificadas, para atender a personas especialmente vulnerables con motivo de esta crisis									
Importe total por prestaciones del artículo 1.2 del RDL									
Importe total por prestaciones del artículo 1.2 del RDL, gastos inversión y transferencias de capital									

ANEXO XIX

CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2020

POS+ADICIONAL 2 /2020

D. / Dna. _____

Secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que (indicar o órgano) deste concello, na sesión realizada o día ___/___/2020 adoptou o seguinte acordo:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
TOTAL			

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
TOTAL			

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo:

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes			
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020			
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020			
TOTAL			

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía, en

_____, de _____ de dous mil vinte.

Vº e Pr.

A Alcaldía.

ANEXO XX

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)

POS+ ADICIONAL 2/2020

CONCELLO DE	
DATA	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE	

DECLARO QUE:

1.- Este concello confirma a inclusión no POS+ ADICIONAL 2/2020 do investimento indicado, que xa figuraba incluído no POS+ 2020 Complementario aprobado con carácter de reserva, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2.- O proxecto da obra ou prego da subministración, e os demais documentos requiridos nas Bases, son os que este concello presentou no seu momento na convocatoria POS+ 2020 Complementario.

15.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Cubrición de área de xogos, ordenación e implantación de elementos no parque infantil da Praza de Chavián en Bertamiráns", do Concello de Ames, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0404.0.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 3 de outubro de 2017

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018

Logo de ver que no Anexo a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+ 2018, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Ames denominada "Cubrición de área de xogos, ordenación e implantación de elementos no parque infantil da Praza de Chavián en Bertamiráns", co código 2018.2200.0404.0

Logo de presentar o Concello de Ames un proxecto modificado desta obra, xunto cos informes técnicos xustificativos da modificación do proxecto, así como a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente e contando co informe de supervisión favorable do proxecto emitido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Ames denominada "Cubrición de área de xogos, ordenación e implantación de elementos no parque infantil da Praza de Chavián en Bertamiráns", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, co código 2018.2200.0404.0, que foi aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, que aínda que non varía nin a finalidade nin o obxecto da obra, nin tampouco supón unha alteración substancial do seu contido, supón unha diminución do seu orzamento de contrata en 264,82 €, respecto ao do proxecto técnico inicial, introducindo modificacións nalgunhas partidas orzamentarias do proxecto inicial, xa que unha vez iniciadas as obras detectáronse unha serie de imprecisións e elementos a subsanar na solución proposta inicialmente

Proxecto Modificado “Cubrición de área de xogos, ordenación e implantación de elementos no parque infantil da Praza de Chavián en Bertamiráns” POS+2018 (2018.2200.0404.0)				
		Contrata	Adxudicación	Balxa
PROXECTO INICIAL	Deputación	189.775,83	153.549,00	36.226,83
	Concello	0,00	0,00	0,00
	Total	189.775,83	153.549,00	36.226,83
PROXECTO MODIFICADO	Deputación	189.511,01	153.334,73	36.176,28
	Concello	0,00	0,00	0,00
	Total	189.511,01	153.334,73	36.176,28
DIFERENZA(DIMINUCIÓN)	Deputación	264,82	214,27	50,55
	Concello	0,00	0,00	0,00
	Total	264,82	214,27	50,55

2.- Notificar este acordo ao Concello de Ames para os efectos oportunos."

16.- Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da Liquidación da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes (Consortio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao exercicio de 2019, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información prevista na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

Dáse conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da Liquidación da Deputación Provincial e dos seus Entes dependentes (Consortio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña), correspondente ao exercicio de 2019, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

17.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de febreiro de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 29 de febreiro de 2020.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de febreiro de 2020.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 29 de febreiro de 2020.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

18.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de marzo de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de marzo de 2020.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de marzo de 2020.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de marzo de 2020.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

19.- Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo 2021-2023.

Dáse conta do contido do Plan orzamentario a medio prazo 2021-2023, de aprobación pola Presidencia

20.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 2/2020 de aprobación polo Pleno

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 2/2020 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 19.869.580,00 euros e que ofrece o seguinte resumo:

F) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios: 4.580.080,00

SC. Suplementos de crédito: 15.289.500,00

Total aumentos: 19.869.580,00

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería: 19.869.580,00

Baixas por anulación: 0,00

Total financiamento: 19.869.580,00

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	0,00	0,00
2. Gastos correntes	595.580,00	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Trans. correntes	9.259.000,00	0,00
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	15.000,00	0,00
7. Trans. de capital	10.000.000,00	0,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
• Impostos directos	0,00
• Impostos indirectos	0,00
• Taxas e outros ingresos	0,00
• Transferencias correntes	0,00
• Ingresos patrimoniais	0,00
• Enaxenación investimentos reais	0,00
• Transferencias de capital	0,00
• Act. Finan. (Reman. Tesourería)	19.869.580,00
• Pasivos financeiros	0,00

TOTAL:	19.869.580,00	0,00	TOTAL:	19.869.580,00
---------------	----------------------	-------------	---------------	----------------------

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularsen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril, e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitírase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2020 exceden do límite establecido na regra de gasto, deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio neste mes, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización de remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

6.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

21.- Dación de conta da información, relativa o Orzamento Provincial e o do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e as Contas Anuais da Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) para o exercicio

2020, rendida ao Ministerio de Facenda en cumprimento da Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información establecidas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Tomar coñecemento da información remitida o Ministerio de Facenda en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

22.- Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2020, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Tomar coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2020, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

2. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.

3. Envíar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma."

23.- Aprobación dun novo regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal da Deputación Provincial da Coruña.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica

e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños, e a abstención do PP, acorda:

"Aprobar un novo regulamento regulador da selección de persoal funcionario interino e laboral temporal da Deputación Provincial da Coruña, quedando redactado como segue:

Regulamento regulador da selección de persoal funcionario interino e laboral temporal da Deputación Provincial da Coruña

Artigo 1. O obxecto deste regulamento é a regulación da cobertura temporal de prazas vacantes da Deputación Provincial da Coruña, con funcionarios interinos e con persoal laboral temporal, nos casos previstos legalmente.

Artigo 2. O presente regulamento será de aplicación ás listas que se confeccionen e aos nomeamentos derivados das ditas listas, que se produzan a partir da entrada en vigor deste regulamento.

Artigo 3. Para facer efectivo o sistema de cobertura, unha vez celebrados os procesos selectivos correspondentes para o acceso ás prazas incluídas nas ofertas de emprego público, confeccionaranse as listas correspondentes con aquelas persoas aspirantes que se presentaran ás probas selectivas do último proceso de acceso á condición de funcionario de carreira ou laboral fixo, convocadas pola Deputación Provincial da Coruña, e aprobaran algún exercicio. Para estes efectos, computaranse as notas obtidas nas probas aprobadas correspondentes ao mesmo corpo, escala, subescala ou categoría da lista que se pretenda formar. Tratándose de procesos selectivos celebrados para a cobertura de prazas incursas nos procesos de estabilización terase en conta, ademáis das notas obtidas polos aspirantes que aprobaran algún exercicio, a puntuación obtida na fase de concurso.

No caso de empate prevalecerá a nota máis alta obtida no primeiro exame, de persistir o empate terá preferencia a muller ao home sempre e cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría se verifique a infrarrepresentación do sexo feminino nunha diferenza porcentual de polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes, agás se considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nos candidatos de ambos sexos existen motivos non discriminatorios para preferir ao home, e en caso de continuar o empate terá preferencia o/a aspirante de maior idade.

Artigo 4. No caso de que non se celebrasen procesos selectivos ou que se esgotasen as listas, aprobarase unha convocatoria específica para a elaboración das listas de aspirantes para aquelas prazas e/ou contratacións laborais temporais que resulten necesarias. A dita convocatoria, xunto coas bases da proba selectiva, publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 5. As solicitudes, presentaranse dentro do prazo e na forma indicados na convocatoria.

Artigo 6. Expirado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos e outorgarase un prazo de 10 días para subsanar, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015 da Lei 39/2015, de 1 de outubro , do procedemento administrativo común das administracións públicas. Finalizado o dito prazo, por resolución da presidencia aprobarase a lista definitiva, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, xunto coa composición do tribunal cualificador, lugar, data e hora do primeiro exercicio.

Os erros de feito poderán corrixirse en calquera momento de oficio ou por pedimento do interesado.

Artigo 7. O tribunal cualificador estará composto por unha persoa que exercerá as funcións da presidencia, un número impar de vogais e un secretario. Todos eles haberán de ser persoal funcionario de carreira ou laboral fixo e serán designados polo presidente da corporación. A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade e tenderase á paridade entre homes e mulleres. Terá a consideración de órgano colexiado e como tal estará suxeito ás normas contidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

O tribunal resolverá durante o proceso de elaboración das listas todas as cuestións de interpretación que se presenten.

Artigo 8. Unha vez elaboradas as listas con todas as persoas aprobadas, elevaranse á Presidencia da Deputación Provincial, que as aprobará por resolución e, unha vez aprobadas, publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web da Deputación. Publicaranse tamén na web as actualizacións das diferentes listas, con motivo de nomeamentos, ceses ou suspensións.

Artigo 9. O nomeamento e cesamento de persoal funcionario interino e do contratado laboral temporal realizarase de acordo coa lexislación vixente aplicable en cada caso. Establécese un período de prácticas de 15 días. O cómputo do dito período verase interrompido polo disfrute de licenzas, permisos, vacacións e situación de incapacidade transitoria. No caso de que o funcionario interino en prácticas cesara antes do transcurso do prazo de 15 días e se formalizase posteriormente outro nomeamento, o período de prácticas continuará ata alcanzar o límite indicado.

Artigo 10. As listas renovarase despois de que se resolvan as convocatorias de acceso aos corpos, escalas, subescalas e/ou categorías incluídas na oferta pública de emprego correspondente á que se refiran tales convocatorias, ou trala resolución das convocatorias de procesos selectivos específicos para a elaboración de listas para un posto determinado. Aprobadas estas novas listas, perderán validez as que ata entón estivesen vixentes, extinguíndose o dereito a permanecer nestas unha vez aprobadas as novas. En todo caso, as listas terán unha vixencia máxima de 3 anos, salvo que estea en tramitación un proceso selectivo en cuxo caso prorrogarase automaticamente a súa eficacia ata a aprobación da nova lista resultante do proceso selectivo en curso.

Artigo 11. As persoas integrantes das listas estarán nalgunha das seguintes situacións:

- **Activo:** cando a persoa aspirante teña tomado posesión do posto que lle fora ofertado.
- **Dispoñible:** cando a persoa aspirante estea á espera de recibir unha oferta de nomeamento temporal.
- **En suspensión:** cando a persoa aspirante rexeite un nomeamento por causa xustificada e debidamente acreditada. Esta situación implica a suspensión dos chamamentos e permite manter o número de orde na lista. Prolongarase durante o tempo que se manteña a causa que a motiva e haberá de acreditarse documentalmentemente, tanto ao inicio como á finalización, no prazo de cinco días hábiles. O incumprimento da obriga de comunicación neste prazo implica a exclusión da lista.

Considéranse causas xustificadas para pasar á situación de suspensión as seguintes:

- ✓ Enfermidade ou accidente que incapacite temporalmente para o traballo, incluíndo a incapacidade temporal por risco durante o embarazo. O parte de baixa haberá ter data anterior ao día do chamamento.
 - ✓ Maternidade, paternidade, acollemento ou adopción legal co límite temporal equivalente ao permiso/licenza.
 - ✓ O desempeño de servizos, no momento de ser chamado, en calquera administración pública.
 - ✓ Relación laboral cunha empresa, formalizada mediante contrato laboral rexistrado no correspondente Servizo Público de Emprego.
 - ✓ Incoación de dilixencias xudiciais en casos de ser vítima de violencia de xénero.
 - ✓ Coincidencia coa celebración de matrimonio ou unión de feito, debidamente acreditado mediante documento público, durante o período de duración do correspondente permiso.
 - ✓ Coidado directo de menores ou persoas dependentes ate o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razón de idade, enfermidade ou accidente non se poidan valer por si mesmos, sempre que se acredite a convivencia coas ditas persoas.
- **Excluído:** cando a persoa aspirante rexeite unha oferta sen acreditar unha causa xustificada para pasar á situación de suspensión, cando non responda no prazo de dous días hábiles posteriores á data do primeiro chamamento, cando sexa imposible a súa localización polos medios indicados na instancia de presentación ao proceso selectivo, cando non se presente para tomar posesión na data para a que fora convocada ou cando cese voluntariamente durante a vixencia dun nomeamento. Tamén nos casos de separación do servizo por sanción disciplinaria.

Artigo 12. Durante a vixencia dunha lista, manterase sempre a orde de prelación inicial das persoas aspirantes, tendo en conta as seguintes regras á hora de facer os chamamentos:

- A mellora de emprego suporá o ofrecemento, por unha soa vez e por orde de prelación na lista, dun nomeamento en posto vacante.
- Cando o posto de traballo obxecto de cobertura esixa requisitos específicos,

de acordo coa Relación de postos de traballo ou coa normativa correspondente, o chamamento limitarase aos aspirantes da lista que acrediten tales méritos.

- Cando se solicite cubrir un posto dunha lista que estea esgotada ou esta non exista, poderán facerse os chamamentos doutra distinta, sempre que se trate de categorías iguais ou superiores á que se pretende cubrir e as funcións dos postos sexan similares.
- As persoas con nomeamentos con redución de xornada igual ou inferior á ordinaria poderán renunciar ao nomeamento ao cumprirse os seis meses de traballo efectivo, sen ser penalizadas.
- Cando unha persoa candidata da lista sexa nomeada para substituír a un traballador e no transcurso do seu nomeamento cambie o motivo da substitución da dita persoa, disporase a continuidade do funcionario interino nomeado inicialmente, agás que o motivo implique que a praza quede vacante, pois neste suposto aplicaríase a mellora de emprego por orde de prelación.
- Cando a persoa aspirante alcance un tempo acumulado mínimo de prestación de servizos por un ano, por un ou máis nomeamentos dentro da mesma lista, aplicaráselle unha suspensión temporal dos chamamentos por un tempo igual á duración da prestación contributiva por desemprego derivada do tempo traballado nesta administración.

Artigo 13. Os chamamentos das persoas aspirantes faranse: telefonicamente, por correo electrónico e mediante SMS. Para iso a persoa interesada deberá facilitar todos os seus datos para facer efectivo o chamamento por algunha destas modalidades. Os chamamentos faranse entre as 8:00 e as 15:00 horas e a persoa funcionaria que os realice fará constar, mediante dilixencia, a realización de tales chamamentos con indicación de se tiveron ou non resposta. As persoas candidatas disporán dun prazo de dous días hábiles para aceptar ou renunciar.

Quedarán excluídas, con carácter definitivo, da correspondente lista, as persoas que:

- a) Renuncien expresamente e por escrito a formar parte da lista.
- b) Tendo sido chamadas, rexeiten un nomeamento por causas non xustificadas.
- c) Tendo sido chamadas, non respondan á proposta dentro do prazo de dous días hábiles.
- d) Unha vez nomeadas, renuncien expresamente e por escrito ao nomeamento, agás no suposto de mellora de emprego, previsto no artigo 11.
- e) Unha vez nomeadas, sexan separadas do servizo por sanción disciplinaria.
- f) Non superen o período de prácticas previsto no artigo 9.

Artigo 14. Para que se poidan cubrir as baixas por incapacidade temporal con persoal temporal, a súa duración estimarase como mínimo dun mes, con excepción do persoal docente e atención directa de menores.

Artigo 15. Nos casos nos que a Deputación non dispoña de listas propias para cubrir temporalmente postos de persoal docente, acudirase á relación baremada que a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria ten para tal fin.

Artigo 16. Antes da toma de posesión, os aspirantes deberán presentar os seguintes documentos:

- a) Título ou certificación do mesmo esixido para tomar parte nas probas selectivas para cubrir as correspondentes prazas.
- b) Declaración de non estar separado mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- c) Declaración de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.
- d) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que incapacite para o exercicio das funcións das prazas convocadas, expedido polo facultativo de medicina de familia do Sergas ou similar que corresponda aos interesados.
- e) Os aspirantes aprobados que fixesen valer a súa condición de persoal con discapacidade na instancia, deberán presentar tamén a certificación que acredite tal condición, e igualmente deberán presentar certificado, expedido polo mesmo órgano ou polo competente da administración sanitaria, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.
- f) Se se tratase de nacionais doutros estados nos casos previstos no artigo 57 do Real decreto lexislativo 5/2015 e 52 da Lei 5/2015 do emprego público de Galicia, a documentación que acredite a súa condición.
- g) De ser o caso, certificado negativo de delitos de natureza sexual.
- h) A documentación acreditativa do cumprimento dos restantes requisitos esixidos na convocatoria

Artigo 17. Créase unha Comisión de Seguimento dos nomeamentos e contratos celebrados en aplicación deste Regulamento á que dará conta O Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos en relación coa xestión das respectivas listas. A súa composición será a seguinte:

Presidenta/e: xefa/e do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos

Vogais:

- Un membro por cada sindicato con representación na Mesa Xeral de Empregados Públicos
- A oficial maior
- A/o xefa/e da Sección de Planificación de Recursos Humanos
- A/o xefa/e de Negociado de Planificación I de Recursos Humanos

Secretaria:

- A/o xefa/e da Negociado de Planificación II de Recursos Humanos

Esta Comisión reunirse con carácter ordinario cada seis meses e con carácter extraordinario cando así o solicite o Servizo de planificación e xestión de recursos humanos para resolver ou avaliar as situacións extraordinarias."

24.- Aprobación da modificación do anexo I do Regulamento de actualización da identidade visual da Deputación Provincial da Coruña.

Sr. Secretario

Hai un erro material no ditame, a cor está correctamente recollida, pero os valores na escala Pantone, que definen esa cor, trasladáronse incorrectamente, así que como xa se indicou aos Grupos por correo electrónico, figurarán coherentemente os valores da cor Pantone 2757 C, tanto no Cyan, como no maxenta e nas outras cores que definen a cor que finalmente se ve.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia no capítulo VI do título VI, regula os símbolos das entidades locais de Galicia, e o Decreto 19/2010, do 11 de febreiro, aproba o Regulamento de símbolos das entidades locais de Galicia. Estes son o escudo e a bandeira.

A Deputación Provincial da Coruña aprobou a adopción do actual escudo en sesión plenaria do 26 de xaneiro de 1963. O Ministerio da Gobernación aprobou o seu uso mediante Decreto do 10 de agosto de 1963.

Posteriormente, co fin de proxectar ao exterior unha imaxe máis definida e identificable, adoptouse o uso dunha marca, formada polo logotipo, símbolo e cor para ser usada conxuntamente co escudo heráldico.

A primeira marca adoptada foi modificada no ano 2012 ao aprobarse o Regulamento de actualización da identidade visual da Deputación provincial da Coruña.

Ao amparo do regulamento aprobáronse mediante senllas resolucións do presidente o Manual de identidade así como o Manual de uso.

Durante este tempo algún dos elementos identificadores quedaron en total desuso e ao mesmo tempo xurdiu a demanda de novos identificadores.

Faise necesario modernizar a marca cos seguintes obxectivos:

1. Preservar a integridade existente da marca
2. Infundir unha nova enerxía á imaxe da Deputación Provincial da Coruña.
3. Asegurar que a imaxe institucional se manteña actualizada nunha situación cambiante.

4. Expandir o alcance da Deputación Provincial da Coruña aos concellos e a entidades da provincia.
5. Revitalizar a imaxe da Deputación co que é e o que realiza na actualidade.

Para iso solicitouse da Imprenta Provincial unha adaptación do anexo II do Regulamento de actualización da identidade visual da Deputación Provincial da Coruña modificando o Pantone que se utilizará como cor principal e cor secundaria, en liña coas novas tendencias e co obxectivo xa sinalado de infundir unha nova enerxía á imaxe da Deputación. Isto permitirá, unha vez aprobada a modificación, proceder á modificación dos manuais.

Polo anterior propónselle ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Modificar inicialmente o Regulamento de actualización da identidade visual da Deputación Provincial da Coruña, anexo II, que se transcribe a continuación do punto cuarto.

2º.- Someter o presente acordo a exposición pública durante trinta días para a presentación de reclamacións

3º.- Entender definitivamente adoptado o presente acordo no caso de que non haxa reclamacións, en caso contrario sometelo a novo acordo plenario para a resolución destas.

4º.- Publicar o contido íntegro consolidado do regulamento no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, despois da aprobación definitiva, como requisito para a súa entrada en vigor, unha vez cumpridos os trámites esixidos polo artigo 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local."

REGULAMENTO DE ACTUALIZACIÓN DA IDENTIDADE VISUAL DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

ANEXO II

IDENTIFICADOR PRINCIPAL



Deputación
DA CORUÑA

IDENTIFICADOR SECUNDARIO



**Deputación
DA CORUÑA**

ELEMENTOS DA IDENTIDADE



**Deputación
DA CORUÑA**



IMAGOTIPO



**Deputación
DA CORUÑA**

LOGOTIPO

■ COLOR: PANTONE 2757 C
C: 100 M: 81 Y: 00 K: 51

□ TIPOGRAFÍA: ALLER - Regular | Bold | Light



Deputación DA CORUÑA



IMAGOTIPO



Deputación
DA CORUÑA



Deputación
DA CORUÑA

Deputación DA CORUÑA

LOGOTIPO

■ COLOR: PANTONE 2757 C
C: 100 M: 81 Y: 00 K: 51

□ TIPOGRAFÍA: ALLER - Regular | Bold | Light

COR E TIPOGRAFÍA

COLOR PRINCIPAL



PANTONE 2757 C

C	100	R	00
M	81	G	31
Y	0	B	99
K	51		

COLOR SECUNDARIO



K 70%

C	0	R	112
M	0	G	111
Y	0	B	111
K	70		



TIPOGRAFÍA
CORPORATIVA

ALLER - Regular | Bold | Light

ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZÁÉÍÓÚ abcdefghijklmñopqrstuvwxyzáéíóú
1234567890.,;:_!¿?=".\$%&/()@#+Ç{}<>

ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZÁÉÍÓÚ abcdefghijklmñopqrstuvwxyzáéíóú
1234567890.,;:_!¿?=".\$%&/()@#+Ç{}<>

ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZÁÉÍÓÚ abcdefghijklmñopqrstuvwxyzáéíóú
1234567890.,;:_!¿?=".\$%&/()@#+Ç{}<>



TIPOGRAFÍA
COMPLEMENTARIA

MYRIAD PRO - Regular | Bold

ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZÁÉÍÓÚ abcdefghijklmñopqrstuvwxyzáéíóú
1234567890.,;:_!¿?=".\$%&/()@#+Ç{}<>

ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZÁÉÍÓÚ abcdefghijklmñopqrstuvwxyzáéíóú
1234567890.,;:_!¿?=".\$%&/()@#+Ç{}<>

25.- Aprobación da proposición da Presidencia sobre o nomeamento de representante da Deputación en Organismos externos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Nomear á deputada dona Rosa Gallego Neira como representante da Deputación Provincial da Coruña no Consello de Administración da entidade Afianzamientos de Galicia Sociedad de Garantía Recíproca, abreviadamente Afigal SGR.

A persoa designada informará sobre o funcionamento do órgano no que participa en representación da deputación, así como sobre a súa propia actividade no seo do mesmo, sempre que sexa requirido polo Pleno, polo Presidente ou pola Xunta de Goberno e periodicamente nos termos que estableza o regulamento orgánico".

Sr. Presidente

Darlle as grazas a Rosa en público por prestarse a representar á Deputación nun organismo esencial neste tempos como é Afigal. Grazas, Rosa.

26.- Aprobación do Plan de Emprego Local (PEL) 2020-2023

INTERVENCÍONS

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día a todos e a todas. Tráese para aprobación a este Pleno o Plan de emprego local 2020-2023, facer unha pequena reflexión sobre o que supuxo este Plan ao longo da pasada lexislatura, 2016-2019, no que se crearon 2.636 empregos na provincia grazas a este PEL concellos e PEL PEMES, e máis de 829 persoas, novas autónomas e novos empresarios realizaron investimentos con cargo a esta actividade, actividades relacionadas coa súa realidade e a súa actividade empresarial grazas a este Plan.

Polo tanto, neste ocasión na que ademais, dada a situación que estamos a vivir coa crise da COVID-19 e das consecuencias de carácter económico que esa crise vai ter para os distintos sectores empresariais da nosa provincia, cremos que é momento de apostar e de facelo aínda con máis forza por este Plan de emprego local para o ano 2020-2023. Haberá neste caso catro liñas de actuación, a primeira delas é o PEL concellos, que por todos é coñecido, e que está pensado para que os concellos da provincia poidan contratar persoal, é dicir, crear postos de traballo para a prestación de servizos municipais ao tempo que se traballa en inserción sociolaboral

de colectivos que están en risco de exclusión, facendo fincapé, sobre todo, nas mulleres e naqueles maiores de cincuenta anos.

Tamén no que se refire ao PEL Emprende, as axudas á creación e recoñecemento de empresas no ámbito local, ao investimento e na mellora e modernización dos seus negocios, e ao fomento do emprendemento e fortalecemento da rede provincial de espazos de traballo colaborativo, creo que xa saben vostedes que puxemos en marcha eses centros de coworking, que xa están a funcionar algúns deles nalgúns concellos, como pode ser o de Oleiros, por exemplo, e que tan bo resultado están a dar.

A terceira liña sería o PEL Pemes, que é unha liña pensada para o fomento e creación directa de emprego de calidade a través da xeración de novos postos de traballo, e a última delas, o PEL- financiamento europeo, que como ben saben vostedes, ao longo dos últimos anos conseguimos axudas europeas por un importe superior aos seis millóns de euros, que se veñen a sumar ás achegas que fai a Deputación e, neste caso, con este PEL financiamento europeo de captación de fondos, axudaremos a aqueles proxectos relacionados co emprego e formación, para mellorar a empregabilidade e o emprendemento e, polo tanto, entendemos que este PEL que hoxe traemos a aprobación ao Pleno é máis completo e se adapta máis ás circunstancias da conxuntura que temos actualmente, tanto a nivel económico como empresarial, e á que imos ter por desgraza nos vindeiros meses, e que polo tanto será unha ferramenta indispensable e moi necesaria e positiva que axudará ao tecido empresarial da nosa provincia nestes difíciles momentos que estamos a vivir e os que están por vir. Iso non quita, e xa o saben vostedes, e así se trasladou nas distintas reunións que tivemos entre os voceiros dos Grupos, que se estea a traballar desde a Deputación Provincial da Coruña noutras liñas de axudas e subvencións para estes sectores que se van ver afectados, ou se están a ver xa afectados por esta situación. Polo tanto, digamos que este PEL viría a estar completado con outras liñas que a Deputación irá poñendo en marcha ao longo dos vindeiros meses en favor, como digo, de todos estes sectores. Polo tanto, agradecer tamén en nome do Goberno a todo o persoal do Servizo que traballou de forma intensa ao longo destas últimas semanas para poñer en marcha este PEL, para sacar en marcha este novo Plan de emprego local 2020-2023, e agradecerlles a todos vostedes o seu voto favorable, no caso de ser así, a este punto. Moitas grazas.

E quería sumarme para finalizar ás condolencias trasladadas polo presidente e polos distintos voceiros dos Grupos, así como o agradecemento do noso Grupo tamén para todas aquelas persoas que están a traballar e que están a sacrificarse para garantir desde servizos básicos ata a nosa saúde durante esta crise. Moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

Agradecer as palabras tamén de Bernardo e as túas, presidente.

O que nos vén en riba está claro que todos o sabemos, que agora mesmo autónomos, PEMES, o están pasando fatal, pero van seguir pasándoo mal, a hostalería agora mesmo xa din moitos que non van abrir, porque abrir unha mesa dunha terraza non lles compensa, que isto segue e isto, os datos da EPA última son tremendos, e o primeiro trimestre non vai ser nada parecido ao que nos vai vir. Dito

isto, imos votar a favor do PEL, entendemos que nove millóns é pouco, e desde a coordinación e desde a unión de todos os Grupos que nosoutros manifestamos pola nosa parte toda a disposición desde o minuto un, e eu creo que así debe de ser, que temos que estar todos a unha e articular medidas, que máis que, non é que estea mal, premios ou proxectos piloto agora mesmo, o que hai é que manter o emprego que había, volver como mínimo á situación previa á COVID, e iso vai ser moi difícil, hai que poñer moito diñeiro enriba da mesa, a Deputación pode porque está saneada e eu creo que hai que impulsar un pouco todo este tema. Entre todos, eu creo que o imos conseguir e nada máis pola nosa parte, moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas. Eu quería agradecer a oportunidade que se nos deu de participar brevemente na Comisión para a reelaboración das bases do Plan de emprego, nós pensamos que tamén é unha ferramenta esencial, tan importante como a do investimento ao que se referiu antes Regueira coa modificación das bases do Plan único, que facilita investimento, pero ademais cuestións de política social e tamén de gasto xeral dos concellos, creo que son medidas todas elas destinadas un pouco ao urxente que é intentar atallar as consecuencias inmediatas da crise.

Creo que facemos, ou que estamos intentando facer o que hai que facer, que é un pouco intentar parar esa ferida. Creo que no futuro temos que empezar a pensar as cuestións tamén en termos de modelo económico, é dicir, agora probablemente a nosa gran preocupación sexa a de atallar a perda de emprego, pero no futuro temos que pensar que sectores van ser os que nós favorezamos cos nosos investimentos, é dicir, eu creo que hai que pensar en sectorializar este tipo de axudas que agora mesmo van estar destinadas aos colectivos e aos sectores que máis padeceron os impactos da crise, pero creo que no futuro haberá que intentar favorecer a aqueles que poden ter no futuro máis capacidade de xerar emprego e tamén maior viabilidade económica porque sexan máis competitivos, creo que tamén temos que formularnos, non só sobrevivir a esta crise, senón ir un pouquiño máis alá buscando un modelo alternativo que faga da nosa economía unha economía máis competitiva, e con máis capacidade para resistir embates coma este.

En todo caso, o que dixen, nós participamos brevemente nesta reelaboración das bases, pensamos ademais que o equipo técnico fixo tamén un gran traballo, que ten esta cuestión moi ben estudada e con pequenos matices que non vén a conto subliñar agora, estamos basicamente de acordo con todo o que aquí se expón.

Sr. Presidente

Simplemente respecto disto dicir, primeiro agradecer a Alberto a súa colaboración, que foi moi activa neste tema, e agradecer a Rosa, sobre todo había prevista unha presentación dunha moción, tanto do Partido Popular, como do BNG e do PSOE, é dicir, do Goberno, respecto de, dalgunha maneira dicindo practicamente o mesmo, o que acordamos foi retiralas, porque entendemos e agradecemos publicamente o xesto do Partido Popular, porque evidentemente queda demostrado que aquí non se está a intentar sacar rédito político da cuestión, estamos, como dicía Rosa antes, absolutamente preocupados, algo que Gelo leva dicindo desde que nos vimos na primeira Xunta de portavoces despois do Decreto do estado de alarma, que a actividade non se pode parar, que hai que intentar reiniciar iso con toda a

seguridade do mundo, loxicamente, porque o virus segue aí, temos que ser moi prudentes, pero loxicamente o país non se pode parar completamente. Falaba agora Rosa dun sector absolutamente castigado, como vai ser o da hostalería, que paréceme impensable que ninguén poida abrir para ocupar unha terraza a un 30%, pero neste proceso de desescalada, como chaman, agradecer enormemente, insisto, a prudencia de Rosa, en xeral do Grupo, porque é máis a insistencia permanente de Rosa de querer que fagamos xa un Plan, etc., e que poñemos enriba todos os recursos da Deputación, que quero aclarar, e que quede claro para sempre, porque ás veces nos leva a engano os informes, nós quedamos cunha parte, pero non profundamos. A Deputación, os seus recursos son os que son, efectivamente ten 300 millóns de euros, segundo os informes do estado de contas, pero efectivamente deses 300 millóns, 186 son cartos que xa están comprometidos, son do POS de Cabanas, do POS de Padrón, do ano 2017, do 2018, do 2019, son proxectos que xa están comprometidos, eses cartos non existen a efectos de poder destinalos a outras cousas, salvo que llo queiramos sacar a un concello determinado, que non pode ser. Despois hai que sumarlle, e efectivamente, aí si é certo, froito do traballo destes últimos anos, coa vixilancia absoluta de Pardellas neste aspecto, hai un remanente importante de 70 millóns de euros, e un superávit de 22 millóns de euros, pero grazas ao labor de Intervención, que presenta, increíblemente ten que presentar un plan económico-financeiro, o cal demostra que estamos todos tolos, á administración financeira tutelante, que é a Xunta de Galicia, a cousa está perfectamente encamiñada, e só nos queda, como todos e todas sabedes, que nos autoricen a utilizalo. Deses 70 millóns podemos empregar 15, que son os que hoxe veñen a Pleno, e despois os 4 millóns que podemos empregar para fins sociais, nada máis que iso. No momento en que recibamos esa instrución que nos permita destinar a investimentos financeiramente sostibles os remanentes de Tesourería, evidentemente, imos facerlle caso a Rosa Gallego, imos facerlle caso a Alberto Lema e, por suposto, a Gelo, que, desde sempre, os tres insistiron na necesidade de que nos fixemos na economía real, que as vai pasar canutas, que as vai pasar aínda máis canutas, e que o noso é un grao de area, pero dixemos sempre, e compartides todos e todas, que é imprescindible que fagamos isto de forma coordinada con quen ten tamén moita forza neste sentido, que é a Xunta de Galicia.

Mandamos unha carta ao presidente da Xunta e tivo a amabilidade e a intelixencia de contestala persoalmente e dicirme que lle parecía unha das poucas razoables que recibira neste proceso, e que collía o guante, que el estaba facendo tamén acaparamento de recursos e que estaba esperando a que o Estado tomara decisións para loxicamente presentar un plan de reactivación para os sectores afectados, que lle parece moi lóxico que o fixera de forma coordinada coa propia Deputación. Á par estamos observando que, dentro da boa vontade dos concellos, e como dicía antes Regueira, respectando a súa autonomía local, cada un toma iniciativas na medida, eu tamén o estou facendo, é dicir, empezou Carlos, seguiuno Angel en Ferrol, Bernardo en Pontedeume, cada un, na medida das súas posibilidades. Está intentando axudar, partindo da boa vontade do alcalde ou da alcaldesa, e do medo que teñen a que caia o tecido produtivo e o emprego na súa localidade.

Polo tanto, seguindo a indicación que me facía o outro día Rioboo, como responsable da área, e falándoa con Pardellas e con Vázquez Sesmonde, eu creo que temos desde a Deputación na nosa responsabilidade de coordinación, intentar elaborar unhas bases para que cada un na súa medida, nas súas posibilidades, poida

levar a cabo un plan de reactivación económica local, de apoio aos sectores autónomos e comerciantes e hostalería basicamente, sen poñer en risco a súa estabilidade financeira, porque veñen tempos de menor recadación e tempos con curvas e, polo tanto, non podemos deixarnos atropelar pola boa vontade, temos que ser garantistas na supervivencia, desde as nosas propias entidades, para efectos de poder garantir a prestación de servizos públicos básicos nos nosos concellos, pero en calquera caso, para aquel que teña ben medida a súa vontade, e ben medida a súa capacidade económica, que o faga cunhas bases comúns, na medida do posible, e que sexan voluntarias, que aquel que queira poida acollerse a elas, e o que queira, dentro da súa autonomía loxicamente municipal, poida levar a cabo as súas propias sen ningún tipo de problema, de feito hai algúns concellos, como digo, que xa se están levando a cabo, e o aplaudimos, pero agradecer a Rioboo a iniciativa, e a Pardellas e a Vázquez Sesmonde a dispoñibilidade de facer iso porque creo que fala ben da Deputación.

En calquera caso, insisto, veñen tempos complexos, como dicía antes Rosa, estamos nunha situación extraordinaria no sanitario, van máis de 12.000 mortos, 12.000 falecidos neste mes, decenas de miles de contaxios, no sanitario a nivel mundial é unha pandemia única, un esforzo brutal único na historia na busca dunha vacina, e estamos tamén nunha situación extraordinaria nunha caída do PIB no mes que deixamos atrás de case seis puntos, e na previsión na CEOE é que chegue a case un once, a previsión do Banco de España é que ande nun doce de caída do PIB, e todos sabemos o que significa iso, por moito que sexan cifras macroeconómicas, temos a referencia da crise pasada, con caídas do 3% do PIB o que tivemos que soportar.

Co cal neste escenario todos unidos, recibir esas achegas, ás veces as ansias de axudar, ás veces non son correspondidas pola nosa parte con axilidade nas contestacións, pedimos perdón por iso, pero en calquera caso que saibades que calquera idea que sexa achegada e que se vexa viable, compartirémola e levarémola a cabo. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

Sr. Presidente

Creo que imos ter que ir nosoutros para o Congreso para ordenar o país entre todos e todas nós porque estamos dando un exemplo, todas e todos, enorme e nun momento onde se necesita máis que nunca.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Primeiro.- Aprobar o Plan de Emprego Local da Deputación Provincial da Coruña 2020-2023 que queda definido nos seguintes termos:

1. MARCO XERAL

A Deputación da Coruña ten a vontade de impulsar un novo Plan de Emprego Local, PEL 2020-23, que actuará como eixo vertebrador de todas as políticas e medidas en prol do emprego articuladas desde a Deputación para promover o desenvolvemento territorial e socioeconómico da provincia.

A nosa sociedade atópase inmersa nun entorno sociolaboral e económico complexo e cambiante, no que os polos de atracción das urbes contrastan co baleirado continuo das áreas máis rurais, resultando crucial desde as institucións públicas plans urxentes que freen e, se fora posible, revertan a situación.

Sen dúbida algunha o emprego continúa a ser unha das cuestións que máis preocupa á cidadanía polo seu enorme impacto social, constituíndo, en consecuencia, unha prioridade política de primeira orde para a presente Corporación.

Ademais, co fin de impulsar un Plan de Emprego Local eficaz, resulta preciso abordar o enorme reto demográfico que afronta a nosa provincia na súa dobre dimensión, demográfica e territorial, agudizado polos problemas estruturais como a perda continua de poboación das áreas rurais, o desemprego xuvenil e o da poboación de maior idade, así como o desemprego feminino, colectivos que corren un grave risco, se non se actúa con decisión e acerto, de cronificar esta situación no tempo.

As directrices xerais da *Estratexia Nacional fronte ao Reto Demográfico* deseñada en 2019, estableceu como liñas fundamentais de actuación para afrontar o despoboamento:

- Garantir a funcionalidade dos territorios afectados polo despoboamento e a baixa densidade.
- Mellorar a competitividade e facilitar o desenvolvemento de novas actividades económicas e o fomento do emprendemento.
- Favorecer o asentamento e a fixación da poboación no medio rural.

Estas liñas de actuación foron xa recollidas desde a posta en marcha do Plan de Emprego Local (PEL) iniciado no ano 2016, para poder facer fronte ao problema crecente do despoboamento no ámbito rural da provincia da Coruña.

Tanto a liña PEL PEMES, PEL EMPRENDE, así como as iniciativas de COWORKING e os proxectos PEL-RELEVO e PEL-RURINNOVA incorporan medidas dirixidas a afrontar o despoboamento na provincia, mediante a creación de empresas novas no ámbito rural, o apoio a aquelas empresas creadas neses territorios que precisan de financiación para consolidar os seus proxectos presentes en zonas despoboadas, ou a creación e asentamento de novos espazos de traballo colaborativo en municipios de menos de 20.000 habitantes.

Tamén se incide no apoio á contratación de traballadores/as en zonas rurais, priorizando aquelas empresas establecidas en municipios de menos de 20.000 habitantes que contraten a colectivos en situación de vulnerabilidade (parados de longa duración, mulleres, persoas con diversidade funcional, etc).

O proxecto PEL-RURINNOVA aposta polas axudas ao emprendemento de persoas

mozas no ámbito rural e en municipios máis despoboados, e o proxecto PEL-RELEVO pretende fomentar a contratación con carácter indefinido das persoas mozas non ocupadas de maneira que se creen novas oportunidades para mozos e mozas de cara a obtención dun emprego de calidade e de carácter estable en municipios rurais da provincia da Coruña.

As políticas de emprego requiren dun liderado social que compete ás institucións e adquiren gran relevancia, por resultar crucial como parte dos plans e programas de desenvolvemento territorial e por ser os seus instrumentos esenciais para alcanzar un crecemento económico sustentable e integrador e conseguir a estabilidade e a cohesión social.

Así mesmo, o novo PEL alíñase cos *17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable e 169 metas a acadar no escenario 2030 establecidos por Nacións Unidas*. Concretamente, o Plan de Emprego Local 2020-23 garda relación directa cos seguintes Obxectivos e Metas de Desenvolvemento Sustentable:

1. Obxectivo 8. Promover o crecemento económico sostido, inclusivo e sustentable, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todas as persoas.
 - Meta 8.3. Promover políticas orientadas ao desenvolvemento que apoién as actividades produtivas, a creación de postos de traballo decentes, o emprendemento, a creatividade e a innovación, e fomentar a formalización e o crecemento das microempresas e as pequenas e medianas empresas, tamén mediante o acceso a servizos financeiros.
 - Meta 8.5. Lograr o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todas as mulleres e os homes, incluídas a mocidade e as persoas con discapacidade, así como a igualdade de remuneración por traballo de igual valor.
 - Meta 8.6. Para 2020, reducir considerablemente a proporción da mocidade que non está empregada e non cursa estudos nin recibe capacitación.
 - Meta 8.8. Protexer os dereitos laborais e promover un entorno de traballo seguro e sen riscos para todas as persoas traballadoras, incluídas as migrantes, en particular as mulleres migrantes e as persoas con traballos precarios.
2. Obxectivo 4. Garantizar unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos.
 - Meta 4.4. Aumentar considerablemente o número de mozos e adultos coas competencias necesarias para acceder ao emprego, ao traballo decente e ao emprendemento.
3. Obxectivo 5. Lograr a igualdade de mulleres e homes e empoderar a todas as mulleres e as nenas.
 - Meta 5.c. Aprobar e fortalecer políticas acertadas e leis aplicables para promover a igualdade de mulleres e homes e o empoderamento de todas as mulleres e as nenas a todos os niveis.

En definitiva, o PEL 2020-23 é unha aposta polo emprendemento, a xeración de novas empresas que fortalezan o noso tecido empresarial e a fixación de poboación no rural a través de iniciativas innovadoras de autoemprego.

2. ANTECEDENTES

A Deputación da Coruña impulsou o primeiro Plan de Emprego Local-PEL no período 2016-2019. Plan que superou os obxectivos previstos e que servirá como punto de partida para que este Plan de Emprego Local PEL 2020-23 poda seguir traballando na creación de novas empresas e novos empregos no territorio.

Desde o ano 2016 o emprego é a máxima prioridade da Deputación da Coruña. A posta en marcha do PEL 2016-2019 cun investimento provincial sen precedentes, 2.643 persoas conseguiron un emprego na provincia grazas as liñas de PEL-CONCELLOS e PEL-PEMES, e 829 persoas novas autónomas e novas empresarias realizaron investimentos en bens inventariables e actividades relacionadas coa súa actividade empresarial.

Na traxectoria do PEL 2016-2019, recibíronse un total de 5.129 solicitudes de axudas correspondentes a empresas e concellos da provincia co obxectivo de mellorar a competitividade das súas entidades/empresas, a través de novos investimentos, actividades, a contratación de novo persoal e mantemento dos postos creados. De esas solicitudes, a Deputación grazas aos créditos dispostos, e a o gran esforzo inversor realizado, chegou a atender a un 37,72% das solicitudes recibidas favorecendo así o impulso e desenvolvemento das pequenas empresas ubicadas na provincia xeradoras de riqueza.

Por outra banda, o PEL 2016-2019 conseguiu captar un montante de máis de 6 millóns de euros de financiamento europeo para executar proxectos relacionados coa mellora da empregabilidade e o fomento do emprendemento.

Nestes proxectos, a Deputación da Coruña participará con 1.814.991,97 € e 5.186,84 € proveñen de aportación privada. Isto indica que a iniciativa posta en marcha pola Deputación da Coruña, o Plan de Emprego Local (PEL), foi capaz de multiplicar por 2,88 o seu investimento, sobre os fondos propios.

No análise do Impacto Económico do Plan de Emprego Local (PEL) 2016-2019 da Deputación da Coruña, realizado por unha consultora externa no marco do Proxecto, obtivéronse, entre outras, as seguintes conclusións:

Como política activa de emprego, o Plan de Emprego Local (PEL) da Deputación da Coruña destaca pola súa capacidade para fomentar e incentivar o asentamento de iniciativas de iniciativas emprendedoras, así como para xerar oportunidades de emprego na provincia da Coruña e, máis concreto, no seu entorno rural, chegando as axudas , practicamente, á maioría dos concellos da provincia. Ademais do desenvolvemento socioeconómico da provincia, a creación de emprego de calidade é unha das condicións necesarias para poder fixar poboación en zonas, onde as dinámicas demográficas non son as máis favorables.

A Deputación da Coruña, a través do seu Plan de Emprego Local (PEL), nas súas liñas Emprende, Pemes e Concellos e para os exercicios, destinou un total de 16.064.263,27 € en axudas, logrando un impacto directo valorado en 18.841.709,64 € (o que significa un impacto directo neto de 2.777.446,37 €). O impacto directo, entón, foi de 1,17 € por cada 1,00 € invertido. Por outro lado, o impacto indirecto estimado,

coas limitacións tidas en conta no análise, foi de 9.641.364,06 €, o que significa 0,60 € por cada 1,00 € invertidos. Polo tanto, o Plan de Emprego Local (PEL) da Deputación da Coruña, nestas Liñas e para os exercicios referidos, logrou un impacto global que ascendeu a 28.483.073,70 € (neto de 12.418.810,43 €), o que significa que o retorno á sociedade deste investimento foi de 1,77 € por cada 1,00 € invertidos, o que supón un impacto socioeconómico un 77 % superior ao esforzo realizado.

Este impacto socio económico, xunto coa boa acollida entre as empresas e as persoas emprendedoras e o grao de satisfacción das persoas administradas sustenta a motivación e a vontade da Deputación de apostar por un Plan de Emprego Local-PEL 2020-23.

3. PLAN DE EMPREGO LOCAL PEL 2020-23

O PEL 2020-23 seguirá tendo como obxectivo favorecer a creación, a posta en marcha e a consolidación de novas empresas na provincia, fomentar o emprendemento, atraer o talento e a innovación, valorizando os recursos locais e favorecendo a fixación de profesionais en zonas principalmente rurais para impulsar a modernización do tecido empresarial a través da oferta dunha serie de servizos e axudas complementarias ás que proporcionan as distintas administracións. Os diferentes espazos prestarán un servizo supramunicipal, ben atendendo aos límites administrativos da comarca ou atendendo a criterios de eficiencia.

Así, un dos novos retos a afrontar será a **consolidación dunha Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo**. No período anterior establecéronse as bases dos novos espazos de traballo que comezarán a funcionar de xeito coordinado creando sinerxías entre os distintos espazos da provincia. Actualmente pertencen a rede os concellos de Ames, Boiro, Brión, Carballo, A Coruña e Oleiros e están en proceso de aprobación e/ou estudio catro solicitudes máis.

En definitiva, o PEL 2020-23 seguirá apostando polo fomento do **emprendemento** como elemento clave para o crecemento económico, a creación de novos postos de traballo e o empoderamento feminino.

Neste sentido cabe sinalar que segundo se indica no informe GEM Galicia 2018, que avalía a evolución do emprendemento en Galicia, destácase que o emprendemento potencial, é dicir, aquela parte da poboación adulta que expresa a súa intención de crear unha nova empresa nos próximos tres anos, as cifras foron moi optimistas na anualidade pasada, posto que o 7,6% da poboación galega sinalou que espera emprender nun futuro inmediato (en 2017 fora o 5,9%), superando á media española que foi do 6,8%.

Este informe destaca, ademais do incremento dos índices de emprendemento na Comunidade Autónoma, o papel das mulleres no crecemento da creación de empresas, cunha taxa feminina de actividade que continúa a súa tendencia á alza e supera en case medio punto á media española. Tendencia que o PEL 2020-2023 intentará manter, poñendo o foco nas **mulleres traballadoras, emprendedoras e empresarias**, priorizándoas á hora de acceder ás axudas á contratación e ao investimento e aos postos e espazos de traballo da Rede Provincial de Espazos de Traballo.

Por outra banda outro dos novos retos que afrontará o PEL 2020-2023 é a **execución dos seis proxectos cofinanciados con fondos europeos** a prol do emprego, a mellora da empregabilidade, o fomento do emprendemento e o relevo xeracional nos negocios do rural aprobados no marco do Fondo Social Europeo e o Fondo Europeo de Desenvolvemento rexional (FEDER) a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (Interreg POCTEP).

O PEL 2020-23 adaptará as súas axudas á realidade territorial, favorecendo sempre a aqueles concellos máis pequenos e primando os sectores de actividade con mellores perspectivas a nivel provincial e servirá tamén como instrumento de traballo dos diferentes servizos que dentro da Deputación executan iniciativas e políticas vinculadas á promoción do emprego, mantendo sempre unha concepción ampla do mesmo, que englobe tamén aspectos vinculados coas dimensións de traballo, medio ambiente, cohesión territorial, loita contra a España baleirada, empoderamento feminino, captación e retención de talento e promoción económica.

Deste xeito, a presente corporación, a través do PEL 2020-23 pretende contribuír á transformación da provincia nun territorio máis emprendedor e competitivo, que sustente o seu crecemento na innovación e na excelencia empresarial.

4. OBXECTIVOS

O Plan de Emprego Local 2020-2023 focalizarase no fomento do emprendemento como sustento da xeración de emprego, da creación de empresas, da fixación da poboación nos territorios rurais da provincia e, en definitiva, do desenvolvemento socioeconómico do territorio e do benestar social.

Os obxectivos xerais do novo Plan de Emprego Local serán:

- Impulsar o emprego de calidade, prestando atención preferente ás persoas máis desfavorecidas en risco de exclusión social.
- Facilitar de maneira integral o emprendemento, poñendo en valor a súa importancia estratéxica para a nosa provincia.
- Promover a formación para o emprego, tanto das persoas desempregadas como das ocupadas, desde a concepción de que na Economía do Coñecemento a capacitación é a mellor garantía de emprego.
- Loitar contra os desequilibrios territoriais da provincia e contra a España baleirada, favorecendo aqueles territorios rurais nos que a lacra do desemprego e a escaseza de oportunidades laborais son unha realidade a que se debe facer fronte común desde as administracións públicas.
- Potenciar a creación de empresas en sectores estratéxicos, facilitando a súa posta en marcha
- Valorizar e recoñecer a labor realizada polas empresas e profesionais independentes e autónomos

Estes obxectivos xerais acadaranse a través da consecución dos seguintes **obxectivos específicos:**

- Fomentar o emprendemento e a creación de novas empresas facilitándolles ás persoas emprendedoras espazos de traballo onde desenvolver os seus proxectos empresariais e crear as súas empresas, prestándolles

asesoramento e tamén axudas en forma de subvencións para facilitarlles o investimento en bens inventariables imprescindibles para a actividade empresarial.

- Optimizar a pioneira Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo conseguindo que os concellos adheridos contén con espazos que funcionen ao máximo rendemento, conseguindo novas adhesións e acadando sinerxías e intercambios de boas prácticas entre todos eles.
- Promover o emprendemento feminino facilitando a este colectivo o acceso prioritario ás subvencións e aos espazos de traballo colaborativo, así como mellorando a súa empregabilidade a través de itinerarios formativos desenvolvidos no marco de proxectos europeos
- Favorecer á xuventude á hora de obter axudas ao emprendemento, así como promover o seu autoemprego facilitándolles espazos onde desenvolver os seus proxectos empresariais
- Crear canles comunicativos para o intercambio de boas prácticas entre persoas, empresas, concellos e, en definitiva, entre calquera beneficiario do Plan de Emprego Local
- Fomentar a fixación da mocidade no rural, favorecendo a súa contratación en empresas do rural así como impulsando o emprendemento xuvenil
- Focalizar ás axudas do novo PEL adaptándoas o máximo posible á realidade territorial
- Complementar as axudas da Xunta de Galicia e as propias dos concellos en materia de emprego e emprendemento desde una perspectiva que so as Deputacións poden aportar, sobre todo no ámbito dos municipios de tamaño medio e pequeno
- Realizar unha avaliación exhaustiva e análise do impacto económico tras a execución do Plan de Emprego Local 2020-2023.

5. PLAN E LIÑAS DE ACTUACIÓN

Este novo Plan de Emprego Local articularase en catro grandes liñas que, a súa vez, ramifícanse en liñas de actuación concretas:

- **Liña 1. PEL CONCELLOS:**

Apoio aos concellos da provincia na creación de empregos para a prestación de servizos municipais.

- **Liña 1.1. PEL CONCELLOS**

Finalidade: subvencionar os custos de contratación de traballadores e traballadoras que sexan demandantes de emprego nos distintos concellos e que se contraten expresamente para a realización de traballos necesarios para a prestación de servizos municipais, acordes ás competencias definidas no artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local.

- **Liña 2. PEL EMPRENDE**

Apoio á creación e ao recoñecemento de empresas no ámbito local, ao fomento do emprendemento e a xestión e coordinación de espazos de traballo colaborativo.

- **Liña 2.1. INICIATIVA EMPRESARIAL. EMPRENDE INVESTIMENTO**

Finalidade: contribuir á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables de pequenas, medianas empresas e microempresas en calquera das modalidades xurídicas existentes.

- **Liña 2.2. PROMOCIÓN COWORKING**

Finalidade: colaborar cos concellos da provincia que dispoñan de instalacións para a creación de espazos de traballo, ben sexan viveiros de empresas, centros de negocios ou espazos de *coworking*, ou ben aqueles que xa contén con algún destes espazos creados e precisen apoio para o seu funcionamento e dinamización.

- **Liña 2.3. PROXECTOS PILOTO**

Finalidade: facilitar un espazo de traballo ás persoas emprendedoras e empresas de recente creación no espazo de traballo colaborativo do pazo de Arenaza (Oleiros).

- **Liña 2.4. PREMIO PROVINCIAL Á MELLOR INICIATIVA EMPRESARIAL**

Finalidade: recoñecer e valorizar as iniciativas e o traballo realizado polas empresas, os autónomos, as asociacións empresariais e concellos, fomentando a súa imaxe positiva e realizando o seu papel fundamental como xeradores/as de riqueza e emprego, contribuíndo á súa sustentabilidade e fomentando a cultura emprendedora na provincia.

- **Liña 3. PEL PEMES**

Fomento da creación directa de emprego de calidade a través da xeración de novos postos de traballo

- **Liña 3.1. PEL PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN DO CADRO DE PERSOAL**

Finalidade: contribuir á inserción laboral das persoas desempregadas, favorecendo o emprego estable e de calidade a nivel local das persoas traballadoras con maiores dificultades de inserción laboral nun contexto de proximidade.

- **Liña 3.2. PEL PEMES MANTEMENTO DO CADRO DE PERSOAL**

Finalidade: apoiar ao tecido empresarial no mantemento das contratacións laborais indefinidas das persoas contratadas con cargo ao Programa de incentivos á contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas e medianas empresas e microempresas (PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN) da anualidade anterior.

- **Liña 4. PEL FINANCIAMENTO EUROPEO**

Captación de fondos procedentes da Unión Europea para o desenvolvemento de proxectos vinculados aos obxectivos do Plan de Emprego Local 2020-2023.

Finalidade: deseñar e presentar candidaturas ás convocatorias dos distintos programas de financiamento da Unión Europea que máis se adecúen ás necesidades de desenvolvemento da provincia e, máis concretamente, aos obxectivos do PEL. Así como, unha vez aprobados, levar a cabo a súa execución, implementación e seguimento.

- **Liña 5. XESTIÓN E COORDINACIÓN:**

Adicionalmente ás liñas de actuación contéplanse a liña 5. Xestión e Coordinación do Plan relativos á estrutura e de funcionamento.

6. RECURSOS DE EXECUCIÓN E XESTIÓN

Para a posta en marcha, xestión, coordinación e implementación do PEL 2020-2023 considerase necesario contar cun equipo cualificado, con experiencia e altos coñecementos na materia, para asegurar a calidade do proxecto e a eficacia e eficiencia na consecución dos obxectivos establecidos.

Así, os recursos humanos precisos para o seu correcto funcionamento deste proxecto estímense en catro técnicos/as de proxectos e dous administrativos.

Precísase dun equipo integrado e coordinado capaz de facer fronte a grande carga de traballo que este proxecto xerará. Prevense que este persoal cualificado realice tarefas de:

- Redacción de bases reguladoras, tramitación das resolucións de concesión de todas as axudas PEL, publicación no BOP, notificación e difusión.
- Revisión da documentación presentada nos distintos expedientes das convocatorias de axudas PEL (desistencias, renuncias, recursos, solicitudes de modificación de conta bancaria, cesións de crédito e reintegros, solicitudes de cambio de usuario en Subtel, etc.)
- Redacción de informes, propostas de estimación ou desestimación dos recursos potestativos de reposición e reclamacións non tributarias que se presenten tras a publicación das resolucións de concesión.
- Revisión de xustificacións de gastos que deben presentar as persoas beneficiarias no marco das convocatorias de axudas PEL, realización de requirimentos de emendas de documentación, revisión e tramitación do pago.
- Realización e actualización dos balances de situación de cada unha das convocatorias, informes de execución, memorias, notas de prensa e demais elementos de comunicación.
- Elaboración de balances de xestión e memorias de execución no que quedarán reflectidos datos estatísticos globais do Plan de Emprego Local anualmente.
- Tramitación de convenios de colaboración correspondente ao proxecto piloto e promoción de espazos de traballo (viveiros de empresas, centro de traballo e coworking) en concellos e entidades privadas.
- Xestión e coordinación da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo.
- Elaboración e actualización dos contidos da páxina web e das redes sociais do Plan de Emprego Local.
- Asesoramento e atención telefónica, por correo electrónico e presencial ás persoas administradas.
- Redacción de novas candidaturas de proxectos europeos e xestión e execución dos xa aprobados.
- Realizar unha avaliación exhaustiva e análise do impacto económico tras a execución do Plan de Emprego Local 2020-2023

7. PLANIFICACIÓN TEMPORAL

O PEL 2020-2023 comezará a executarse desde o 1 de xaneiro de 2020.

No primeiro trimestre do ano 2020 previsiblemente se publicarán as bases reguladoras das axudas de PEL-CONCELLOS, PEL-EMPRENDE Investimento e de PEL-PEMES creación e ampliación do cadro de persoal e mantemento de persoal.

Con esta data de inicio poderá darse cobertura ás solicitudes de acceso ao espazo de traballo colaborativo do Pazo de Arenaza e solicitudes de adhesión á Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo (liña 2 PEL-EMPRENDE).

A liña 4 PEL-FINANCIAMENTO EUROPEO desenvolverase de xeito transversal ás demais liñas de actuación, suxeita sempre aos prazos de publicación das diferentes convocatorias e de execución das actuacións dos proxectos xa aprobados.

Segundo: Aprobar a anualidade 2020 do PEL de acordo ao seguinte cadro de financiamento:

PROGRAMA	DENOMINACIÓN LIÑA ACTUACION	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO 2020
			IMPORTE
PEL CONCELLOS	1.1. Contratación de persoas desempregadas para a prestación de servizos en concellos	0520/24100/46201	3.000.000,00 €
	1.2. Contración de monitores/técnicos auxiliares de eAdministración nos concellos para a implantación e xestión da administración electrónica municipal	0520/24100/46201	- €
	1.2. Contración de monitores/técnicos auxiliares de eAdministración nos concellos para a implantación e xestión da administración electrónica municipal	0520/24100/22799	1.000,00 €
PEL EMPRENDE	2.1 Fomento da Iniciativa Empresarial.	0520/24100/771	1.260.000,00 €
	2.2. Promoción de Viveiros Empresas Concellos e Espazos Coworking	0520/24100/46201	150.000,00 €
		0520/24100/481	75.000,00 €
		0520/24100/45390	50.000,00 €
	2.3. Proxecto Piloto Coworking	0112/24100/22400	470,41 €
		0520/24100/76201	300.000,00 €
		0520/24100/213	8.500,00 €
		0520/24100/22700	8.000,00 €
		0520/24100/22100	6.000,00 €
		0520/24100/22101	2.000,00 €
	0520/24100/22102	10.000,00 €	
	2.4. Incentivo á Calidade e Innovación. Premio Iniciativa Empresarial	0520/24100/481	75.000,00 €
2.5 Apoio a concellos para a prestación de servizos de asesoramento a emprendedores e orientación laboral	0520/24100/22699	30.000,00 €	
2.6. Axudas para a realización de actividades e/ou actuacións de desenvolvemento da actividade empresarial	0520/24100/479	- €	
PEL PEMES	3.1. Incentivos contratación PEME e microempresas	0520/24100/479	2.000.000,00 €
	3.2 Axudas para o mantemento das contratacións indefinidas con cargo ao "Programa de Incentivos á contratación PEME e microempresas"	0520/24100/479	500.000,00 €
FINANCIAMENTO EUROPEO	4. Financiamento Europeo	0520/24100/22699	25.000,00 €
		0520/24100/22799	150.000,00 €
	Proxecto PEL Empleo Sostible no ámbito rural	0520/24100/22799	1.003.266,90 €
		0520/24100/481	192.066,00 €
PERSOAL	5.1 Persoal	0520/24100/12009	72.417,00 €
		0520/24100/12103	40.765,00 €
ASISTENCIA TÉCNICA	5.2.1 Asistencia Técnica	0520/24100/22699	40.000,00 €
	5.2.2 Publicidade	0520/24100/22699	85.000,00 €
	5.2.3 Gastos diversos	0520/24100/22699	65.000,00 €
TOTAIS			9.149.485,31 €

Terceiro: Para atender as obrigas económicas durante o exercicio 2020 que se deriven da xestión e execución PEL existe crédito suficiente no orzamento da Deputación para o exercicio 2020 en todas as partidas indicadas da que poida chegar

a habilitarse nos expedientes de modificación de crédito que se tramiten no exercicio orzamentario.

Para as anualidades 2021 a 2023, dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento da Deputación para as mesmas, o Plan concíbese co carácter de programación preventiva de actuacións suxeita, polo tanto, a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento.

Polo anteriormente exposto a aprobación do PEL 2020-23 e das súas bases quedará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente nos expedientes de aprobación dos orzamentos e de modificación de créditos que a Deputación poida aprobar ao longo dos anos 2021 a 2023 para garantir o financiamento do PEL 2020-23.

Consonte ao anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso o programa xerará crédito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

Sobre a base das consideracións expostas a programación das catro anualidades do PEL 2020-23 queda establecida nos seguintes termos:

			ORZAMENTO 2020	ORZAMENTO 2021	ORZAMENTO 2022	ORZAMENTO 2023
PROGRAMA	DENOMINACIÓN LIÑA ACTUACION	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	IMPORTE	IMPORTE	IMPORTE
PEL CONCELLOS	1.1. Contratación de persoas desempregadas para a prestación de servizos en concellos	0520/24100/46201	3.000.000,00 €	3.000.000,00 €	3.000.000,00 €	3.000.000,00 €
	1.2. Contración de monitores/técnicos auxiliares de eAdministración nos concellos para a implantación e xestión da administración electrónica municipal	0520/24100/22799	1.000,00 €	-	-	-
PEL EMPRENDE	2.1 Fomento da Iniciativa Empresarial.	0520/24100/771	1.260.000,00 €	2.260.000,00 €	2.260.000,00 €	2.260.000,00 €
	2.2. Promoción de Viveiros Empresas Concellos e Espazos Coworking	0520/24100/46201	150.000,00 €	150.000,00 €	150.000,00 €	150.000,00 €
		0520/24100/481	75.000,00 €	150.000,00 €	150.000,00 €	150.000,00 €
		0520/24100/45390	50.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €
	2.3. Proxecto Piloto Coworking	0112/24100/22400	470,41 €	470,41 €	470,41 €	470,41 €
		0520/24100/76201	300.000,00 €	300.000,00 €	300.000,00 €	300.000,00 €
		0520/24100/213	8.500,00 €	8.500,00 €	8.500,00 €	8.500,00 €
		0520/24100/22700	8.000,00 €	8.000,00 €	8.000,00 €	8.000,00 €
		0520/24100/22100	6.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €
		0520/24100/22101	2.000,00 €	2.000,00 €	2.000,00 €	2.000,00 €
	2.4. Incentivo á Calidade e Innovación. Premio Iniciativa Empresarial	0520/24100/22102	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €
0520/24100/481		75.000,00 €	75.000,00 €	75.000,00 €	75.000,00 €	
2.5 Apoio a concellos para a prestación de servizos de asesoramento a emprendedores e orientación laboral	0520/24100/22699	30.000,00 €	-	-	-	
PEL PEMES	3.1. Incentivos contratación PEME e microempresas	0520/24100/479	2.000.000,00 €	2.000.000,00 €	2.000.000,00 €	2.000.000,00 €
	3.2 Axudas para o mantemento das contratacións indefinidas con cargo ao "Programa de Incentivos á contratación PEME e microempresas"	0520/24100/479	500.000,00 €	1.000.000,00 €	1.000.000,00 €	1.000.000,00 €
FINANCIAMENTO EUROPEO	4. Financiamento Europeo	0520/24100/22699	25.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €
		0520/24100/22799	150.000,00 €	400.000,00 €	400.000,00 €	400.000,00 €
	Proxecto PEL Emprego Sostible no ámbito rural	0520/24100/22799	1.003.266,90 €	905.790,60 €	- €	- €
		0520/24100/481	192.066,00 €	173.101,50 €	- €	- €
PERSOAL	5.1 Persoal	0520/24100/12009	72.417,00 €	171.000,00 €	171.000,00 €	171.000,00 €
		0520/24100/12103	40.765,00 €	114.000,00 €	114.000,00 €	114.000,00 €
ASISTENCIA TÉCNICA	5.2.1 Asistencia Técnica	0520/24100/22699	40.000,00 €	120.000,00 €	120.000,00 €	120.000,00 €
	5.2.2 Publicidade	0520/24100/22699	85.000,00 €	115.000,00 €	115.000,00 €	115.000,00 €
	5.2.3 Gastos diversos	0520/24100/22699	65.000,00 €	65.000,00 €	65.000,00 €	65.000,00 €
	TOTAIS		9.149.485,31 €	11.108.862,51 €	10.029.970,41 €	10.029.970,41 €

Cuarto: Facultar ao Presidente da Corporación para executar as actuacións necesarias en orde ao cumprimento dos presentes acordos."

ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS

Sr. Presidente

Hai dúas mocións presentadas, a primeira de Alternativa dos Veciños para rendibilizar o remanente de tesourería da Deputación Provincial da Coruña.

1.Moción para rendibilizar o remanente de tesourería da Deputación Provincial da Coruña

Recentemente polo Pleno acordouse aprobar a liquidación de gastos e ingresos do 2019.

Na documentación presentada polos servicios técnicos económicos, área da Facenda provincial, se acredita un remanente de tesorería de 318.217.966,77 €, parte do cal está afectado por dereitos recoñecidos e obrigas netas, desprendéndose da documentación aportada un remanente de tesorería dispoñible de 70.828.157,14 €, ademáis dun superávit de 22.245.874,79 €, é dicir, a Deputación ten nos bancos 318.217.966,77 € polos cales a banca, no caso dos remanentes comprometidos estaría a abonar un interese dun 0,15%, e no caso do remanente dispoñible 70.828.157,14 €, ademáis de non percibir ingreso algún, pagámoslles un 0,50 %, o que supón un desembolso para as arcas de 354.140 € anuais.

.Por todo o exposto, se propón ao Pleno Provincial a aprobación dos seguintes:

ACORDOS

- 1.- Retirar o diñeiro inmovilizado dos bancos e ingresalo na caixa forte provincial.
- 2.- Que a Deputación preste crédito sin intereses aos concellos que necesiten sanear a súa economía e poidan afrontar os servizos básicos aos que están obrigados por lei.
- 3.- Que parte do remanente comprometido dos 318.217.966,77 € se xestione en bonos do Estado con prazos que non comprometan financiar os compromisos provinciais, o igual que fixo con unha entidade bancaria por 24 meses.
- 4.- Que co superávit do 2019 se incremente o apoio ás corporacións locais e á área de O.P. (estradas) da Deputación.

Sr. García Seoane

Eu esta moción que presenteí xa falara nalgún Pleno este mesmo tema, eu non entendo que a Administración pública teña cartos no banco, ou un cidadán calquera, pero neste caso a Administración pública, e que teña que pagarlle ao banco

por telos no banco, cando o banco o que está é facendo negocio cos cartos que lle poñen alí. Entón, é un derroche tremendo, estamos falando como mínimo de 354.000 euros, polas miñas contas, que eu non son matemático, nin economista, seguro que son moitos máis cartos, estou seguro que son moitos máis cartos, porque estamos falando de trescentos e pico millóns que están nos bancos neste momento.

Xa sei que algúns deles están nunha conta que se abriu agora hai un mes ou dous meses, pero que é unha rendibilidade irrisoria, tamén, é a que hai, pero polo menos é algo, o que non pode ser é que teñamos cartos aí e que lle paguemos ao banco por telos aí e que o banco os explote, eses mesmos bancos que nós saneamos, que os españois todos puxemos máis de 60.000 millóns, para recuperarlles a súa economía, e que non nos devolveron nada e que aínda seguen cobrándonos por acordos que hai das alturas, dos gobernos de Madrid e de Europa e outros. Pero eu son contrario a iso e, polo tanto, o que fago é presentar esta moción para rendibilizar os cartos que son da Deputación, e rendibilizalos da seguinte maneira, son catro as propostas que se fan nesta moción. Unha, retirar o diñeiro inmovilizado dos bancos e ingresalo na caixa forte provincial, acaban de dar-me agora a última hora un informe, na Comisión falouse de que ía facer un informe o tesoureiro, e claro eu vendo o informe daquela maneira do tesoureiro, manda truco, porque " que non se empece unha guerra coas entidades, isto sería provocar unha guerra coas entidades que non conduce a ningún lugar". Eu fágolle a guerra a quen sexa en defensa da ética, da honorabilidade, do que sexa, do público, fágolle a guerra a maría santísima. Polo tanto non podemos dicir que non lle fagamos a guerra aos bancos, os bancos hai que liquidalos, hai que liquidar os bancos, xa liquidaron eles moito, e agora aínda quedan uns poucos para roubarnos a todos.

E logo fálase que o mesmo diñeiro, cando eu propoño tamén que se poña en bonos do Estado, que os bonos hoxe están ao 0,14 e 0,9, pero é que nós estamos pagando o 0,5, é dicir, isto pagaríanolo a nós, o 0,14 ou o 0,9, pero nós estamos pagándolle ao banco o 0,5, en vez de cobrar estámoslle pagando, é dicir, se sumamos o 0,14 máis o 0,5 é o 0,19 que estamos recuperando. Polo tanto, estamos falando de temas moi serios, e di, "e o día que necesites, di o mesmo informe, o diñeiro, a ver que pasa". E que pasa co que ingresamos agora en Abanca, acabamos de ingresar 30 millóns, que pasa con ese diñeiro tamén? É dicir, este informe a verdade a min non me di nada de nada, e ata creo que non está moi axustado ao que tería que dicir, neste caso o señor responsable dos cartos na Deputación, o tesoureiro, non me acaba de dicir nada. E logo fala de que respecto a ter os cartos na Deputación, que sería máis custoso, ou que estaría máis ou menos así, estaría equilibrado, pois se está equilibrado xa está lóxico, polo menos os cartos témolos nós e non lle pagamos, polo tanto, temos os cartos na Deputación. Logo dime o compañeiro Antonio, hoxe pola mañá falando con el, hai outra posibilidade que sería que nos dirixamos ao Goberno da nación e que se abra a posibilidade de que os concellos e deputacións depositen o diñeiro nunha conta determinada sen pagar, ao mellor a min valeríame iso, o que non me vale é pagarlle aos bancos, non me vale pagarlle aos bancos cos cartos públicos, iso si que non o admitiría de ningunha forma.

Na miña proposta facía máis, outra das propostas é que a Deputación, hai concellos como son Laxe, como son Miño, como son Coristanco, como son Ponteceso, hai varios concellos que están na ruína, na ruína económica total e que se van aos bancos cóbranlles por ir aos bancos, cóbranlles xuros, eu diría que a Deputación, non a todo o mundo, a aqueles que o necesitaran, aqueles que o

xustificaran, que non por facelo mal, faltaría máis que agora algún concello lle dea os cartos aos autónomos e despois os pida á Deputación, ata aí poderíamos chegar, os cartos son sagrados e hai que rexerse da forma máis seria posible para que dean os froitos aos cidadáns. Polo tanto, hai moitos concellos en Galicia, citei catro, pero sei que hai uns vinte polo menos, que necesitan de cartos para funcionar, non só para pagarlle ao persoal ou para obras mínimas, para facer algunha obra. Os concellos tamén teñen que facer obras de saneamento, e non teñen cartos, obras de arranxo de camiños, e non teñen cartos, eu creo que habería que tamén abrir unha vía para darlles a posibilidade a eses concellos de vir a un crédito á Deputación a cero xuros, e por dez anos, como facíamos nestes que se entregaron nos últimos tempos ou que se propoñían algúns concellos, e algúns xa o utilizaron, pero que se amplíe neste caso excepcionalmente.

Dicía tamén, falaba de que os bonos do Estado, xa o dixen antes, xa se comentou, pero o tema do apoio á sección de obras públicas neste caso da Deputación, seguimos máis do mesmo, por moito que largamos, vai haber que cabrearse, algúns imos ter que poñernos de acordo para dicir que hai que poñer máis cartos nas obras públicas, hai que poñer máis cartos nas estradas, non me valen as evasivas, presidente, hai moita evasiva, "non te preocupes Gelo", dime un, dime o outro, pero eu non vexo nada, xa levo cinco anos agora, e botei catro no século pasado, e todo segue o mesmo. Por tanto, hai que meter máis cartos nas estradas, que os temos, e se agora imos poder liberar ese diñeiro que está aí, hai que pensar de meter unha inxección importante, non dicirnos, non, as travesías, pero tedes que pagar vós, non, as travesías son da Deputación, e as ten que arranxar a Deputación, entregarllas ao concello, e punto, e de aí para adiante que cada concello se faga cargo da súa estrada, pero temos que inxectar máis diñeiro no propio, que dá noxo ver as estradas da Deputación, dá noxo ver as estradas da Deputación, non hai máis que ir a esa que está parada en Mera que é unha verdadeira corredoiira, que a ver cando contratamos o novo contrato para acabala, unha corredoiira de catro metros e medio neste momento. Iso é o que estou pedindo, retirar o diñeiro inmovilizado, unha, que a Deputación preste créditos sen xuros aos concellos, que o necesiten e que se xustifique, que o remanente comprometido se xestione con bonos do Estado e que o superávit nos acordemos que hai que meterlle máis diñeiro aí, non sacarlle. Eu sei que agora se está facendo unha revisión do orzamento, onde imos sacar cartos que non se van gastar. Díciame Antonio hoxe pola mañá que non lle imos tocar a obras públicas, si, pero non é non tocarlle, é darlle, non lle saquemos, faltaría máis que lle sacáramos o pouco que ten, temos que darlle máis, son as estradas da Deputación provincial, e esa é a proposta que hai.

Sr. Lema Suárez

Nós apoiamos o sentido da moción, entendemos que é escandaloso todo o que se leva lexislado e feito a favor do sector financeiro nos últimos doce anos, vaise discutir despois, vaise discutir non, vaise votar, unha emenda sobre a Lei de racionalización e sustentabilidade das administracións locais, que está dalgunha maneira referida coa proposta que acaba de facer tamén o compañeiro Gelo, que vén derivada da cuestión do rescate do sector financeiro en 2008. Entón, non deixa de ser curioso que ese sector financeiro que foi rescatado, 60.000 millóns en 2008, a continuación pase a especular e a cobrar taxas polos depósitos das administracións públicas como é esta, ou outras cousas máis clamorosas aínda como que, por exemplo, o Banco Central Europeo só permita comprar débeda pública do Estado a

través de bancos privados, o cal é algo completamente escandaloso e que volvemos ir á mesma situación, o Estado salva aos bancos, e a continuación os bancos morden a man de quen os salvou, eu creo que isto hai que dicilo ou denunciálo tantas veces faga falta, ou por ir un pouco máis cerca, ao acontecido coa nova Caixa Galicia e a súa venda escandalosa ao capital privado, ou a liquidación na práctica do oco que existía da banca pública neste país, que nos deixa unha situación moi complexa, a eliminación das obras sociais das caixas, todo o que creo que todos xa sabemos, pero as sabemos e é desas cousas que sabéndoa nunca se denuncia abondo.

Entón, eu creo que por un lado apoio total ao sentido da moción de Gelo, sucede que ao mellor a parte resolutive dos acordos non ofrece garantías de viabilidade, é dicir, eu non sei desde logo se é posible poñer os cartos nunha caixa forte provincial, ou comprar desde a Administración débeda do Estado, da administración central, iso descoñezoo, co cal, estando totalmente de acordo co sentido, coa intención da moción, anunciamos que nos imos abster ata que teñamos unha solución viable, ou coñezamos unha solución viable sobre este asunto, que creo que a precisa realmente.

Sr. Presidente

Eu, antes de continuar, grazas Alberto, a moción de Gelo desprende sentido común en todos os puntos, é dicir, a todos nos chocou e pareceunos nun momento extravagante o tema da caixa forte, a min o primeiro, como vas meter na caixa forte os cartos e tal... , pero despois, falando co tesoureiro, que é un tipo dos máis brillantes que hai nesta casa, eu tampouco o vexo descabelado, o que si que eu non vin o informe, Gelo, pero eu tamén estou de acordo contigo niso de que podemos iniciar unha guerra coas entidades financeiras, teñen dous traballos, aquí temos que velar porque a Deputación saia o mellor parada posible, e punto, que os bancos teñen que existir, desde o meu punto de vista, si, pero en calquera caso cunha supervisión absoluta, e dándolle preponderancia absoluta, como dicía Alberto, ao sentido común e as necesidades da xente, evidentemente.

Entón, primeiro, o propio tesoureiro falou con distintas entidades financeiras coas que temos relación, Banco Sabadell, Abanca, Banco Santander e BBVA, se non recordo mal. O servizo de caixa nos propios bancos está totalmente suprimido desde antes xa do estado de alarma, salvo en Abanca, Abanca mantén ese servizo pero con moitas restricións, e cun prezo. Falou tamén con Prosegur, que ten unha instalación de seguridade aquí na cidade de gran capacidade, e pediulle prezo, como iniciativa propia del, porque non lle parecía unha barbaridade o que dicías Gelo, nin moito menos, o que si que non vemos é na propia casa, na Deputación. Ten as súas complicacións, pero en calquera caso, non o desbotamos, a min o da guerra coas entidades financeiras, estou contigo, non debe ser nin observada esa apreciación, pero o resto si, ten as súas complexidades técnicas, o cal non quere dicir que se desbote, a idea que che comentaba Antonio, que lle comentei eu porque lla escoitei a Abel Caballero hai vinte días, que pareceume unha boa iniciativa. Fixádevos a situación tan incoherente e tan dura de soportar, por unha parte temos todos remanentes e superávits nos nosos concellos que non nos deixan empregar, e en cambio estamos nunha situación onde por telos nas contas bancarias nos están empezando a cobrar, co cal é un sándwich de inxustiza absoluta.

Polo tanto, a proposta de Gelo desprende rabia, rabia de que non pode ser,

por iso esa idea de Abel Caballero, eu non coincido con el en moitas cousas das que propón, pero esa si que coincido plenamente, creo que o Banco de España, que é unha entidade pública que non debe de buscar o beneficio neste tipo de accións, pode habilitar contas nas que os remanentes, mentres non se deixen empregar, non teñan custo, salvo o custo mínimo de xestión que teñan para o propio Banco de España pero sen beneficio. E, polo tanto, ese é un aspecto.

E despois, está o tema dos préstamos dos concellos que o están pasando mal, eu creo que se hai alguén convencido nesta casa diso é Pardellas, que ideou o PAI con custo cero, intentando, dentro da legalidade, optimizar os recursos que tiña a Deputación na época de Diego Calvo prestarlle aos concellos para que a custo cero, en vez de deberlle aos bancos, lle debera a unha Deputación que non quere beneficios dese préstamo, iso se conseguiu co PAI. Pero por outra parte, esa proposta que fas, eu de acordo, se é posible, se é viable, que non o sei.

E, por último, o tema das estradas, é verdade que insistes nese tema das estradas, e creo que podemos, se nos deixan utilizar o remanente, que é a clave de toda esta historia, porque sen remanentes, dá igual o que propoñas, podemos destinar unha partida a estradas. Eu creo que a reactivación económica pasa tamén pola obra pública sen dúbida algunha, a min o que me preocupa de estradas é o nivel de execución, ti, se che pasamos os datos de execución do orzamento de vías e obras, alucinas, se che pasamos o nivel de execución dos plans provinciais do POS, debe estar Pardellas no 40%, máis ou menos, unha cousa así, o cal nos preocupa enormemente. Os concellos tiñan un montón de obras en lista de espera que non son capaces de executar por distintos motivos, entre outros porque Patrimonio tarda seis meses e Augas de Galicia outros seis. En calquera caso, eu estou disposto a facelo, do Plan este que temos, imos destinar unha partida a obras públicas, non son cartos tirados, nunca, e agora menos, que se necesita reactivación económica, co cal tes o compromiso de facelo. O que eu non quero é que esta moción saia, non quero que saia, nosoutros non podemos votar ao tun tun. O que che pido é que a retires agora, esta semana antes de aprobar o Plan de recuperación provincial que imos aprobar entre todos, primeiro miramos o tema de transferencia das estradas, que está feito xa desde vías e obras un Plan de transferencias para os concellos que o pedistes, como Carlos en Arteixo, ou como teñen en Oleiros, unha serie de concellos que pediron unha transferencia de vías sen ningún tipo de custo para a Deputación, esa debería de ser a primeira fase. Hai unha segunda fase onde hai concellos que piden unha transferencia de vías e obras pero con investimento previo da Deputación, e aí é onde se require o investimento que dis ti, pois temos fácil e tempo agora ademais para que te poñas ti, Pequeño e Pardellas e Cachafeiro para ver este tema con concreción.

E no tema dos remanentes e dos posibles préstamos, entre ti e Pardellas o falades, e Antonio Leira, se iso é posible, nós encantados da vida, teño as miñas dúbidas de que poida ser, pero se pode ser, encantados da vida.

No tema da caixa, falamos con Calvete, co tesoureiro, e imos vendo as opcións. Eu estou de acordo contigo, se podemos buscar un sistema seguro e que teña menor custo para a Deputación, eu súmome contigo, ao mellor quedamos sos ti máis eu, pero vou contigo, porque o comparto. Eu pídoche, compartimos os tres aspectos na moción, no tema de vías e obras xa che digo agora que si, agora significa que te sentes con Pardellas, con Cachafeiro e con Pequeño e que acordedes unha cantidade dentro do Plan provincial que imos compartir todos. Nos outros aspectos

son moi técnicos, moi, moi técnicos, e hai que conciliar o desexo que ti tes, que compartimos todos, coa posibilidade técnica. Entón, pídoche que a retires, e poñémonos esta semana, entre esta e a que vén, a traballar nos tres aspectos e ver a viabilidade, e punto.

Sr. Ben Otero

Eu quería facer un par de apreciacións respecto da moción que presenta Alternativa dos Veciños, non pretendo romper a harmonía que houbo neste Pleno, baixo ningún concepto, pero si eu creo que temos que actuar con responsabilidade, e a iso aludiuse xa con anterioridade por parte de todas as intervencións. Eu creo que o exemplo que damos como administración a día de hoxe correndo a retirar os fondos dunha entidade bancaria pode xerar certa tensión entre a poboación, é dicir, non é responsable que retiremos os fondos do banco por aquilo que poida entender a xente, e polo que está empezando a pensar xa moita xente neste país sobre o que poida vir, en primeiro lugar.

En segundo lugar, eu entendo que ti, presidente, deberías, e aí si podo coincidir con Gelo, en facer as xestións oportunas, ti directamente en primeira persoa, coas entidades correspondentes, para chegar a algún tipo de convenio ou de acordo como están facendo nalgúns outros concellos gobernados polo teu propio partido político, a través de patrocinio ou de calquera outra forma, para que non nos cobren por ter o diñeiro no banco, iso é razoable, que non nos cobren por ter o diñeiro no banco. Agora ben, chegar como administración pública a retirar o diñeiro e levalo en metálico a unha caixa forte, en primeiro lugar isto reponde a usos e costumes pasadas, que non creo que sexa o máis razoable, e en segundo lugar, a imaxe que damos de cara á poboación, ao meu xuízo, ou ao noso xuízo como Grupo, é lamentable, e aquí aproveitaría tamén para preguntarlle ao Sr. García Seoane, se no seu concello ten o diñeiro nunha caixa forte, porque é un tema que nos xerou certa curiosidade.

Respecto ao punto 2, presidente, ti o dixeches, no punto 2 da moción, creouse o PAI no mandato 2011-2015, coa presidencia de Diego Calvo, do Partido Popular, creouse o PAI, dotemos de máis fondos ao PAI, por suposto. E para pedir que o PAI sexa un plan específico, un plan á parte do POS, non coincide o sentido do PAI con aquel diñeiro que se mete para o POS, son dous conceptos completamente distintos, como consecuencia, si, máis diñeiro para o PAI, por suposto que si.

Respecto ao punto tres, comprar bonos do Estado, e por que non accións de Inditex?, enténdase a ironía neste punto. Nosoutros non somos como administración, investidores, nin xente que teña que facer depósitos para recibir unha rendibilidade dese diñeiro. E ti, presidente, recoñeciches algo, que xa o dixeches en varias ocasións, que temos un problema de xestión, si temos un problema de xestión. E aquí gustárame facerche unha pregunta, presidente, e que compares cales son os prazos e os tempos de xestión neste mandato teu de cinco anos que van xa, ou van cumprirse pronto, co anterior mandato, nos dous últimos anos do anterior mandato, que tempo de tramitación facía, que tempo de execución había, ao mellor é que temos que formulármonos o modelo que temos neste momento na propia institución.

En consecuencia, o noso voto vai ser en contra. Se retira a moción, bendito sexa Deus, quererá dicir que impera a sensatez, pero o noso voto vai ser en contra,

porque temos que actuar con responsabilidade, hoxe máis ca nunca. Nada máis e moitas grazas.

En todo caso espero, Sr. García Seoane, que a vostede e ao seu Grupo de Alternativa dos Veciños non lle parezan inapropiadas as miñas palabras, non era o que pretendía, pero é responsabilidade de todos. Nada máis e moitas grazas.

Sr. García Seoane

Eu se de algo presumo é de persoa responsable e seria, indubidablemente. Andei pola vida sempre así, sendo moi responsable e moi serio en todo aquilo que cometín, e máis cando toca ao tema público. Oleiros non lles paga ás empresas por ese diñeiro e o día que teñamos que empezar a pagar, sácolle os cartos e métoos aquí nunha caixa forte no Concello, xa a temos, por certo, da época antiga, porque na época antiga tamén se facían cousas boas, non todo o antigo é malo. Por tanto, tamén se facían cousas boas.

Os depósito teñen que ter rendibilidade para quen os deposita, non para o banco por telos alí, porque o banco non os ten quedos, o banco úsaos, o banco sácalle rendibilidade, agora non vemos máis ca anuncios, desde que hai crise, non hai anuncios de nada, de bancos si, bancos e mutuas, eu douche, ti dáme, vouche facer máis feliz, contigo, póñoche a empresa a punto, ben, todos estes rolos centolos, e non din canto lles van cobrar, ningún deles di cal é o xuro que lle van cobrar, nin o que van facer, e a ver a quen llo dan, tamén.

Respecto ao informe, o escrito que presenta neste caso o tesoureiro, o tesoureiro di que é posible ter a conta na Deputación, non di que non sexa posible, di que é posible ter a caixa forte na Deputación, e logo nunha pasaxe fala de que habería alternativas de empresas, e fala dunha empresa de seguridade, pero tamén fala de Abanca, pero di, é que Abanca, Abanca cónstame que ten este servizo na Coruña, o que eu pido de ter unha conta, e métese nesa conta, "teno suspendido e desaconsellado mentres dure o estado de alarma", o estado de alarma xa rematou, señores, poñámonos as pilas e todo deus a remar para que este país sexa o mesmo que era hai tres meses, polo menos igual que era hai tres meses. Ese é o tema, o tesoureiro para nada di que o que eu manifesto sexa imposible ou non posible.

Polo tanto, eu o que quero dicir é que cando se fala do Plan de transferencias, investimento previo, é dicir, hai que facer investimento, se non metemos diñeiro para obra pública, iso é traballo. Estamos falando de darlle a autónomos, e non sei que, pero temos nós que temos unha máquina que pode producir moito traballo, que sucede, que hai concellos que si, eu estou vendo, ano 2017, ano 2016, que se lle deu unha obra de 500.000 euros ou 600.000 e a día de hoxe non se fixo, se non se fixo ese diñeiro hai que eliminalo, porque iso foi un incompetente o Concello de quenda, porque eu teño un concello, igual que tedes moitos dos que estades aí, e onde estamos traballando, eu cada vez que lle pido á Deputación unha obra, lle dou o terreo para que a faga, nas estradas deles, pois isto poden facelo os demais, igual que o fago eu, a ver por que a min me saen as contas e aos demais non. Entón, non se poden ter cartos paralizados cinco anos, seis anos, porque moitos deles non se van realizar na vida, non se van realizar. E daquela non me estraña que haxa trescentos millóns neste momento nos bancos, e cento e pico comprometidos, claro, haberá moito máis, e chegará un momento en que xa non faremos nada, porque está

comprometido e non se fai nada. Contra os incompetentes ou contra os ineptos, hai que aplicar a lóxica, e a lóxica é, iso non se fixo, dámoslle un prazo novo e se non o fai, acabouse, e ese diñeiro a outra obra daqueles que se comprometan a que as cousas funcionen, polo tanto, claro que se poden facer moitas cousas.

Eu a moción para retirala, a min tenme que concretar, váleme a palabra do presidente cando di que vai xestionar a ver que fórmulas hai para sacar ese diñeiro e poñelo nunha conta, nun banco, porque creo que son os bancos onde se abren esas contas, unha vez que se diga por parte do Goberno, ou de Abanca que ten unha conta, que non cobraría nela, por que lle temos que pagar na outra?, que se fagan xestións para que ese diñeiro non se pague aos bancos, se non eu non a retiro.

E que a Deputación, acábame de dicir que non hai ningún problema para darlle créditos a aqueles concellos que o necesiten, ben, pois estou de acordo.

E co superávit, eu falaba de que co superávit, porque hai máis diñeiro que o que estamos falando do de resultas, hai un superávit de 22 millóns que agora estamos utilizando catro, paréceme, pois aínda quedan millóns, ese superávit pódese investir, pódese investir e, por tanto, e vaise investir con toda lóxica, ademais non dubido que se vai investir, pero hai posibilidade de ter xa cartos para que esa política de vías provinciais se incremente e non se minore, e xa digo, aqueles que non anden, traia, e se non hai traia, eliminar a carga e outro burro ao sitio.

Sr. Ben Otero

Grazas, presidente. Só dous detalles que me esquecín comentar na anterior intervención. Primeiro, nosoutros non temos o informe do tesoureiro, gustaríanos que nos fixeran chegar ese informe, nosoutros non o temos, gustaríame velo.

E en segundo lugar, presidente, -ben, Gelo, ti o terás, nosoutros non o temos como Grupo-, eu entendo que cando se fala de facer un maior investimento no Plan de vías provinciais coa participación do deputado da área, loxicamente, Sr. Pequeño, Gelo, os demais teremos algo que dicir ao respecto deste Plan de vías, sobre todo sendo o Grupo maioritario coa maior representación da Corporación, é dicir, tendo un número importante de alcaldes, queremos opinar deste Plan de vías, evidentemente estamos a favor, non cabe ningunha dúbida, de que se incremente o investimento en vías provinciais, así o comentamos en anteriores ocasións, pero queremos tamén ser escoitados neste tema, porque creo que por experiencia, xa non dos que estamos aquí, senón doutra moita xente que está nos concellos, queremos trasladar as nosas inquedanzas e as nosas propostas para este tema, e pouco máis que dicir. Nada máis.

Sr. Presidente

Grazas, Evaristo. Gelo, tes o compromiso evidentemente nos tres aspectos, para a retirada porque tampouco creo que fora bo que saíra rexeitada unha moción que en esencia compartimos todos, as tres preocupacións que ti dis, imos concretalas.

Respecto a Evaristo, claro que si, que os catro anos, facías unha pregunta respecto ao nivel de eficiencia na xestión, a xestión de Diego Calvo foi unha magnífica

xestión, non sei se mellor ou peor que este mandato, o que si é certo é que nós seguimos endebedados en cero euros, igual que estaba a Deputación hai cinco anos, seguimos en cero euros, pagamos as facturas a sete, oito días, igual que se pagaba naquel momento, co cal os indicadores son moi positivos. E respecto á execución de plans e programas, esqueceste dunha diferenza que é xogar un pouco con certa trampa, a diferenza entre aquel mandato e este son dúas leis, unha que implanta a administración electrónica, e outra que elimina os procedementos negociados nos plans de obras, e que obriga á licitación pública en aberto por esta Lei de contratos do sector público, o cal nos cambiou a vida absolutamente nos concellos, algo ten que ver co peor índice de execución, iso seguro.

Hai que votar a retirada da moción, imos proceder dándoche as grazas pola comprensión.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Apróbase por unanimidade, a retirada da moción.

Sr. Presidente

Hai unha segunda moción presentada polo Grupo Provincial de Marea Atlántica contra os parques eólicos na comarca de Ordes

2.Moción contra os parques eólicos na comarca de Ordes

A comarca de Ordes, zona declarada pola propia Xunta como de “especial interese agrario”¹, leva agora xusto dous anos, desde a primavera do 2018, sendo obxectivo directo de colocación de numerosos parques eólicos promovidos por diferentes grandes empresas, no marco da chamada transición enerxética e do boom da enerxía eólica programado para a era post-peche das centrais térmicas de Meirama e As Pontes.

Desde aquela, son xa máis dunha docena os proxectos de parques eólicos para a zona presentados ante a Xunta ou o Goberno estatal para a súa tramitación. Falamos en concreto dos denominados Parque Eólico da Pobra, Ardemil, Monte Inxerio, Gasalla, Legre, Solpor, Meirama, Encrobas, Xalo, Pico Cedeira, Monte San Bartolomé, Tornado, Orzar e Pedrabante, e de por volta de 100 macromuíños de vento de máis de 200 metros de alto cada un solicitados para a zona.

Os efectos que traería a instalación dos aerogeradores na poboación, nas actividades

¹DECRETO 206/2007, de 25 de outubro, polo que se declaran como zonas de especial interese agrario as comarcas de Ordes, A Terra Chá, A Limia, O Deza e O Baixo Miño.

socio-económicas da comarca e na paisaxe e a contaminación acústica que ocasionan xerou desde o inicio un importante rexeitamento das veciñas e dos veciños destes concellos, cun territorio maiormente marcado polo seu óptimo aproveitamento rural, agrícola, gandeiro e forestal. Obxectivamente, é razoable dicir que estamos falando de espazos territoriais non axeitados para a instalación de parques eólicos e as infraestruturas paralelas que levan aparelladas. Calcúlase que os proxectos eólicos das multinacionais nesta comarca afectarían a 1.000 postos de traballo e a máis de 500 explotacións gandeiras que hai nesta zona.

A súa afección á poboación sería moi alta, dado que os concellos da comarca de Ordes teñen uns núcleos rurais de asentamento moi diseminados por toda a xeografía, incluíndo tamén vivendas illadas no territorio. Ademais, a esixencia dos 500 metros mínimos de distancia entre eólicos e casas que marca a normativa actual é totalmente insuficiente e unha medida claramente obsoleta, pois cando se fixou os muíños que se instalaban en Galicia eran moito menores que os que agora se están proxectando.

Tendo en conta que a instalación deste tipo de parques eólicos na comarca non só afectaría, como falamos, a nivel socio-económico e do futuro poboacional, senón tamén patrimonial (veríase comprometido o Camiño de Santiago no seu trazado inglés que pasa pola comarca), paisaxístico e medioambiental (LIC río Tambre e espazos Rede Natura, Reserva da Biosfera, etc), as protestas levadas a cabo nos últimos dous anos foron numerosas:

Desde iniciativas veciñais, encabezadas pola plataforma cidadá 'Salvem os Espazos de Ordes. Aire, Auga e Terra limpas', que pasaron por recoller miles de sinaturas entregadas á Xunta en contra destes proxectos, até a presentación de alegacións nas diferentes fases dos proxectos, unha concentración no centro de Ordes, charlas informativas, etc; até a posición clara e pública e rotunda dos alcaldes e das corporacións municipais da comarca en contra dos proxectos eólicos. En efecto, en maio do 2018, a Mancomunidade de Concellos de Ordes emitía unha declaración institucional mediante a cal os concellos de Ordes, Frades, Oroso e Mesía amosaban o seu posicionamento contra a instalación de parques eólicos no seu territorio e reclamaban que a Xunta eliminase a franxa que incluía a ditos concellos no Plan Sectorial Eólico de Galicia².

A declaración tamén foi abordada e refrendada en plenos municipais dos concellos, a posición até foi visibilizada a través de pancartas colgadas en algunhas das propias casas consistoriais e a finais do 2019, a unión deu un paso máis ao comprometerse xa os sete concellos que integran a comarca (Ordes, Mesía, Frades, Tordoia, Cerceda, Oroso e Trazo) a pechar filas expresando o seu rexeitamento a parques eólicos e novas liñas de alta tensión a través dunha fotografía conxunta de alcaldes e portavoces sociais que foi amplamente difundida.

²Aquí a declaración institucional completa:

<https://www.mancomunidadeordes.gal/noticias/mancomunidade-1798/declaracion-institucional-dos-concellos-de-or-des-oroso-frades-e-mesia-contra-a-instalacion-de-parques-eolicos-no-seu-territorio-28121.html>



A pesar de todo isto, polo momento, a ameaza eólica sigue sobrevoando a comarca de Ordes e aínda que polo momento ningún parque eólico dos mencionados foi aprobado pola Xunta nin polo Estado, tampouco foron retirados. A situación é preocupante actualmente se temos en conta que algúns dos últimos proxectos de parques eólicos para a comarca foron presentados para a súa tramitación nas últimas semanas aínda, en pleno Estado de alarma pola crise do coronavirus, e algún dos que xa estaban presentados desde hai tempo, saíu a exposición pública nestes últimos días para dar paso ao tempo de alegacións. O forte impacto ambiental que supón a instalación destes parques non se ve compensada, ademais, por un retorno económico proporcional para as comunidades que os albergan, xa que o chamado Canon Eólico galego establece unha cota máxima do 5% dos beneficios producidos, é dicir, 28 millóns para toda Galicia no ano 2017.

O forte impacto ambiental que supón a instalación destes parques non se ve compensada, ademais, por un retorno económico proporcional para as comunidades que os albergan, xa que o chamado Canon Eólico galego establece unha cota máxima do 5% dos beneficios producidos, é dicir, 28 millóns para toda Galicia no ano 2017.

O posicionamento é claro: En absoluto se trata de estar en contra da enerxía renovable, senón que o que se defende é aquela máxima tan popular de 'Eólicos si, pero non así', é dicir, pensemos nunha ordenación do territorio, pensemos en protexer o rural que aínda queda vivo e blindemos comarcas como a de Ordes, onde a colocación deste tipo de infraestrutura traería máis danos que beneficios para o conxunto social.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial da Marea Atlántica propón a este pleno a adopción dos seguintes acordos:

- O Pleno da Deputación da Coruña traslada todo o seu apoio á veciñanza de Ordes, así como Mancomunidade, aos alcaldes e corporacións municipais na súa reclamación para que se reforme o Plan Sectorial Eólico de Galicia, paralizando os proxectos actualmente propostos para a comarca de Ordes, e procurando un mellor equilibrio entre o impacto e o retorno desta actividade nos territorios, e atendendo ás demandas expresadas polos colectivos e entidades.

–O Pleno da Deputación da Coruña dará traslado destes acordos á Consellería de Economía, Emprego e Industria, á Consellería de Medio Rural, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, ao propio presidente da Xunta, así como ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, ao Parlamento Galego, ao Congreso dos Deputados e a todos os concellos da comarca de Ordes.

Sr. Lema Suárez

Esta moción recolle unha serie de propostas que xa foron aprobadas con anterioridade nos diversos concellos da área de terra de Ordes, Concello de Oroso, Concello de Frades, Concello de Mesía, o propio Concello de Ordes, que recollen unha protesta veciñal e dos sectores produtivos, sobre todo o agrogandeiro, contra unha proliferación das instalacións eólicas desta comarca que seguen estando amparadas por unha lexislación obsoleta, e explícome. A prescrición de prohibir que se levanten muíños de vento a menos de quiñentos metros de onde existen vivendas, estaba pensada para un tempo en que estes muíños de vento tiñan un tamaño razoable, sendo grandes, hoxe en día estamos falando de muíños de vento que teñen ata douscentos metros de altura.

Entón, hai unha serie de cuestións que se denuncian, todos estes colectivos, e tamén forzas políticas de todo tipo, esta moción, unha moción semellante a esta foi aprobada por concellos que teñen distintas maiorías, tanto do Partido Popular como do Partido Socialista, vén recoller estas denuncias veciñais. A proliferación ou a implantación das enerxías renovables ten que ser compatible coas actividades que xa existían previamente nese lugar. Neste momento estamos falando das cidades agrogandeiras. Entón, eu creo que ademais os discursos que fagamos, digamos de todos os responsos e os réquiems tan sentidos da extinción do rural e da Galicia interior, temos que ademais intentar buscar prácticas que non entorpezan aínda máis esta viabilidade. Estamos falando dunha comarca onde existen cuestións dun gran valor patrimonial, por exemplo o propio camiño inglés, que se vería afectado pola instalación dalgún destes megaparques, ou da propia, como dixeran, actividade primaria, actividade agrogandeira, que tamén ve afectada a súa actividade por este sector. Un sector que non que ten que ver co retorno na propia comunidade, non falo na comunidade galega, falo nas entidades locais que soportan este tipo de instalacións, é moi reducido o canon eólico, estamos falando unicamente dun 5%, o cal deu lugar a cotas de recadación irrisorias, de 28 millóns de euros no ano 2018 para toda Galicia. Entón, obviamente este non pode ser o modelo, o modelo non pasa unicamente por apostar por un sector de enerxías limpas, senón que ten que ser un modelo compatible coas actividades preexistentes e, sobre todo, un modelo que xere retorno social, non un modelo unicamente pensado para, un modelo de explotación que vén pensado para as grandes, ou non tan grandes, estou pensando por exemplo no caso de Greenalia, onde recentemente incorporou ao seu traballo á antiga

conselleira de Medio Ambiente, a Beatriz Mato, por exemplo, este tipo de intervencións que, desde logo, non son en absoluto respectuosas coa comunidade na que se asenta, e tampouco xeran retornos.

Por todo isto a nosa proposta de resolución é a seguinte:

O Pleno da Deputación da Coruña traslada todo o seu apoio á veciñanza da comarca de Ordes, así como Mancomunidade, aos alcaldes e corporacións municipais, que coas súas declaracións institucionais e variadas accións levan anos reclamando que se reforme o plan sectorial eólico de Galicia, e se declare a comarca de Ordes territorio libre de parques eólicos.

E en segundo lugar dar traslado deste acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria, á Consellería de Medio Rural, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, ao propio presidente da Xunta, así como ao Ministerio de Agricultura e Pesca, e a outro tipo de entidades que están relacionadas con este feito. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Unha cousa, na proposta de acordo que acabas de ler está incluída xa a emenda que presentabas?.

Sr. Lema Suárez

Si, esta proposta foi dalgunha maneira modificada despois das conversas que tivemos con distintos representantes da Corporación, nomeadamente con representantes do BNG que nos fixeron chegar que buscaban unha liña de resolución que fose máis aceptable para eles.

Sra. Muíño Filgueira

En relación ao contido da moción, antes de comezar, sei que pode resultar redundante, eu creo que nunca van ser suficientes, a título persoal, trasladar o recordo e as condolencias polos falecidos, e tamén expresar o agradecemento aos profesionais dos servizos esenciais, e de xeito moi especial a todos os sanitarios, como non podería ser doutra maneira.

Tamén en relación co contido da moción, primeiramente resaltar que a consideración do potencial eólico de Galicia como unha oportunidade para o desenvolvemento económico, de xeito especial no que é o ámbito rural. Entendemos que o fondo do debate está no modelo, efectivamente, na catalogación do impacto dos parques eólicos en certos territorios, de xeito moi especial naqueles nos que a actividade no sector primario é unha actividade que se atopa ben desenvolvida, que é unha actividade prioritaria, e que debería de, efectivamente, existir criterios obxectivos que permitan ponderar adecuadamente este impacto. Entendemos que unha actividade industrial que debe ser unha oportunidade non debe de supoñer un atranco tampouco ao que é o desenvolvemento doutras actividades que tamén son estratéxicas e o estamos a ver nestes momentos na actualidade para o desenvolvemento do país, como é todo o que está vinculado ao sector primario. Neste sentido hai criterios obxectivos para medir ese potencial impacto, como podería ser o

número de explotacións activas, datos da PAC, incorporación de mozos e mozas en novas explotacións, hai unha lista de criterios obxectivos que se poderían medir, e entendo que é algo que se debería de ter en consideración, que un pouco é parte do argumentario que figura na moción.

(Por motivos técnicos, interrómpeuse a intervención)

Sr. Lema Suárez

Non lin a versión definitiva, acaban de comentarme, a versión finalmente acordada, volvo lela, para que conste en acta cal sería o acordo, porque polo visto houbo como varias propostas e contrapropostas e non lin a última. A última sería:

"O Pleno da Deputación da Coruña traslada todo o seu apoio á veciñanza de Ordes, así como Mancomunidade, aos alcaldes e corporacións municipais na súa reclamación para que se reforme o Plan Sectorial Eólico de Galicia, paralizano os proxectos actualmente propostos para a comarca de Ordes, e procurando un mellor equilibrio entre o impacto e o retorno desta actividade nos territorios, e atendendo ás demandas expresadas polos colectivos e entidades."

Sra. Aneiros Barros

Moitas grazas, e aproveitar para dar os bos días e un saúdo a todos os compañeiros, co desexo tamén de poder vernos persoalmente moi pronto.

En canto á moción que se formulou por parte do Grupo da Marea, empezar dicindo que non deixa de sorprender a facilidade coa que algúns partidos, en concreto neste caso a propia Marea, asumen posturas creo que contrarias claramente ao que é o progreso, ao futuro, á industria, á enerxía, na nosa comunidade autónoma e, por tanto, ao que é a xeración de emprego e riqueza en Galicia. E neste caso céntrase nun sector como é o sector eólico, como son os parques eólicos.

Creo que neste aspecto hai dúas ideas fundamentais que deben un pouco dirixir a actuación de todas as administracións, e neste caso serían en primeiro lugar a aposta decidida, e creo que sen ningunha dúbida, polo desenvolvemento das enerxías renovables, ademais as enerxías renovables autóctonas e en concreto, dentro destas, do propio sector eólico como fonte de riqueza e de emprego, e en segundo lugar, xunto con esa aposta por este sector, a necesidade de que o desenvolvemento deste sector eólico pase necesariamente tamén polo cumprimento estrito da legalidade e de todas as garantías, garantías de todo tipo, desde o punto de vista urbanístico, desde o punto de vista técnico e, por suposto, desde o punto de vista medioambiental, e estas son as dúas ideas que, en todo caso, están guiando a actuación da Xunta de Galicia en relación cos proxectos que se están tramitando para a implantación de parques eólicos en xeral e, en concreto, tamén para a comarca de Ordes.

Á Xunta lle corresponde no que é no seu ámbito competencial, neses proxectos que son da súa propia competencia, tramitar eses proxectos, coa solicitude dos informes preceptivos e coas avaliacións correspondentes e, desde logo, dando luz verde naqueles casos aos proxectos que cumpran cos requisitos, coas esixencias correspondentes, e denegando e rexeitando os que, efectivamente, non cumpran coa

normativa, como así foi en concreto na comarca de Ordes xa foron rexeitados varios proxectos, xa foron informados desfavorablemente varios proxectos por parte da propia Xunta de Galicia, o que deu orixe a esas declaracións institucionais, que o Sr. Lema citaba, declaracións institucionais que se levaron a cabo en 2018 e que, posteriormente, remataron cun rexeitamento de proxectos que a día de hoxe nin sequera se están tramitando polo que acabo de dicir, porque foron rexeitados ao non cumprir coa normativa, e así seguirá sendo a actuación en adiante por parte da Xunta e, entendo tamén, que por parte do Ministerio naqueles do seu ámbito. En todo caso, os que corresponde á Xunta están neste momento nunha fase moi inicial.

En todo caso, cremos que resulta bastante contradictorio que por un lado un Partido pretenda defender a enerxía renovable e que ao mesmo tempo se estea defendendo o desenvolvemento do sector eólico, é incoherente que por un lado se defenda esas enerxías renovables e ao mesmo tempo se estea pedindo, como se está pedindo nesta moción, a paralización dos proxectos para implantar parques eólicos, desde o noso punto de vista, insisto, totalmente contradictorio, incoherente, e cuestionámonos cal é a postura real desde o punto de vista enerxético deste Partido, cal é o modelo enerxético entón, porque desde logo é complicado de entender.

E para ir rematando, gustaríame relacionar este tema tamén co aspecto máis económico do que este sector tamén supón. Gustaríame dicir que levamos tempo alertando da situación preocupante que está pasando a industria en Galicia, dese desmantelamento industrial que desde logo ten moito que ver con decisións tomadas por parte do Goberno estatal e decisións equivocadas, e se esa situación económica e esa situación industrial nesta comunidade autónoma, era preocupante hai dous meses, creo que todos podemos coincidir en que a gravidade se incrementou e vai seguir incrementándose despois desta crise derivada da Covid_19, que imos ver unha situación moito máis grave da que víamos hai un par de meses.

Desde logo, a isto se engadimos un ataque, como se está formulando, ao sector eólico, creo que isto só vai contribuír a seguir agravando esta situación xa desde logo preocupante.

Cítase na moción, criticase, cuestións como que en pleno estado de alarma se estean presentado proxectos de parques eólicos. Eu, a colación desta afirmación que se fai na exposición de motivos da moción, gustaríame dicir que a nosoutros parécenos especialmente grave, incluso inaceptable, que aproveitando o estado de alarma se fagan outras cousas, como pode ser subscribir un acordo, un acordo denominado, ou mal denominado, por unha transición enerxética e xusta, con total oscurantismo e con total opacidade, e que só ten como obxectivo acelerar o peche de, por exemplo, neste caso, a central térmica das Pontes. Si nos parece especialmente grave utilizar este estado de alarma para, con nocturnidade e aleivosía subscribir este documento por un lado polo sector socialista do Goberno do Estado, coa firma da ministra para a Transición Ecolóxica, e coa firma do sector de Unidas Podemos, do Goberno tamén do Estado, neste caso coa firma da Sra. Díaz, casualmente a ministra de Ferrol, da propia comarca, que ten unha especial implicación, ou unha implicación directa, porque estamos falando da comarca de Ferrolterra, e todo isto en moitos casos, en moitos sectores, coñecido a través dos propios medios de comunicación, a pesar de que estamos falando dunha medida que afecta a máis de 700 familias, isto si que nos parece grave. E relaciónoo con isto, porque ao final temos que aproveitar desde o noso Grupo para manifestar o noso desacordo, unha vez máis, con esta

política de desindustrialización, con este ataque permanente á industria galega, que se está mantendo por parte do Goberno de Madrid, térmicas, naval, electrointensivas, e desde logo non nos parece de recibo, e por iso imos votar en contra desta moción, incorporar e sumar a todo estes postos de traballo que xa viñan estando afectados e en perigo, sumar un sector novo como é o sector eólico e, polo tanto, non podemos manifestar máis que o noso voto en contra desta moción. Moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Desculpade, ao desconectarse a rede, perdín unha pequeniña parte da intervención.

Por ter a oportunidade de rematar, e un pouco por dar continuidade tamén á intervención da deputada Martina Aneiros, unha vez máis un pouco indo ao fondo da cuestión da moción, dentro de ver de xeito claro que ese desenvolvemento da industria eólica é unha oportunidade, é unha oportunidade porque dispoñemos do recurso e temos a opción de poder desenvolvelo, o único que realmente hai que tomar en consideración son as fórmulas de garantir o retorno desa actividade cara ao territorio e en beneficio da xente, ben sexa a través de fórmulas de dinamización do emprego, porque sabemos que o emprego que se xera a través da creación dos parques é ou vén vinculado ao que é a propia instalación, pero que logo na fase de mantemento realmente estamos falando de escasísimos postos de traballo. Entón, cando a xente pode ver condicionada a súa actividade ou estilo de vida, se non hai esas fórmulas de retorno que lle devolvan ou ben oportunidades de postos de traballo, ou para desenvolvemento económico dentro das súas contornas, é fácil que se dean situacións como as que estamos vendo, no que a acollida social dea pé a este tipo de rexeitamentos.

Eu creo que para apostar por unha política de desenvolvemento eólico sostible e acorde co territorio, unha vez que os recursos de Galicia se poñen a producir, o lóxico é que isto reverta a nivel social en beneficio de todos e, a ser posible, en desenvolvemento do entorno rural. Máis nada.

Sr. Lema Suárez

Dicía a Sra. Aneiros cal é o noso modelo enerxético, podo devolverlle a pregunta porque os alcaldes das corporacións de Frades e Ordes votaron tamén, exactamente o contido desta moción, entón tal vez o que sucede, Sra. Aneiros, é que cando se está cerca de onde acontecen as cousas, un ten outro punto de vista, xa non é unha discusión en abstracto, como formulan vostedes de maneira demagóxica, se renovables si ou renovables non, senón que modelo é que implantación e que tipo de impacto vai ter porque, insisto, no seu propio Partido, os alcaldes de Ordes ou de Frades manifestáronse a favor do contido desta moción.

Qué modelo enerxético temos?, pois por exemplo un que vaia en contra da privatización, privatización que iniciou o seu Goberno, o Goberno de Aznar, e que dá lugar ao peche, sen ningún tipo de transición, nin ecolóxica, nin social, das centrais térmicas que agora estamos padecendo na nosa comarca. Ou finalmente, tamén estamos en contra das portas xiratorias, estamos en contra da privatización, das portas xiratorias e das intervencións macro que non teñen en conta as comunidades humanas nas que se asenta, e que despois se intentan conciliar con discursos a favor

do rural, pero que carecen realmente de contido. Entón, nós estamos, por suposto a favor das enerxías renovables, pero estamos a favor de que sexan compatibles coas actividades que as preceden, e sobre todo que teñan retorno, retorno económico, retorno social, no lugar onde se van implantar, e non só retorno nas contas de resultados de certas empresas que cotizan en Madrid ou onde cotizan.

E despois, xa lle digo, estamos en contra das privatizacións e en contra das portas xiratorias, e se quere que lle poña nome en concreto a una porta xiratoria que está agora mesmo vinculada co que estamos dicindo aquí, podó dicirlló. A Sra. Beatriz Mato acaba de fichar por Greenalia, que é unha precisamente das operadoras que está agora mesmo interesada en desenvolver parques eólicos. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Leira Piñeiro

Bo día a todos e a todas. Súmome a todas as manifestación de apoio que se fixeron durante a mañá, e eu estou un tanto sorprendido porque eu pertenzo a un concello desa comarca no que se apoiou a filosofía desta moción, porque agora parece ser que o debate se traslada á modalidade de que tipo de parques eólicos temos que ter no noso país, podemos entrar nese debate, pero eu creo que a moción é bastante clara no sentido que di, por un lado, entendo di que "O Pleno da Deputación traslada ao seu apoio á veciñanza da comarca de Ordes, así como á mancomunidade, alcaldes e corporacións municipais, coas súas declaracións institucionais e variadas accións levadas, reclamando que se reforme o Plan sectorial eólico de Galicia e se declare a comarca de Ordes territorio libre de parques eólicos", e un pouquiño antes di que "en absoluto se trata de estar en contra de enerxías renovables, senón que se defende a máxima tan popular que "eólicos si, pero non así".

A min gustárame que nos centráramos neste debate, que foi o que se centrou precisamente a comarca de Ordes e os concellos que pertencemos á comarca de Ordes, que tamén teño que dicir que Tordoia, que tamén é do Partido Popular, votou nese sentido favorablemente. Polo tanto, trasladar o debate ao tipo de modelo de parque do país creo que é outra cuestión ben distinta, aínda que sexa paralela digamos ao que é esta moción. Polo tanto, aquí deixando as cores políticas de todos os concellos que pertencemos á mancomunidade de Ordes, estivemos en contra deste modelo que se trataba de implantar na comarca de Ordes, como ben dicía Martina é certo que en moitos casos, ou a gran maioría, por non dicir a totalidade, xa foron rexeitados por parte da Xunta, é que esa é unha realidade que está aí, vai nesa liña, non se trata agora de falar doutras cuestións de ámbito máis de país.

Polo tanto, eu esta moción, concentrándoa ao que se refire á comarca de Ordes, e as formas de como se querían facer estes parques eólicos na comarca de Ordes que xa a propia Xunta freou, paréceme do máis acertada neste caso.

Sr. García Seoane

Eu non son dubidoso de non defender as novas enerxías renovables, tanto de Oleiros, pero teño que poñer un exemplo, nós estabamos nese plan que no seu día fixou o Goberno e a Comunidade Autónoma, Oleiros estaba metido, e metíanoló no parque natural de Dexo, por que?, porque había unha inmobiliaria de Madrid que

comprara cerca de 70.000 metros cadrados de solo, todo estaba relacionado, e nós opuxémonos rotundamente. E a comarca de Ordes, andei por Galicia moitos anos pateando polos pobos, tocando para os cidadáns, é unha comarca marabillosa, unha comarca rica, neste momento estanse facendo investimentos por todas as potencias do mundo, e estanse facendo investimentos en comprar países enteiros case, Angola, Mozambique, Etiopía, Arxentina, etc., comprando solo para plantar, para colleitar, para gandería, e nós aquí ao revés. Nós o que temos que facer é unhas políticas serias de apoiar ao campo, apoiar o agro, apoiar a gandería, porque temos todos os medios para triunfar, e o que ten que haber é investimento nese tema, e non en política de darlle a unhas empresas determinadas uns espazos para especular con eles anos e anos con dous traballadores que van mirar a ver se funciona a aspa ou non funciona a aspa. Iso non é riqueza para o país, e ademais xa estamos cheos de eólicos, polo tanto, a comarca de Ordes, acertadamente o fixeron xa os alcaldes todos, o que ten que ter é apoio para que haxa traballo, para que haxa futuro, porque o ten todo, pero hai que facer política desde os gobernos autonómicos ou desde Madrid, para eles, e deixarse, xa digo, destas empresas que o único que veñen é a asoballarnos, a campar as súas anchas, a marcar rutas polo medio dos montes, a amargarlle a vida aos veciños, e nada máis. Polo tanto, eu vou votar que si a esta moción.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 14 deputados /as (PP)

Abstéñense: ningún deputado/a

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, aproba a seguinte moción:

"Moción contra os parques eólicos na comarca de Ordes

A comarca de Ordes, zona declarada pola propia Xunta como de “especial interese agrario”¹, leva agora xusto dous anos, desde a primavera do 2018, sendo obxectivo directo de colocación de numerosos parques eólicos promovidos por diferentes grandes empresas, no marco da chamada transición enerxética e do boom da enerxía eólica programado para a era post-peche das centrais térmicas de Meirama e As Pontes.

Desde aquela, son xa máis dunha docena os proxectos de parques eólicos para a zona presentados ante a Xunta ou o Goberno estatal para a súa tramitación. Falamos en concreto dos denominados Parque Eólico da Pobra, Ardemil, Monte Inxerio, Gasalla, Legre, Solpor, Meirama, Encrobas, Xalo, Pico Cedeira, Monte San Bartolomé, Tornado, Orzar e Pedrabante, e de por volta de 100 macromuíños de

¹DECRETO 206/2007, de 25 de outubro, polo que se declaran como zonas de especial interese agrario as comarcas de Ordes, A Terra Chá, A Limia, O Deza e O Baixo Miño.

vento de máis de 200 metros de alto cada un solicitados para a zona.

Os efectos que traería a instalación dos aeroxeradores na poboación, nas actividades socio-económicas da comarca e na paisaxe e a contaminación acústica que ocasionan xerou desde o inicio un importante rexeitamento das veciñas e dos veciños destes concellos, cun territorio maiormente marcado polo seu óptimo aproveitamento rural, agrícola, gandeiro e forestal. Obxectivamente, é razoable dicir que estamos falando de espazos territoriais non axeitados para a instalación de parques eólicos e as infraestruturas paralelas que levan aparelladas. Calcúlase que os proxectos eólicos das multinacionais nesta comarca afectarían a 1.000 postos de traballo e a máis de 500 explotacións gandeiras que hai nesta zona.

A súa afección á poboación sería moi alta, dado que os concellos da comarca de Ordes teñen uns núcleos rurais de asentamento moi diseminados por toda a xeografía, incluíndo tamén vivendas illadas no territorio. Ademais, a esixencia dos 500 metros mínimos de distancia entre eólicos e casas que marca a normativa actual é totalmente insuficiente e unha medida claramente obsoleta, pois cando se fixou os muíños que se instalaban en Galicia eran moito menores que os que agora se están proxectando.

Tendo en conta que a instalación deste tipo de parques eólicos na comarca non só afectaría, como falamos, a nivel socio-económico e do futuro poboacional, senón tamén patrimonial (veríase comprometido o Camiño de Santiago no seu trazado inglés que pasa pola comarca), paisaxístico e medioambiental (LIC río Tambre e espazos Rede Natura, Reserva da Biosfera, etc), as protestas levadas a cabo nos últimos dous anos foron numerosas:

Desde iniciativas veciñais, encabezadas pola plataforma cidadá 'Salvem os Concellos de Ordes. Aire, Auga e Terra limpas', que pasaron por recoller miles de sinaturas entregadas á Xunta en contra destes proxectos, até a presentación de alegacións nas diferentes fases dos proxectos, unha concentración no centro de Ordes, charlas informativas, etc; até a posición clara e pública e rotunda dos alcaldes e das corporacións municipais da comarca en contra dos proxectos eólicos. En efecto, en maio do 2018, a Mancomunidade de Concellos de Ordes, Frades, Oroso e Mesía amosaban o seu posicionamento contra a instalación de parques eólicos no seu territorio e reclamaban que a Xunta eliminase a franxa que incluía a ditos concellos no Plan Sectorial Eólico de Galicia².

A declaración tamén foi abordada e refrendada en plenos municipais dos concellos, a posición até foi visibilizada a través de pancartas colgadas en algunhas das propias casas consistoriais e a finais do 2019, a unión deu un paso máis ao comprometerse xa os sete concellos que integran a comarca (Ordes, Mesía, Frades, Tordoia, Cerceda, Oroso e Trazo) a pechar filas expresando o seu rexeitamento a parques eólicos e novas liñas de alta tensión a través dunha fotografía conxunta de alcaldes e

2Aquí a declaración institucional completa:

<https://www.mancomunidadeordes.gal/noticias/mancomunidade-1798/declaracion-institucional-dos-concellos-de-ordes-oroso-frades-e-mesia-contra-a-instalacion-de-parques-eolicos-no-seu-territorio-28121.html>

portavoces sociais que foi amplamente difundida.



A pesar de todo isto, polo momento, a ameaza eólica sigue sobrevoando a comarca de Ordes e aínda que polo momento ningún parque eólico dos mencionados foi aprobado pola Xunta nin polo Estado, tampouco foron retirados. A situación é preocupante actualmente se temos en conta que algúns dos últimos proxectos de parques eólicos para a comarca foron presentados para a súa tramitación nas últimas semanas aínda, en pleno Estado de alarma pola crise do coronavirus, e algún dos que xa estaban presentados desde hai tempo, saíu a exposición pública nestes últimos días para dar paso ao tempo de alegacións. O forte impacto ambiental que supón a instalación destes parques non se ve compensada, ademais, por un retorno económico proporcional para as comunidades que os albergan, xa que o chamado Canon Eólico galego establece unha cota máxima do 5% dos beneficios producidos, é dicir, 28 millóns para toda Galicia no ano 2017.

O forte impacto ambiental que supón a instalación destes parques non se ve compensada, ademais, por un retorno económico proporcional para as comunidades que os albergan, xa que o chamado Canon Eólico galego establece unha cota máxima do 5% dos beneficios producidos, é dicir, 28 millóns para toda Galicia no ano 2017.

O posicionamento é claro: En absoluto se trata de estar en contra da enerxía renovable, senón que o que se defende é aquela máxima tan popular de 'Eólicos si, pero non así', é dicir, pensemos nunha ordenación do territorio, pensemos en protexer o rural que aínda queda vivo e blindemos comarcas como a de Ordes, onde a colocación deste tipo de infraestrutura traería máis danos que beneficios para o conxunto social.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial da Marea Atlántica propón a este pleno a

adopción dos seguintes acordos:

- O Pleno da Deputación da Coruña traslada todo o seu apoio á veciñanza de Ordes, así como Mancomunidade, aos alcaldes e corporacións municipais na súa reclamación para que se reforme o Plan Sectorial Eólico de Galicia, paralizándo os proxectos actualmente propostos para a comarca de Ordes, e procurando un mellor equilibrio entre o impacto e o retorno desta actividade nos territorios, e atendendo ás demandas expresadas polos colectivos e entidades.

–O Pleno da Deputación da Coruña dará traslado destes acordos á Consellería de Economía, Emprego e Industria, á Consellería de Medio Rural, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, ao propio presidente da Xunta, así como ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, ao Parlamento Galego, ao Congreso dos Deputados e a todos os concellos da comarca de Ordes."

FÓRA DA ORDE DO DÍA

I.Moción conxunta do Grupo Provincial do BNG, Grupo Provincial Socialista , o Grupo Provincial Popular, o Grupo Provincial da Marea Atlántica e o Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños sobre a Derrogación da Lei Montoro

A reforma do art. 135 da Constitución Española, promulgada o 27 de setembro de 2011, establece o marco que determinarían os seguintes anos os férreos límites ao gasto público, o endebedamento e a capacidade de investimento das entidades públicas. Na súa disposición adicional única establecía, entre outras cuestións, que antes do 30 de xuño de 2012 debería estar aprobada a Lei Orgánica á que se fai referencia no citado artigo 135.

A Lei Orgánica de 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, coñecida como Lei Montoro, no seu capítulo II establece tres regras fiscais básicas:

Equilibrio ou superávit estrutural.

Limite á ratio da débeda ao 60% do PIB. (3% as entidades locais).

Regra de gasto. Na que se dispón que o gasto computábel non pode superar a taxa de referencia do crecemento do PIB a medio prazo.

Dos datos que dispomos, a débeda viva dos concellos españois a 31/12/2018 era de 20.952 millóns de euros e a das deputacións de 4.472 millóns. No caso galego a débeda aínda é moito menor; abonda citar que a das catro deputacións non chega aos 22 millóns de euros (21,949 millóns), e a de todos os concellos galegos non chegaba aos 252 millóns (251,488 millóns). Posiblemente a día de hoxe estas cantidades sexan substancialmente máis baixas dado que estes son datos de 2018. Este dato é transcendente, xa que implica que as entidades locais galegas cumpren sobradamente a ratio de débeda sen tan sequera chegar ao 0,5% do PIB.

O superávit dos concellos tense que destinar obrigatoriamente a amortización de débeda, aínda que, de xeito discrecional os orzamentos do estado permitan

anualmente destinalo a investimentos financeiramente sostíbeis, con toda unha serie de condicionantes moi difíciles de cumprir (resulta imposible utilizar as baixas na s adxudicacións, non computa o que non se executa dentro do período computábel...). Polo tanto os concellos foron amortizando débeda e moitos deles teñen débeda cero e non poden destinar o superávit a outros fins.

Son moitos os concellos que se ven obrigados a incumprir a regra de gasto, dada a especificidade dos concellos así como a lexislación específica na materia (LRHL), coas consecuencias no desenvolvemento dos seus orzamentos que isto implica.

Dado que aos concellos imposibilitóuselles, na práctica, a utilización do superávit orzamentario, é necesario que nestes momentos de grave crise se poidan destinar os remanentes orzamentarios de anos anteriores para aqueles fins que se consideren precisos, aínda que isto supoña incumprir a regra de gasto ou incorra en inestabilidade. É hora de rescatar ás persoas e non aos bancos.

Hoxe máis que nunca é necesario derrogar a Lei Orgánica 2/2012 para que dende os concellos e as deputacións se poidan adoptar políticas activas de emprego, solidariedade e reactivación económica, xa que esta Lei é un grave obstáculo nestes momentos nos que o necesario é rescatar ás persoas

Por estes motivos, os asinantes da moción solicitan do Pleno da Deputación Provincial a adopción dos seguinte

ACORDOS

Instar ao Goberno do Estado para que de maneira inmediata se proceda á modificación da Lei de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, Lei Orgánica de 2/2012, de 27 de abril, nesta situación de grave crise para que deste xeito se poidan destinar os recursos dos concellos a políticas activas de emprego, solidariedade e reactivación económica.

Instar á Xunta de Galiza a que mostrar o respaldo ao acordo anterior e a que no marco da Conferencia de Presidentes inste ao Goberno do Estado a que axilice os tramites para facer efectivas as modificacións da Lei de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, Lei Orgánica de 2/2012, de 27 de abril, necesarias para que as Entidades Locais dispoñer destes fondos.

Solicitar ao Goberno do Estado a iniciación dos trámites que sexan precisos para poder levar a cabo a derogación da devandita lei, Lei Órgánica 2/2012, do 27 de abril.

Sr. Presidente

Hai unha moción conxunta de todos os Grupos da Corporación provincial sobre a reclamación da posibilidade do uso dos remanentes ao Ministerio de Facenda. María, se a podes ler en nome de todos e de todas.

Sra. Muíño Filgueira

(Le o texto da moción)

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

" Moción conxunta do Grupo Provincial do BNG, Grupo Provincial Socialista , o Grupo Provincial Popular, o Grupo Provincial da Marea Atlántica e o Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños sobre a Derrogación da Lei Montoro

A reforma do art. 135 da Constitución Española, promulgada o 27 de setembro de 2011, estableceu o marco que determinarían os seguintes anos os férreos límites ao gasto público, o endebedamento e a capacidade de investimento das entidades públicas. Na súa disposición adicional única establecía, entre outras cuestións, que antes do 30 de xuño de 2012 debería estar aprobada a Lei Orgánica á que se fai referencia no citado artigo 135.

A Lei Orgánica de 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, coñecida como Lei Montoro, no seu capítulo II establece tres regras fiscais básicas:

Equilibrio ou superávit estrutural.

Limite á ratio da débeda ao 60% do PIB. (3% as entidades locais).

Regra de gasto. Na que se dispón que o gasto computábel non pode superar a taxa de referencia do crecemento do PIB a medio prazo.

Dos datos que dispomos, a débeda viva dos concellos españois a 31/12/2018 era de 20.952 millóns de euros e a das deputacións de 4.472 millóns. No caso galego a débeda aínda é moito menor; abonda citar que a das catro deputacións non chega aos 22 millóns de euros (21,949 millóns), e a de todos os concellos galegos non chegaba aos 252 millóns (251,488 millóns). Posiblemente a día de hoxe estas cantidades sexan substancialmente máis baixas dado que estes son datos de 2018. Este dato é transcendente, xa que implica que as entidades locais galegas cumpren sobradamente a ratio de débeda sen tan sequera chegar ao 0,5% do PIB.

O superávit dos concellos tense que destinar obrigatoriamente a amortización de débeda, aínda que, de xeito discrecional os orzamentos do estado permitan anualmente destinalo a investimentos financeiramente sostíbeis, con toda unha serie de condicionantes moi difíciles de cumprir (resulta imposible utilizar as baixas na s adxudicacións, non computa o que non se executa dentro do período computábel...). Polo tanto os concellos foron amortizando débeda e moitos deles teñen débeda cero e non poden destinar o superávit a outros fins.

Son moitos os concellos que se ven obrigados a incumprir a regra de gasto, dada a especificidade dos concellos así como a lexislación específica na materia (LRHL), coas consecuencias no desenvolvemento dos seus orzamentos que isto implica.

Dado que aos concellos imposibilitóuselles, na práctica, a utilización do superávit

orxamentario, é necesario que nestes momentos de grave crise se poidan destinar os remanentes orxamentarios de anos anteriores para aqueles fins que se consideren precisos, aínda que isto supoña incumprir a regra de gasto ou incorra en inestabilidade. É hora de rescatar ás persoas e non aos bancos.

Hoxe máis que nunca é necesario derogar a Lei Orgánica 2/2012 para que dende os concellos e as deputacións se poidan adoptar políticas activas de emprego, solidariedade e reactivación económica, xa que esta Lei é un grave obstáculo nestes momentos nos que o necesario é rescatar ás persoas

Por estes motivos, os asinantes da moción solicitan do Pleno da Deputación Provincial a adopción dos seguinte

ACORDOS

Instar ao Goberno do Estado para que de maneira inmediata se proceda á modificación da Lei de Estabilidade orxamentaria e sostibilidade financeira, Lei Orgánica de 2/2012, de 27 de abril, nesta situación de grave crise para que deste xeito se poidan destinar os recursos dos concellos a políticas activas de emprego, solidariedade e reactivación económica.

Instar á Xunta de Galiza a que mostrar o respaldo ao acordo anterior e a que no marco da Conferencia de Presidentes inste ao Goberno do Estado a que axilice os tramites para facer efectivas as modificacións da Lei de Estabilidade orxamentaria e sostibilidade financeira, Lei Orgánica de 2/2012, de 27 de abril, necesarias para que as Entidades Locais dispoñer destes fondos.

Solicitar ao Goberno do Estado a iniciación dos trámites que sexan precisos para poder levar a cabo a derogación da devandita lei, Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril."

Sr. Presidente

Para finalizar, empezamos cun minutos de silencio en recordo de todos aqueles falecidos e falecidas, a min gustaríame finalizar cun aplauso por parte de todos, primeiro para todos aqueles e aquelas que recordabades que demostran que a súa profesión é moi vocacional, todo o que se refire aos que están na primeira liña, é dicir, os sanitarios, bombeiros, garda civil, policía tanto local como nacional, etc., etc., tamén aqueles que nos permiten continuar, transportistas, repartidores, caixeiras, etc., os que limpan as rúas ou que recollen o lixo. Tamén agradecer ao persoal dos concellos e das deputacións que están ao fronte fisicamente e tamén a aqueles que sosteñen o sistema eficientemente teletraballando, porque estamos teletraballando e estamos traballando telefonicamente, traballando telematicamente e incluso telepaticamente, porque eu a verdade é que son, e os que estades aquí todos son vinte e catro horas, eu levántome con Pardellas e déitome con Luis Jaime, enténdaseme ben, pero en calquera caso son vinte e catro horas. Polo tanto, o último aplauso tamén a todos, pero tamén recordar o esforzo de protección civil, dos alcaldes e alcaldesas, concelleiros e concelleiras, que están aí caladamente e que para os que ninguén tampouco pide un aplauso nunca, están ao pé do canón vinte e catro horas aguantando presións, tendo medos, incertezas, sendo a primeira liña de batalla na aplicación das normas que veñen do Estado.

Por tanto, acabamos, moitísimas grazas, grazas secretario por este Pleno histórico, un aplauso a todas elas e todos eles e a todos nós, tamén. Grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:22 horas.